

Culleredo catro anos coas ideas claras

**Escolma do traballo
realizado polo BNG de
Culleredo na lexislatura
2015-2019**

Culleredo catro anos coas ideas claras

A Asemblea Aberta do BNG senta as bases do traballo nesta lexislatura

12 Xuño 2015

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo celebrou este xoves unha nova reunión, na que se rendiron contas tanto da campaña electoral como dos días posteriores, e das conversas mantidas con outras forzas políticas con representación no novo Pleno Municipal, que se constituirá o sábado ás 12.00h.

Na Asemblea realizouse unha análise e valoración da campaña electoral e dos resultados, ratificándose a decisión de non entrar en pactos post-electorais.

Asemade decidiuse desenvolver un traballo baseado nos retos marcados no noso programa electoral, en especial o fomento da apertura e da participación social nos asuntos do Concello e a consecución dunha dotación de servizos públicos acorde coa súa entidade.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O Pleno aproba a redución do soldo do Alcalde proposta polo BNG

30 Xuño 2015

No Pleno de Organización Municipal que tivo lugar onte en Culleredo debatéronse as propostas levadas polo representante do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo, Tono Chouciño. A primeira, que foi aprobada, a que supón asignarlle ao alcalde un soldo proporcional ao máximo que establece a lei, 55.000€ para poboacións de entre 20.000 e 50.000 habitantes.

Así, dados os datos de poboación de Culleredo do INE, o soldo quedou fixado en 51.661€, o que supón unha rebaixa de case 7.000€ respecto ao da anterior lexislatura e de máis de 3.300€ sobre a proposta do PSOE, que era a do máximo legal. Con eses cartos o voceiro nacionalista propuxo a creación dun fondo para Bolsas de Estudo de Ciclos Superiores, traballos de Fin de Grao, Doutorados ou similares, que traten temas referentes e centrados en Culleredo.

Tono Chouciño evitou entrar a discutir o número de adicacións, pois Culleredo, co seu tamaño e a súa complexidade, require unha equipa de goberno adicada a traballar para o Concello, o que o levou a amosar a súa estrañeza porque entre as adicacións propostas non figure a da persoa responsábel da área de Urbanismo, importante en todo Concello e máis aínda en Culleredo, cun PXOM en tramitación, esencial para a planificación e dotación de servizos municipais, e que acumula un retraso inaceptábel.

O representante do BNG-Asembleas Abertas solicitou a continuidade da Comisión Especial do Aeroporto e a creación dunha Comisión Especial sobre a Ría do Burgo, para facer o seguimento do grao de cumprimento dos protocolos anunciados pola Xunta e do estado do seu saneamento, a vista dos contínuos verquidos que provocan peches na actividade marisqueira, sendo ambas peticións rexeitadas, anque pendentés de estudo.

Tono Chouciño amosou a súa falta de confianza, á vista dos precedentes, na eficacia das persoas designadas para os postos de responsabilidade dentro do Goberno Municipal, e manifestou a súa intención e o seu compromiso para desenvolver unha labor de control esixente e nada indulxente.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG exige compromiso orzamentario coa rexeneración definitiva da Ría do Burgo

22 Xullo 2015

O saneamento da Ría do Burgo, que segundo o Plan de Saneamento e a Directiva Marco da Auga tiña que estar resolto no presente ano 2015, segue sen rematar malia a chea de declaracións de intencións feitas dende múltiples estamentos.

Tono Chouciño, representante do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo, solicitou no Pleno Municipal de 29 de xuño a creación dunha Comisión Informativa Especial sobre o Saneamento da Ría, para realizar unha labor de seguimento e control do estado de consecución da rexeneración da Ría dende os puntos de vista medioambiental, produtivo ou de promoción económica, entre outras, e o seu impacto e interese para a poboación do noso Concello, petición que foi rexeitada polo goberno de Julio Sacristán.

Perante o novo anuncio sobre a proximidade dos traballos de dragado, dende o BNG-Asembleas Abertas de Culleredo pensamos que esa Comisión é aínda máis necesaria, polo que vimos de presentar unha moción para o seu debate no Pleno do vindeiro día 30 reiterando a demanda da súa constitución.

Ao mesmo tempo pedimos ao Concello que reclame a inclusión nos orzamentos do Estado e de Galiza para 2016 das partidas precisas para executar os traballos de rexeneración

nese exercizo, así como a publicación dos criterios en que se baseou a elección da alternativa escollida e que se demanden as garantías precisas de seguridade ambiental.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG leva ao Pleno a defensa do sector agrario e gandeiro

27 Xullo 2015

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo presentou unha moción en defensa do sector lácteo, sector que está a atravesar unha profunda crise. Nela demandamos o compromiso cun sector de vital importancia para a economía galega e o apoio do Concello de Culleredo para as súas demandas.

Culleredo, onde nos últimos anos pecharon catro explotacións, constitúe un exemplo do camiño que segue este sector, sen alternativa productiva nen continuidade xeneracional.

Como xeito de levar á práctica ese apoio, Tono Chouciño defenderá no Pleno a modificación da Ordenanza Fiscal nº 5 do Concello de Culleredo, referente ao Imposto sobre construcións, instalacións e obras, que actualmente está establecida no 3,5%, próximo ao máximo do 4% permitido pola lei, para establecer un sistema de bonificacións ás explotacións agrarias e gandeiras.

Neste momento, con esta ausencia de un sistema de bonificacións, paga o mesmo unha obra para a construción dun chalet segunda residencia que a dunha edificación auxiliar nunha explotación gandeira prioritaria.

A finalidade é incentivar, cunha política fiscal propia, un sector que contribúe de xeito indiscutíbel a fixar poboación no rural e á creación de redes empresariais e á xeración de emprego tanto directo coma indirectamente ao seu redor.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG demanda a creación dunha Bolsa para estudos relacionados con Culleredo

29 Xullo 2015

O Pleno de Organización do Concello de Culleredo, que tivo lugar o 29 de xuño, aprobou a proposta do BNG-Asembleas Abertas de reducir o soldo do Alcalde, de 55.000€ anuais a 51.666€.

A proposta incluía empregar os cartos aforrados, 3.334 €, para crear un fondo para bolsas de estudos para traballos universitarios, ou de graos superiores de ciclos formativos, relacionados con Culleredo. Nese momento denegouse a posibilidade de votar esta proposta e por iso se vai someter á decisión do pleno do mes de xullo coa intención de que sexa aprobado e se poña en marcha xa para este curso académico.

Para Tono Chouciño, voceiro nacionalista, "un fondo deste tipo incentivaría o desenvolvemento de traballos de contido cualificado sobre materias e proxectos de interese para o noso Concello, fixando a atención da xente nova, o talento de Culleredo, sobre o noso entorno para pór en práctica os coñecementos adquiridos nos seus estudos"

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O Goberno Municipal non pode asegurar as condicións do subministro de auga potable

3 Agosto 2015

No Pleno Municipal do pasado xoves o representante do BNG-Asembleas Abertas, Tono Chouciño, preguntou pola situación do servizo de abastecemento de auga potable aos veciños e veciñas de Culleredo, sen que o Goberno Municipal fora quen de dar ningún tipo de contestación.

O servizo estivo prestando en precario dende que no pleno celebrado o 26 de xuño de 2014 se prorrogara por un ano, co informe DESFAVORÁBEL da Secretaria Municipal e o "REPARO SUSPENSIVO POR INCUMPLIMENTO DE REQUISITOS ESENCIAIS" da Interventora, o Contrato de Abastecemento de Auga Potable suscrito o 27 de xuño de 1989 coa empresa Gestión y Técnicas del Agua S.A.

Dende entón foron varias as ocasións nas que o Goberno Municipal manifestou estar traballando para elaborar os pregos de contratación.

Esta situación levounos a preguntar no pleno polas condicións se está a prestar actualmente un servizo BÁSICO como é o do abastecemento de auga potable aos veciños e veciñas de Culleredo, pregunta que non tivo resposta por parte do Goberno Municipal.

Dende o BNG-Asembleas Abertas solicitamos a máxima axilidade na resolución do proceso, pois nestas condicións, ademais da obtención de lucro por parte dunha empresa á que non

lle corresponde, a situación sería de total incerteza ante un problema que xurda co suministro da auga.

Solicitamos tamén unha valoración das posibilidades existentes para remunicipalizar o servizo e abaratar as tarifas, na liña do que se está a facer en outros países e cidades europeas.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

O IBI baixará en Culleredo en 2016 a valores de 2011

8 Agosto 2015

O Imposto de Bens Inmóbles (IBI) baixará en Culleredo no ano 2016, para voltar aos niveis de 2011, ao rexeitar o Pleno Municipal a proposta do goberno de Julio Sacristán de aumentar os valores catastrais dos inmóbles.

En palabras de Tono Chouciño, voceiro do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo, "o goberno municipal pretendía aproveitar o remate dun período especial de aumento do tipo impositivo motivado por unha lei de carácter xeral, mantendo ese aumento da presión fiscal sobre os cidadáns, para moitos dos cales aínda non rematou a crise".

A pretensión do grupo municipal do PSOE non só era incongruente cos seus reiterados anuncios de superávit económico no Concello, senón que tamén era incongruente coa moción presentada en xaneiro de 2012 polo Goberno Municipal, daquela formado por PSOE e BNG, na que se demandaba a retirada do incremento do IBI que agora o PSOE pretendía manter.

Dende o BNG-Asembleas Abertas de Culleredo lamentamos o xeito de actuar do goberno municipal, intentando unha subida de impostos encuberta, empregando de paraugas unha das primeiras leis aprobadas polo goberno de Mariano Rajoy, duramente criticada no seu momento, sen dar ningún tipo de explicación á cidadanía, e agardamos un cambio na súa actitude.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG demanda unha solución definitiva aos accesos do Colexio Díaz Pardo

18 Agosto 2015

Os veciños e veciñas de Culleredo levan tempo recibindo noticias do Goberno Municipal sobre a reforma dos accesos ao Colexio Díaz Pardo do Burgo, o retraso do proxecto acumula xa mais dun ano de retraso. Hai que lembrar que este proxecto foi aprobado no pleno de febreiro de 2014, dentro do plan DTC93 cofinanciado pola Deputación.

Máis aló da incapacidade do Goberno de Julio Sacristán por levar adiante os seus propios proxectos e do seu manifesto desinterese por solventar os problemas cotidiáns dos seus veciños e veciñas, que trata de agochar con esa reiteración de anuncios de obras que de eternizan no tempo, para o BNG-Asembleas Abertas de Culleredo esta obra non é máis ca un parche que non solventará os problemas de accesibilidade ao recinto escolar e ás instalacións deportivas colindantes.

Dende o BNG-Asembleas Abertas, como xa lle temos manifestado ao Goberno Municipal na pasada lexislatura, consideramos que a solución pasa por completar o viario municipal, nomeadamente a Rúa Carcabelos para facilitar o acceso dende Ombre e a N-550, e por acometer unha actuación máis ambiciosa no túnel baixo a AP-9, ampliándoo aproveitando as actuacións que se van acometer próximamente na autoestrada.

Así, no último pleno Tono Chouciño, voceiro nacionalista, propuxo ao Goberno Municipal solicitar a AUDASA e ao Ministerio a incorporación dun conxunto de melloras ás que consideramos que está obrigada a concesionaria da autoestrada, pola repercusión da súa actividade no noso Concello, en particular a incorporación de medidas de insonorización, ao paso da AP-9 polos núcleos urbanos de Culleredo, habituais hoxe neste tipo de infraestruturas, e a mellora e ampliación dos pasos inferiores e superiores, que permanecen nas mesmas condicións que cando a se inaugurou a autoestrada, dotándoos de beirarrúas transitábeis.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

A gasoleneira da AP-9: 30 anos sen licenza de actividade

24 Agosto 2015

O representante do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo, Tono Chouciño, preguntou ao goberno municipal pola situación da gasoleneira da autoestrada AP-9 que, segundo confirmou no propio Concello, leva sen licenza de actividade dende a súa apertura.

A situación da gasoleneira reviste especial gravidade, pois trátase dunha actividade cualificada como "nociva, perigosa e contaminante", onde xa se teñen rexistrado verquidos que remataron na Ría do Burgo. Ademais ao non dispoñer de licenza, os usuarios e demais cidadáns non poden saber si as medidas de seguridade, hixiene, saneamento etc... son as que lle corresponden.

O goberno de Julio Sacristán é coñecedor desta situación, polo que se lle preguntou que medidas pensa tomar ante esta situación e quen sería o membro do goberno municipal responsábel en caso de producirse un novo accidente nesas instalacións.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

O picadeiro de Sésamo continúa a súa actividade malia as denuncias veciñais

25 Agosto 2015

A pesar das denuncias o centro continúa a desenvolver as súas actividades sen licenza, polo que Tono Chouciño, voceiro do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo e ante as queixas recibidas dos veciños, preguntou ao goberno municipal polas medidas está a tomar para garantir o cumprimento da normativa nesas instalacións.

O centro está pendente de recibir a autorización de Augas de Galiza, e no seu momento foi precintado, e a pesar do precinto policial segue exercendo a actividade ao pé do río Valiñas, co conseguinte risco ambiental.

Dende o BNG lamentamos a sensación de impunidade que transmite a pasividade do goberno de Julio Sacristán no exercizo do control de actividades nocivas e/ou perigosas, e demandamos saber as medidas tomadas ante o levantamento dun precinto da policía local e as que pensan tomar no futuro para garantir a legalidade vixente e a salubridade da zona.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG reclama melloras na seguridade viaria

31 Agosto 2015

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo ven de presentar, a través das representantes nacionalistas no Congreso, unha emenda aos Orzamentos do Estado para 2016, na que se solicita a mellora da seguridade viaria na estrada N-550 ao seu paso polo noso Concello.

Na parroquia de Rutis a estrada atravesa unha zona completamente urbana, e conta cun gran número de interseccións e de pasos de peóns, que supoñen un perigo pola súa escasa visibilidade.

En Albedro, a crecente actividade do seu polígono industrial e da área comercial, fai preciso tamén unha mellora da vía, cun mantemento escaso, que se limitou a algún rebacheo recente.

FALLOS NA REDE SEMAFÓRICA

O representante nacionalista, Tono Chouciño, preguntou tamén ante o Concello polos continuos fallos nos semáforos de Vilaboa, O Burgo e Fonteculler, facéndose eco das queixas recibidas.

Así, na estrada AC-211, dende O Burgo até Fonteculler, en case todos os cruces regulados por semáforos hai algún que non funciona e mesmo hainos que carecen da linterna completa, polo que se demanda a súa reparación inmediata e establecemento dun mellor protocolo de revisión e mantemento da rede semafórica.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG pide un estudo de viabilidade dunha estación intermodal de mercadorías

4 Setembro 2015

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo presentou unha emenda aos Orzamentos Xerais do Estado para a realización dun estudo de viabilidade dunha estación intermodal de mercadorías na zona de Orro-Uxes, onde conflúen a autovía A-6 e a liña de alta velocidade A Coruña-Vigo.

A zona está nun punto central entre o novo Porto Exterior, os polígonos industriais da Coruña, Culleredo e Arteixo, o Centro Loxístico de Transporte de Ledoño, o aeroporto de Albedro e a autoestrada AP-9, polo que, en palabras de Tono Chouciño, voceiro nacionalista en Culleredo, *permitiría unha comunicación áxil e o aproveitamento de sinerxias entre as distintas áreas industriais e infraestruturas de transporte, contribuindo ao fomento da actividade económica.*

A emenda foi presentada á FETRAM, asociación de profesionais do sector de transporte de mercadorías, cuxo presidente, Fernando Teijeiro, manifestou a súa eprobación o seu interese pola proposta.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

O BNG demanda orzamento para a reparación da Biblioteca da Universidade Laboral

5 Setembro 2015

O BNG presentou unha emenda aos Orzamentos Xerais do Estado para o 2016 demandando orzamento para a reparación da cuberta da Biblioteca da Universidade Laboral, que se atopa pechada dende hai varios anos debido ás filtracións de auga polo mal estado do seu teito.

O teito da Biblioteca está configurado por unha celosía de ferro soldado ás viguetas superiores, unha solución arquitectónica que pola súa rareza está tamén catalogada e protexida.

Os Orzamentos do Estado deben reservar unha porcentaxe das cantidades adicadas ás obras do Ministerio de Fomento para a reparación e conservación de Bens de Interese Cultural, e o BNG-Asembleas Abertas considera que Culleredo, que soporta as servidumes de grandes infraestruturas como o Aeroporto de Albedro, ou a Autoestrada AP-9, merece que se adiquen parte deses fondos á protección e recuperación do seu Patrimonio.

Culleredo ademais é deficitario en dotación de bibliotecas públicas, xa que para 30.000 habitantes só dispón de dúas, pequenas, unha delas pechada dende agosto de 2014, en locais con deficiente habilitación para os seus fins, polo que a Biblioteca da Universidade Laboral podería solventar en parte ese déficit e prestar un importante servizo a toda a poboación do noso Concello.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG demanda a recuperación da Escola Unitaria de Celas e da Reitoral de Castelo

21 Setembro 2015

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo, dentro dun plan de recuperación e protección do patrimonio cultural e etnográfico do noso Concello e para a súa posta en valor como xerador de riqueza e dinamizador da zona rural, demanda do Goberno Municipal emprender os trámites para a recuperación da antiga escola unitaria de Celas e da Rectoral de Castelo.

No caso da Escola Unitaria de Celas, a finalidade é conseguir unhas intalacións para, mediante convenio coa Xunta de Galiza, a creación dun campamento xuvenil dende onde organizar actividades no entorno, como campos de traballo ou campamentos de actividades da natureza.

O BNG demanda tamén a implicación do Concello, prestando apoio e asesoramento xurídico aos veciños e veciñas de Castelo que durante moito tempo veñen demandando a recuperación da Reitoral, para acadar a súa cesión polo Arcebispado, á vista dos precedentes existentes nos que as reitorais construídas, como neste caso, polos propios veciños, foron recuperadas para o uso e disfrute do pobo.

Unha vez recuperadas ambas instalacións, e en colaboración coas entidades e asociacións da zona, constituirían unha infraestrutura única na

comarca que contribuirían a desenvolver o ámbito do Monte Xalo e aproveitar a súa enorme potencialidade como recurso natural, paisaxístico e deportivo, para uso e disfrute de veciños e visitantes.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG demanda a declaración de urxencia para a construción do novo CEIP

23 Setembro 2015

Recentemente apareceron declaracións públicas de representantes da Consellaría de Educación das que se deduce que o novo Colexio de Infantil e Primaria non estará en funcionamento até o curso 2017/2018.

Perante estas informacións o BNG-Asembleas Abertas de Culleredo presentou unha moción, para o seu debate no pleno municipal de mañá xoves 24 de setembro, demandando a declaración de urxencia da construción do novo CEIP e a axilización dos trámites tanto pola Administración autonómica como pola municipal.

A finalidade desta declaración sería conseguir a posta en marcha do centro no curso 2016/2017, e evitar a masificación dos actuais centros, coa consecuente perda de calidade nun servizo e nun dereito fundamental, como é o da Educación.

Estes obxectivos son totalmente factibles de existir vontade por parte dos responsábeis políticos, vontade que entendemos se debería en primeiro plasmar dotando economicamente o proxecto nos orzamentos da Xunta, que actualmente están a comezar coa súa tramitación, tal e como demandou reiteradamente o BNG en anteriores exercizos.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O Pleno aproba por unanimidade demandar a declaración de urxencia da construción do novo CEIP

28 Setembro 2015

O pleno municipal celebrado o pasado xoves en Culleredo aprobou por unanimidade a moción do BNG demandando a declaración da "necesidade inaprazable" por razóns de interese público, da construción do novo Colexio de Educación Infantil e Primaria, para a súa tramitación urxente.

Esta posibilidade está recollida na Lei de Contratos do Sector Público e permitiría reducir os prazos de tramitación de cara a conseguir a posta en funcionamento do Centro no curso 2016/2017.

Segundo declarou o Alcalde no Pleno, a cesión dos terreos xa está feita, e tan só falta a sinatura do convenio coa Xunta de Galiza, para o que están esperando a chamada da administración autonómica, actitude de espera que non se corresponde coa magnitude do problema.

Á vista dos datos demográficos, Culleredo precisa planificar xa outro centro de Infantil e Primaria, pois o novo nace xa insuficiente para a demanda dun dos concellos de maior crecemento e de poboación máis nova da comarca.

Tal e como lembrou o voceiro do BNG- Asembleas Abertas de Culleredo no Pleno Municipal, Tono Chouciño, "*de pouco serven as grandes sumas de cartos adicadas a propaganda para o fomento da natalidade se despois non se*

ofrecen uns servizos públicos básicos dignos aos novos cidadáns", polo que nos próximos orzamentos da Xunta debería constar partida suficiente para a construción do novo centro, sen máis aprazamentos nen dilacións.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

O BNG denuncia o pésimo estado da rede semafórica de Culleredo

17 Outubro 2015

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo denunciou en reiteradas ocasións, ante o Goberno Municipal, o pésimo estado da rede semafórica de Culleredo. En concreto na estrada AC211, que vai da Ponte do Burgo a Fonteculler non hai practicamente un só grupo semafórico que funcione correctamente.

Ante a insistencia do voceiro nacionalista, Tono Chouciño, a única resposta obtida de parte do Goberno Municipal foi a de agocharse detrás das competencias, desviando a responsabilidade cara outras administracións, polo que facemos un chamamento á súa responsabilidade para evitar danos persoais de difícil reparación, e esiximos a pronta reparación dos desperfectos nos semáforos

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG leva a pleno a situación dos centros escolares

26 Outubro 2015

O voceiro do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo, Tono Chouciño, defenderá no vindeiro pleno municipal unha moción na que se demanda dar traslado á Consellaría de Educación das necesidades da comunidade educativa, para dar solución aos problemas máis urxentes, e garantir a calidade dun servizo esencial para a comunidade.

No caso concreto do CEIP Sofía Casanova, solicítase da Consellaría a desafectación do espazo destinado a vivenda do conserxe, para ampliar e mellorar as instalacións destinadas a comedor e cociña.

Na moción expónse a importancia do servizo de comedor escolar, como parte da formación integral dos nenos e nenas, nun marco curricular que inclúe tamén a educación para a saúde, os bos hábitos, a ecoloxía, os tipos de alimentos, a sustentabilidade ou o fomento do comercio de proximidade.

De acordo con estes contidos curriculares, e mesmo como medio para xerar postos de traballo directos e indirectos no entorno máis próximo, o BNG-Asembleas Abertas solicita tamén que se dispoñan os medios precisos para retornar á elaboración das comidas nos propios centros, fronte a un modelo meramente economicista que tende a afastar a súa elaboración cada vez máis.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

A Xunta ignora a necesidade urxente do novo Colexio en Culleredo

29 Outubro 2015

Hai un mes, no Pleno Municipal de setembro, aprobouse por unanimidade, cos votos tamén dos representantes do Partido Popular, unha moción presentada polo BNG-Asembleas Abertas de Culleredo que demandaba da Xunta a declaración de urxencia na construción do novo colexio, para conseguir a súa entrada en funcionamento no curso 2016/2017.

Tras coñecerse estes días o proxecto de orzamentos da Xunta para o vindeiro ano 2016, resulta evidente que o Goberno Galego do PP ignora esta petición, pois divide a partida destinada á súa construción en tres anualidades (2016, 2017 e 2018), co que resulta evidente a súa intención de que o novo CEIP entre en funcionamento no curso 2018/2019.

En palabras de Tono Chouciño, voceiro do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo, esta previsión resulta *"totalmente inaceptábel para calquera persoa que defenda unha educación pública de calidade"*, tendo en conta a saturación existente xa a día de hoxe nos centros educativos de Culleredo, e que a vista dos datos demográficos aínda é susceptible de empeorar.

Ante esta situación, o voceiro nacionalista anunciou que o BNG presentará no Parlamento Galego unha emenda aos orzamentos para dotar convenientemente a construción do novo centro *"como xa fixemos hai un ano, e non nos cansaremos de facer até conseguilo"*.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

O Pleno aproba tres das catro mocións do BNG

31 Outubro 2015

As mocións referentes ao apoio ás demandas das ANPA's para a mellora dos centros escolares, á cesión dos baixos da galescola da Fonte da Balsa á Xunta de Galiza para a ampliación da Escola Infantil, por unanimidade, e a que demandaba a constitución da Área Metropolitana coa salvedade do Grupo Municipal da Marea Veciñal, contaron co apoio do Pleno Municipal de Culleredo.

A primeira delas, que demandaba a desafectación da vivenda do conserxe para ampliar o comedor e a cociña do Sofía Casanova, contou coa intervención, a petición propia, dos representantes da ANPA do centro, que expuxeron as súas necesidades e demandaron o apoio do Pleno Municipal para solventar os problemas e lograr que os nenos e nenas poidan recibir un servizo digno.

Esta é a terceira ocasión en que un colectivo afectado intervén no Pleno Municipal na discusión dunha iniciativa presentada polo BNG-Asembleas Abertas de Culleredo, logo das que realizaron os representantes dos mariscadores e da CIG, dentro do fomento da participación directa cidadá nos asuntos do Concello, que estamos a tentar levar a cabo, onde tamén se encadra a xeira de Encontros Abertos, que o xoves 5 chega a Almeiras, ás 20.00h no Centro Social.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG reclama melloras nas ordenanzas fiscais

8 Novembro 2015

No Pleno Municipal celebrado o xoves 29 de outubro aprobouse introducir distintas bonificacións nas ordenanzas fiscais do Concello de Culleredo.

Malia ser consecuencia dunha iniciativa presentada polo Grupo Municipal do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo no mes de xullo, tal e como recoñeceu Julio Sacristán durante o transcurso do Pleno, non se tivo en conta aos grupos da oposición á hora de formular propostas para esas ordenanzas.

Por este motivo, malia votar en favor das modificacións introducidas, o voceiro nacionalista, Tono Chouciño, manifestou botar a faltar a busca de criterios obxectivos, cuantificábeis e neutros á hora de establecer as bonificacións.

Tono Chouciño demandou a substitución do concepto "familia numerosa" polo de "núcleo familiar de convivencia" ou outro axeitado e verificábel pola Administración a través, por exemplo, do padrón municipal.

Demadou tamén o uso do IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples, publicado anualmente no Boletín Oficial do Estado) per cápita da mesma unidade familiar, á hora de establecer o dereito ou non de acceso ás axudas e bonificacións fiscais nas ordenanzas do Concello de Culleredo.

Volveu reclamar o establecemento de incentivos ao pequeno comercio local e ás explotacións agrarias e gandeiras, coa introdución da figura da "explotación agraria prioritaria", recoñecida na normativa da Xunta de Galiza e nas ordenanzas fiscais doutros Concellos, propostas que o Goberno Municipal manifestou que estudaría para a súa introdución de cara a vindeiros exercizos.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG leva ao Parlamento o mal funcionamento dos comedores escolares

14 Novembro 2015

O BNG rexistrou varias iniciativas no Parlamento Galego nas que se demanda da Consellaría de Educación explicacións da situación dos comedores escolares, e a intervención de Sanidade revisando todos os servizos e elaborando un plan de calidade, así como o retorno á elaboración das comidas nos propios centros, primando produtos galegos de calidade "e non que o caldo viaxe dende Málaga", en palabras de Carme Adán.

O BNG de Culleredo seguirá a traballar para dar cunha solución definitiva ao problema, pois o cambio de concesionaria resolve o mal estado das comidas servidas pero non o problema da falta espazo, que a súa vez impide a educación en valores saudábeis, pois segue sen garantirse a correcta hixiene de mans e de boca antes e despois do xantar, respectivamente.

Dentro dese traballo dende as institucións, o BNG-Asembleas Abertas de Culleredo promoveu unha emenda aos Orzamentos da Xunta de Galiza do 2016, actualmente en trámite, para a mellora das instalacións dos comedores escolares no Sofia Casanova, Díaz Pardo e Ría do Burgo e a dotación de cociñas.

Presentouse tamén unha emenda para a execución do novo CEIP no vindeiro ano 2016, para a súa posta en funcionamento no menor prazo posíbel, e aliviar así a masificación dos centros xa existentes, que é unha das causas dos actuais problemas.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Tono Chouciño tránsdadalle ao goberno provincial demandas veciñais

20 Novembro 2015

O pasado mércores Tono Chouciño, voceiro do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo, foi recibido pola Vicepresidenta da Deputación Provincial (DP3109), Goretti Sanmartín, para transmitirle algunhas das demandas recollidas na xeira de Encontros Abertos que se veñen realizando nas distintas parroquias do Concello.

Tono Chouciño transmitiulle a preocupación dos veciños e veciñas pola situación da estrada da Ermida, que acumula moito retraso nas obras e supón un perigo tanto para as persoas que circulan nos seus vehículos como para os peóns que se ven na obriga de ir pola calzada, sorteando os vehículos e as obras.

Entre as demandas veciñais que se lle trasladaron á representante do BNG na Deputación tamén estiveron as do arranxo das estradas de Orro (DP0510) e de Liñares (DP3104), onde os veciños reclaman a mellora da seguridade vial, principalmente peonil.

Os Encontros veciñais continuarán esta semana. O sábado 21 en Celas, no Local Social da Torre, ás 16.30h.; o martes 24 no Burgo, ás 20.00h no local da Asociación de Veciños O Noso Burgo; e o venres 27 en Vilaboa, no Pazo de Vila Melania, ás 19.30h.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG leva a Pleno a remunicipalización do Servizo de Abastecemento de Auga

24 Novembro 2015

Mañá mércores 25, ás 13.30h., celebrarase Pleno Municipal no Salón de Actos da Casa do Concello en Tarrío, en sesión extraordinaria.

O Grupo Municipal do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo presentou, para o seu debate no mesmo, unha moción demandando a remunicipación do servizo municipal de abastecemento de Auga.

Este servizo foi obxecto dunha prórroga de 12 meses, ilegal segundo os informes da Secretaría e da Intervención municipais, e rematada esta en xuño de 2015, o servizo segue a prestarse por pura inercia, sen ningún tipo de vínculo contractual ou administrativo coñecido coa empresa.

Dende o BNG-Asambleas Abertas de Culleredo temos reclamado en reiteradas ocasións ao Goberno Municipal unha solución a esta situación, pola falta de garantías que conleva para o conxunto dos veciños e veciñas do noso Concello, sen que até o momento se teña feito nada para solucionalo, nin ofrecido ningunha explicación.

En palabras de Tono Chouciño, voceiro nacionalista, *"xa hai un ano nos dixeron que estaban a piques de sacar o Concurso público e aínda seguimos á espera. Despois de 25 anos de contrato, e outro de prórroga, esta non é unha situación que poida coller por sorpresa ao Goberno Municipal, e deberían ter estudadas dende hai tempo as distintas alternativas."*

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

O Goberno Municipal rexeita a remunicipalización da Auga

29 Novembro 2015

O pasado mércores o Pleno Municipal rexeitou comezar os trámites para remunicipalizar o servizo básico de abastecemento de auga potábel, que contou co único voto a favor do concelleiro e voceiro do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo, Tono Chouciño.

Área Metropolitana, e manifesta a vontade de continuar cun modelo que demostrou ser un importante foco de corrupción e tráfico de influencias, como estamos a comprobar cos distintos casos abertos na actualidade (Pokemon, Patos, e outros).

O Goberno Municipal volveu afirmar que se estaba traballando no asunto, e que os pregos de contratación xa estaban listos, ano e medio despois de rematado o contrato.

Tono Chouciño, lembrou que no mes de outubro se aprobara unha proposta, tamén do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo, para o impulso de Área Metropolitana que contemplaba avanzar na mancomunización de servizos básicos, como sería este caso, que deben revertir en beneficio da veciñanza, e non no de megaempresas transnacionais.

O voceiro nacionalista propuxo como posibilidade comezar conversas co Goberno Municipal da Coruña para a entrada do Concello de Culleredo no capital social de EMALCSA, empresa pública que xestiona, entre outros infraestruturas, o embalse de Cecebre e a Estación de Tratamento da Telva, de onde sae practicamente toda a auga que se consume en Culleredo.

Facer agora unha nova concesión a unha empresa privada suporía un obstáculo para, nun futuro próximo, avanzar na constitución da

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG de Culleredo presenta por rexistro as demandas veciñais

14 Decembro 2015

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo presentou por rexistro as demandas veciñais recollidas na xeira de Encontros Abertos que levou a cabo nas últimas semanas, con reunións practicamente en todo o Concello.

Segundo explicou Tono Chouciño, voceiro nacionalista, *"trátase de pór en coñecemento, tanto do Concello como dos restantes grupos municipais e da cidadanía en xeral, as demandas que nos foron transmitidas pola veciñanza e as asociacións coas que falamos, nun proceso que debería ter sido impulsado dende o propio Concello"*.

O Goberno Municipal comprometérase a que un 30% da inversión dos orzamentos ía ser elaborado coas aportacións dos veciños e veciñas, *"e a día de hoxe nin se constituíron os órganos de participación cidadá do Concello, nin se impulsaron, tal e como lle demandamos reiteradamente, asembleas parroquiais, como si foi quen de facer o BNG"*.

Tono Chouciño informou de que unha copia das demandas será exposta públicamente nos taboleiros dos distintos locais sociais do Concello e na páxina web do BNG de Culleredo (www.culleredobng.gal), para a súa consulta e facilitar que os veciños e veciñas poidan seguir expresando as súas necesidades, nun proceso aberto e contínuo.

Lembrou tamén da necesidade de dar continuidade a moitas desas demandas noutras institucións, polo que rematou demandando o voto para Nós-Candidatura Galega, como medio seguro de facer chegar as nosas demandas ao Congreso e o Senado.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG demanda información sobre os terreos da Cross

14 Decembro 2015

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo presentou no Rexistro Municipal unha solicitude de información sobre o estado de descontaminación dos terreos da fábrica da Cros, o importe real da inversión feita e o orzamento previsto para rematar as fases pendentes do proxecto de recuperación.

Culleredo no epicentro da comarca e aproveitando a convocatoria de axudas dos fondos FEDER a Unión Europea, onde este proxecto tería cabida.

Tono Chouciño manifestou a importancia de coñecer estes datos para poder dar utilidade e pór en valor unhas instalacións *"nas que se realizou unha importante inversión de cartos públicos e que agora se están deixando deteriorar ás inclemencias do tempo, sen que ninguén nos diga tan sequera se aínda supoñen un risco para a saúde pública"*.

Neste senso lembrou que en decembro de 2014, o Secretario Xeral Técnico da Consellería de Educación, contestou a preguntas do parlamentario do BNG, Cosme Pombo, que rexeitara o ofrecemento do concello da estrutura e terreo da fábrica da Cros para a construción do novo colexio de Culleredo, debido á súa insuficiente descontaminación."

Para o voceiro nacionalista, as instalacións e os terreos están nun emprazamento privilexiado que as fai idóneas para acoller dotacións sociais e culturais que dean servizo non só aos veciños e veciñas do noso Concello, senón tamén dos concellos limítrofes, situando a

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Concello de Culleredo: participación ás agochadas

18 Decembro 2015

O Goberno Municipal de Culleredo ven de lanzar unha páxina web (www.culleredovivo.es) onde se poden votar propostas feitas polo equipo de goberno, ou mesmo realizar propostas novas, en relación á convocatoria de fondos FEDER da Unión Europea destinados a proxectos de desenvolvemento urbano en Concellos con máis de 20.000 habitantes.

A páxina web activouse a semana pasada e o prazo de presentación de propostas remata o vindeiro luns 21 de decembro, sen que até o de agora se lle dera a difusión que debera, como proba o feito de que a día de hoxe só participaron na enquisa 30 persoas. Deberíanse ter habilitado, ademais, outros medios para facilitar a participación dunha parte da poboación que non ten acceso a internet.

Esta convocatoria podería ser unha excelente oportunidade para o noso Concello, que permitiría levar a cabo actuacións de alcance que superen o meramente municipal, como por exemplo a recuperación dos terreos e as instalacións da antiga Cros para un uso social e cultural.

A actuación do Goberno Municipal parécenos un magnífico exemplo do seu nulo interese en facilitar a participación real dos veciños e veciñas nos asuntos do Concello, limitándose a cumprir formalmente co expediente, cunha falta total de transparencia.

Reclamamos unha rectificación nesta política e animamos aos veciños e veciñas de Culleredo a participar activamente no proceso, apoiando calquera das propostas presentadas ou facendo chegar ao Concello ás súas propias, ben vía web ben vía rexistro municipal.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

O BNG busca apoios para o novo CEIP

21 Decembro 2015

O representante do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo, Tono Chouciño, solicitou na Xunta de Voceiros de pasado venres, o apoio para a aceleración da construción do novo Colexio de Infantil e Primaria.

En concreto, e ante a celebración este martes 22, no Pleno do Parlamento Galego, do debate das emendas aos orzamentos da Xunta para 2016, solicitou a aqueles grupos municipais que contan con representación parlamentaria transmitisen a necesidade de incrementar as partidas previstas para o novo centro, e o apoio á emenda presentada polo BNG solicitando a dotación suficiente de fondos.

Tono Chouciño lembra que os grupos municipais aprobaron por unanimidade no Pleno de setembro a declaración de urxencia na construción do novo colexio, para conseguir a súa entrada en funcionamento no curso 2016/2017".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Importante Pleno Municipal

5 Xaneiro 2016

O vindeiro xoves 7 de xaneiro de 2015, ás 20.30h., está convocado un Pleno de carácter extraordinario que terá lugar na Casa do Concello, en Tarrío.

Entre os puntos a tratar destaca a proposta de resolución do contrato de construción e explotación do Centro Loxístico de Transportes de Culleredo e a proposta de reclamación de indemnización por danos e prexuízos por incumprimentos da concesionaria, Obralar SLU., asunto que pode derivar nunha grande perda patrimonial para o Concello polas reiteradas deficiencias na tramitación do expediente e as omisións do Goberno Municipal no cumprimento das súas obrigas de vixilancia e control.

Debateranse tamén as propostas para a participación do Concello na convocatoria de proxectos a financiar mediante o Programa Operativo FEDER (2014-2020), de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostíbel e Integrado.

Por parte do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo lévanse a debate dúas mocións. A primeira delas refírese ao proceso de contratación do servizo de subministración de auga potábel, longamente anunciado e aínda non iniciado. Solicitamos o establecemento dunha duración máxima de dous anos da concesión, para facilitar o proceso de mancomunización a medio prazo do servizo,

máxime ante as últimas novas referentes á posibilidade de abrir EMALCSA aos concellos da Comarca, tal e como vimos demandando dende o noso grupo municipal.

A segunda das mocións refírese ao número de adicacións exclusivas dos membros do goberno local, á vista da non cobertura das mesmas e da ficción orzamentaria que isto produce.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Retirado o expediente de resolución do CLT de Ledoño

10 Xaneiro 2016

O Pleno Municipal acordou o pasado xoves aprazar a resolución da concesión do Centro Loxístico de Transporte de Ledoño para completar a documentación aportada, e proseguir a resolución pola vía do "incumprimento das obrigas" da empresa, tal e como solicitaron de xeito unánime os representantes de BNG, AV e PP.

Tal necesidade é posta de manifesto polos servizos do Concello (Intervención, Patrimonio, e arquitecto municipal) e mesmo o Consello Consultivo de Galiza di que *"non queda acreditado polo Concello o incumprimento da empresa concesionaria"*. A Secretaria Municipal chega a afirmar nos seus repetidos informes que *"o expediente non se encontra foliado nin rubricado ó marxe en todas as súas follas útiles"* o que deriva en que *"non pode afirmarse que a documentación sexa toda a existente"*.

Tono Chouciño lembrou no Pleno que era o terceiro intento de aprobación deste expediente, que os outros dous caducaran pola ineptitude manifesta do Goberno Municipal, que os leva a presentar por terceira vez o expediente con graves carencias.

A proposta do Goberno Municipal, baseada en que "a empresa incurre en concurso de acreedores", suporía importantes perdas económicas para o Concello, a primeira a de 300.000€ en fianzas e de case 4 millóns en obrigas incumpridas polo concesionario, e

abre a porta a que a empresa reclame indemnizacións millonarias polo tempo que lle resta de concesión.

A estas cantidades habería que sumar as derivadas da necesidade de resolver o problema das escombres creadas na entorna do polígono, que mesmo cegaron camiños tradicionais e que foron motivo de sanción pola Demarcación de Estradas do Estado, que agora pasarían a ser responsabilidade do Concello.

Se non se actúa debidamente poderíase estar a xerar a unha gran débeda que repercutiría nas arcas municipais nun futuro próximo, tal como aconteceu no concello de Miño.

Para Tono Chouciño *"a finalidade do expediente de resolución que trouxo o Goberno Municipal ao Pleno non era solventar o problema do mellor xeito para os intereses do conxunto dos veciños e veciñas de Culleredo, senón salvar a cara dos responsabeis deste desaguisado"*, sendo necesaria unha profunda depuración a todos os niveis desas responsabilidades.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O goberno municipal refúxiase na opacidade

17 Xaneiro 2016

Despois de máis dunha semana da celebración do último Pleno Municipal, onde o alcalde Julio Sacristán se comprometu a completar a información referente ao CLT de Ledoño, esta segue sen ser facilitada aos grupos da oposición.

Dende o BNG, tal e como manifestamos no Pleno, cremos que os defectos do expediente, tal e como estaba formulado, non deixaban outra saída que esta nova declaración de caducidade para proseguir a resolución pola vía do incumprimento das obrigas por parte da empresa, tal e como deixan en evidencia os informes dos técnicos municipais.

Malia todo, parece que non se queiran asumir, por parte do Goberno Municipal e dos seus asesores ningún tipo de responsabilidade, despois de dous anos co expediente enriba da mesa sen que foran quen de resolvelo do mellor xeito para os intereses dos veciños e veciñas de Culleredo.

Mentras a cadea de incompetencias continúa a alongarse, aparecen vinculacións con empresarios relacionados con outros casos, e o Grupo de goberno parece máis interesado en agochar información que en resolver, dunha vez, un problema que lle pode saír moi caro ao noso Concello.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG demanda solucións ao estado das instalacións deportivas recén reformadas

25 Xaneiro 2016

O voceiro do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo, Tono Chouciño, preguntou ao Goberno Municipal polo estado de instalacións deportivas municipais recentemente remodeladas, e que acumulan incidencias na súa conservación, previsiblemente polas présas por inauguralas antes das eleccións.

En concreto, preguntouse polas repetidas inundacións no campo de fútbol de Rutis, onde se instalou herba artificial hai menos dun ano, cun orzamento superior ao medio millón de euros, e xa ao pouco da súa inauguración tivo problemas pola chuvia, fenómeno pouco frecuente no noso país, problemas que a día de hoxe continúan.

No pavillón do colexio Ría do Burgo o recén instalado parquet, no que o Concello gastou 80.000€, sofreu deterioro por mor das canastras inaxeitadas subministradas pola empresa instaladora do pavimento.

En ambos os casos, reclamamos do Goberno Municipal unha pronta e axeitada solución con cargo as garantías a que están obrigadas as empresas constructoras legal e contractualmente.

SORTEO PÚBLICO DAS PRAZAS DA CAMPAÑA DE ESQUÍ

Por outra banda, o BNG-Asembleas Abertas demandou do Goberno Municipal a celebración pública do sorteo das prazas correspondentes a Culleredo dentro da campaña de esquí promovida pola Deputación da Coruña, que finalmente se celebrará no Conservatorio de Música o mércores 27 ás 11.00h.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

O Goberno Municipal fuxe cara adiante

1 Febreiro 2016

O Goberno de Julio Sacristán aprobou o pasado xoves iniciar, por cuarta vez, o expediente de cancelación do contrato do Centro Loxístico de Transportes de Ledoño, pola vía máis prexudicial para o erario municipal, baseándose na entrada da concesionaria en fase de liquidación.

Pretende así eludir as súas responsabilidades no control do cumprimento das obrigas por parte da empresa concesionaria, con numerosas deficiencias dacordo cos informes dos técnicos municipais, escudándose nun informe que non vai máis alá de confirmar que a resolución pola situación concursal da concesionaria é obrigatoria, pero que non pon en dúbida en ningún momento a existencia de outras vías, que evitarían un menoscabo económico para os veciños e veciñas de Culleredo.

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo opúxose rotundamente a esta decisión que, malia votar a maioría dos grupos en contra, saíu adiante cos únicos votos a favor do PSOE grazas á abstención da Marea Veciñal e Ciudadanos, xa que o PSOE non ten a maioría na corporación.

Tono Chouciño, voceiro nacionalista, volveu insistir na necesidade de que o Goberno Municipal complete a documentación do expediente, como poñen de manifesto os informes dos técnicos municipais e do Consello de Contas, e se eviten graves prexuízos económicos ao Concello.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

O BNG denuncia falla de control municipal na execución dos contratos

14 Febreiro 2016

O representante do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo, Tono Chouciño, denunciou a falla de control, por parte do Goberno Municipal, do cumprimento das obrigas contractuais por parte das empresas adxudicatarias.

Puxo como exemplo a retirada dos restos das obras que dende hai máis de 2 meses se están a desenvolver na zona da Avenida de Rutis e da Rúa Tierno Galván, onde se estiveron acumulando entullos nunha parcela lindante cos edificios, que chegou a acadar unha altura considerable, inclumplido as condicións contidas no contrato, e provocando queixas veciñais.

Malia o evidente impacto visual e o risco para a salubridade do entorno, á porta das vivendas e locais comerciais, tan só foi tras a denuncia rexistrada polo representante nacionalista que se conseguiu do Concello que exercera a súa función de control e se procedera a limpar a zona.

Dende o BNG-Asembleas Abertas de Culleredo reclamamos aos responsábeis do Goberno Municipal un maior rigor no exercizo das súas funcións, garantindo o benestar e seguridade dos seus veciños e veciñas.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG leva ao Consello de Contas os procedementos de gasto do Goberno de Culleredo

22 Febreiro 2016

O voceiro do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo, Tono Chouciño, rexistrou o pasado xoves unha solicitude ante o Concello de Contas para que este organismo fiscalice os procedementos de gasto do goberno municipal de Culleredo, como órgano ao que lle corresponde a fiscalización e verificación dos gastos públicos.

Esta solicitude prodúcese trala aprobación polo Goberno Municipal do levantamento dos reparos da Intervención e da Secretaría Municipal, que poñen de manifesto a existencia de numerosas facturas que corresponden á contratación de obras e servizos que infrinxen manifestamente a legalidade.

Entre os feitos denunciados polos órganos de fiscalización municipal está a contratación verbal de obras e servizos, o fraccionamento de contratos para eludir os requisitos de publicidade, ou o pagamento por traballos en instalacións e parcelas de propiedade privada.

A gravidade na reiteración destas prácticas levou a Tono Chouciño a presentar en persoa a solicitude de fiscalización ante o organismo autonómico. Segundo o voceiro nacionalista, "*é preciso por orde no manexo de fondos públicos, máxime cando estamos ante unhas prácticas que nos levan a pensar que o Goberno Municipal actúa como se Culleredo fose a súa finca privada*".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

O BNG demanda a depuración de responsabilidades polo CLT

24 Febreiro 2016

Este xoves 25 de febreiro terá lugar en Tarrío o pleno correspondente ao presente mes. Entre os Dende o BNG-Asembleas Abertas levamos a solicitude de incoación dun procedemento de depuración de responsabilidades polas deficiencias detectadas no expediente do CLT de Ledoño, que poden supor unhas perdas de ao redor de 4 millóns de euros para os veciños e veciñas de Culleredo.

Solicitamos tamén a aclaración das causas que causaron o escape de gas en Acea de Ama, que afectou a numerosas vivendas e instalacións públicas, entre elas o Centro de Saúde que tivo que ser desaloxado e pechado. Entre os interrogantes que restan por aclarar está quen era o "Organismo Colaborador da Administración" encargado de vixilar o estado das instalacións, pois na documentación aportada figura como "non verificábel" a súa inspección, e o prazo para repor o servizo de xeito definitivo e acorde coa lexislación actual.

Por último, demandamos do Concello o establecemento dun servizo de mantemento dos aseos públicos, xa que os actuais portátiles supoñen un custo de máis de 2600 euros ao mes, e contan con reparos da Secretaría e Intervención municipais por estar contratados de xeito manifestamente ilegal, ao marxe do procedemento legalmente establecido.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O Goberno Municipal impide a fiscalización do CLT de Ledoño

27 Febreiro 2016

O voto negativo do PSOE, xunto coa abstención de Ciudadanos e Marea Veciñal, evitou que prosperara unha moción demandando investigar porqué a empresa concesionara puido estar 15 anos sen cumprir o estipulado no contrato, e as responsabilidades nesa falta de control.

De acordo coa valoración dos técnicos municipais a perda patrimonial para o Concello elévase a 3.773.334€.

No pleno do pasado xoves, o voto do grupo municipal do PSOE, unido á abstención de Ciudadanos e Marea Veciñal, impediu a aprobación da moción do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo, onde se demandaba a incoación dun expediente de depuración de responsabilidades pola falta de cumprimento das obrigas da empresa concesionaria do Centro Loxístico de Transporte de Ledoño.

Tanto o PSOE como a MVC xustificaron a súa negativa a apoiar a moción en que actualmente está en trámite un expediente de resolución do contrato baseado na entrada da empresa en fase de liquidación, obviando os seus numerosos incumprimentos do estipulado no contrato de concesión.

Estes incumprimentos atópanse documentados no expediente de resolución e son facilmente constatables, como tamén é doado de constatar que a Comisión de Seguimento da concesión

non cumpriu coa súa función de coidar do seu cumprimento, e a pesar de que o Concello participaba no Consello de Administración do CLT.

Entre eles están a construción dun hotel, áreas deportivas e comerciais, zonas verdes ou o deficiente mantemento xeral do polígono, que deberían revertir no Concello e nunca foron, nos 15 anos de funcionamento, reclamados dende a Administración local, supondo unha perda patrimonial para Culleredo de máis de 3,7 millóns de euros, de acordo coa valoración feita polos técnicos municipais.

En palabras de Tono Chouciño, voceiro nacionalista, "*estes incumprimentos son xa definitivos e están enumerados e acreditados polos técnicos municipais, polo que a negativa a iniciar o expediente só responde á intención do equipo de goberno de esconder o que pasou*".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG denuncia as deficiencias na estrada de Liñares

5 Marzo 2016

O concelleiro do BNG-Asembleas Abertas, Tono Chouciño, denunciou no último pleno o estado no que quedou a estrada de Liñares, dependente da Deputación, tras as últimas obras que se realizaron nela, supostamente de mellora.

O voceiro nacionalista deu traslado as queixas recibidas das veciñas e veciños, que manifestan que tra-lo recente asfaltado queda un desnivel a ambas beiras da estrada que dificulta o tránsito tanto dos peóns como dos vehículos.

Tono Chouciño solicitou que se dera traslado destas queixas á Deputación Provincial, e reclamou máis ambición nos vindeiros proxectos.

"A día de hoxe non comprendemos que nas obras novas non se inclúa a construción de beirarrúas, que salvagarden a seguridade en vías que rexistran un importante tráfico de vehículos"

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG demanda investigar as causas do escape de gas en Acea de Ama

5 Marzo 2016

O Pleno Municipal de Culleredo aprobou por unanimidade a moción do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo na que se reclamaba a investigación das causas que levaron ao escape de gas en Acea de Ama o pasado 8 de xaneiro.

Tono Chouciño manifestou a súa estrañeza porque nos rexistros dos controis de rutina, efectuados pola empresa subministradora, figurase que o control do OCA (Organismo Colaborador da Administración), encargado de certificar que a instalación é segura, era "non verificábel".

O voceiro nacionalista reclamou ademais a reposición do servizo en condicións de seguridade e de acordo co establecido na normativa vixente, rematando coas numerosas incidencias que se están a producir na actualidade nas vivendas da zona.

"Na actualidade o servizo estase a prestar en condicións que non parecen as máis acaídas, cun tubo flexíbel metido a través da rede de sumidoiros até o punto de enganche, o que non parece o máis axeitado nin para a seguridade nin para a calidade do servizo"

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

Desinterese medioambiental do goberno municipal

10 Marzo 2016

O pasado mércores día 9 tiveron lugar no CEIDA (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galiza) unhas xornadas medioambientais que reuniron a importantes expertos en diversas áreas relacionadas con esa temática.

Un dos eixos desas xornadas era a Ría do Burgo, e a súa potencialidade medioambiental, social e pedagóxica, polo que dende o BNG-Asembleas Abertas de Culleredo valorouse a importancia de asistir, acudindo Tono Chouciño na súa representación.

En cambio non acudiu ninguén en representación do Goberno Municipal, malia ter recibido convite e ser a Ría un tema que debiera ser de máxima importancia para o noso Concello, á vista das novidades sobre o proxecto extractivo dos fangos e as incógnitas que ese proceso presenta.

Tono Chouciño amosou a súa sorpresa por esta ausencia, manifestando que *"ponse de manifesto, unha vez máis, o concepto que ten o equipo de goberno de Culleredo meramente como un solar co que facer negocios"*

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG reclama regularizar o contrato de mantemento de aseos públicos

16 Marzo 2016

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo reclamou, no último pleno, a creación dun servizo de mantemento dos aseos públicos do Concello, que actualmente supón un gasto mensual superior aos 2.600€ e conta co reparo da Intervención e da Secretaría municipais xa que non se axusta aos procedementos legais.

A proposta do BNG, aprobada por unanimidade, solicitaba a substitución dos aseos químicos portátiles contratados de xeito ilegal segundo os informes e a creación dun servizo de mantemento municipal, así como a dotación de aseos públicos en parques e espazos ao aire libre onde, pola afluencia de persoas, se determine a súa necesidade.

Contrasta ese gasto ilegal de 2.617€ mensuais coa existencia de aseos públicos pechados no Paseo Marítimo. Preguntado o Goberno Municipal sobre eles, a súa resposta nas Comisións Informativas foi que "*é moi caro mantelos*", pero sen aportar datos sobre o coste dese mantemento.

Tono Chouciño manifestou que "*o que sempre resulta máis caro é abandonar e deixar caer o que temos, unhas infraestruturas que costaron os seus cartos e na actualidade só se empregan como lenzo de pintadas*"

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG demanda unha campaña informativa sobre axudas no Camiño Inglés

18 Marzo 2016

O BNG demanda que o Concello poña en marcha unha campaña para informar ás persoas que potencialmente poden beneficiarse das axudas da Xunta para rehabilitación de vivendas ubicadas no trazado do Camiño Inglés a Santiago, que atravesada distintos lugares das parroquias de Rutis, O Burgo e Almeiras.

O 28 de decembro de 2015 publicouse a Orde da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta pola que se abre o prazo para solicitar a participación en actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas no ámbito da área de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago e se establecen as bases reguladoras das subvencións dese programa.

Dende o BNG-Asembleas Abertas de Culleredo comprobouse como esta convocatoria de axudas é descoñecida por numerosas persoas que potencialmente poderían acollerse a elas, mentres o Concello limitouse a pór uns folletos informativos na entrada da Casa do Concello entre outra moita publicidade variada, folletos facilitados pola Xunta de xeito xenérico, sen que se teña feito ningunha outra acción específica a súa difusión.

Por esta razón Tono Chouciño ven de rexistrar unha solicitude para a realización dunha campaña informativa, cando menos nas parroquias e lugares por onde transcorre o trazado do Camiño Inglés.

"Demandamos que o Concello informe á veciñanza desta convocatoria de axudas á rehabilitación de edificios e vivendas, aclarando as súas dúbidas e facilitándolle no posíbel as xestións, pois consideramos que é unha extraordinaria ocasión para recuperar e pór en valor parte do noso patrimonio e do noso Concello, contribuíndo tamén a mellorar no posíbel as condicións de vida dos nosos veciños e veciñas".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

O BNG demanda a baixada da bandeira da UE en Culleredo

22 Marzo 2016

O concelleiro nacionalista, Tono Chouciño, rexistrou unha solicitude pedindo a baixada da bandeira da Unión Europea dos edificios municipais de Culleredo en repulsa polo pacto entre a UE e Turquía para a expulsión e deportación masiva, en condicións inhumanas, das persoas refuxiadas que escapan á guerra de Siria.

En palabras do voceiro do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo, *"este é un acto simbólico, pero sinala a nosa repulsa clara a esta barbarie humanitaria que se está a cometer con estas persoas, indigna do modelo de Europa que os galegos e galegas queremos construír, e a un acordo que é contrario a toda a lexislación internacional de dereitos humanos e asilo, coma a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, a Convención de Xenebra ou a dos Dereitos do Neno.*

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG exige igualdade de dereitos para todos os veciños e veciñas

24 Marzo 2016

O pasado venres 18 o voceiro nacionalista, Tono Chouciño, rexistrou unha demanda para a realización por parte do Concello dunha campaña informativa sobre as axudas da Xunta de Galiza á rehabilitación de edificios e vivendas nos Camiños de Santiago, que en Culleredo poderían beneficiar a aquelas que se atopen no trazado do Camiño Inglés.

Ao día seguinte o PSOE anuncia que se celebrou unha charla informativa sobre esas axudas á que terían asistido "*o Alcalde de Culleredo, Julio Sacristán, e o 1º Tenente de alcalde, José Ramón Rioboo*" con "*veciños e veciñas das parroquias polas que transcorre o Camiño de Santiago para informais, con técnicos da Xunta*".

Dende o BNG-Asembleas Abertas de Culleredo mostramos a nosa estrañeza pola falta de calquera tipo de anuncio previo sobre a celebración desa sesión informativa, e que a primeira noticia dela sexa por medio dunha conta partidista. Máis aínda: resúltanos rechamante que, sen ningún tipo de publicidade, houbera veciños e veciñas que soubesen da charla e asistisen a ela.

Dende o BNG exiximos se respecte o dereito de todos os veciños e veciñas a acceder á información e contar co apoio do Concello todos e todas por igual, rematando cos amiguismos e con estas prácticas que nos retrotraen aos escuros tempos do caciquismo

máis recalcitrante, ao tempo que reiteramos a petición de realizar unhas sesións informativas sobre estas axudas, debidamente anunciadas e ás que todas as persoas que poidan estar interesadas teñan a oportunidade de asistir.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

CLT de Ledoño: pagar e calar

3 Abril 2016

No pleno do pasado xoves o Goberno Municipal conseguiu aprobar a rescisión do contrato de construción e xestión do Centro Loxístico de Transportes de Ledoño pola vía da entrada na fase de liquidación do concurso de acredores da empresa adxudicataria (Obralar SL).

Esta aprobación supón, en primeiro lugar, que o Concello deberá devolver á empresa os 300.000 euros da fianza, como se tivese cumprido con todas as súas obrigas, cando non e así a todas luces, tal e como está recollido no expediente elaborado polo técnicos municipais, que enumera os numerosos incumprimentos que puideron detectar durante as súas inspeccións.

A maiores da fianza, neses informes tamén se cuantifica economicamente eses incumprimentos na nada desdeñábel cifra de 3.773.334€, que co modo de resolución aprobado no Pleno, serán xa de difícil recuperación, polo que contou coa oposición do concelleiro nacionalista, Tono Chouciño, o único que votou en contra da proposta do Goberno Municipal.

En opinión do representante nacionalista, con esta resolución "*trátase de botar terra sobre os graves incumprimentos que encerra todo o proceso, dende a xénese mesma do CLT, que dacordo cos informes poderían provocar incluso a devolución dos terreos aos antigos propietarios*".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Nulo control na execución das obras municipais

5 Abril 2016

Dende o BNG-Asembleas Abertas de Culleredo véñense denunciando reiteradamente, ante os correspondentes órganos municipais, os incumprimentos da normativa vixente nas obras que se están a desenvolver no entorno da Avenida de Rutis e da Rúa Tierno Galván, que supoñen en risco para a salubridade do entorno.

A última destas denuncias foi o pasado luns pola mañá, ante a Policía Local, o que motivou que durante a tarde do mesmo luns e a mañá do martes puidesemos ver traballando na retirada do entullo acumulado dúas palas e cando menos tres camións que, no seu frenesí, derribaron algún dos sinais de tráfico da zona durante as súas maniobras.

Precisamente nos últimos días foi noticia a visita do concelleiro responsábel da Policía Local e de Obras, anunciada a bombo e platillo dende o Concello, e que trouxo consigo a colocación dunhas rechamantes vallas, mais non a corrección das numerosas deficiencias.

Para Tono Chouciño *"é lamentábel que o goberno actúe só a través das denuncias da oposición ou da veciñanza, máxime cando, neste caso, é unha obra promovida polo propio Concello, que conta cunhas rigurosas ordenanzas que parece que se aplican segundo as circunstancias"*, *"se isto acontece con cousas que están á vista de calquera, que pasará co que non se ve"*, engadiu.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

O BNG demanda a constitución do Consello Sectorial de Educación

8 Abril 2016

Logo das demoras na construción do novo IES e do Colexio, do que aínda non comezaron as obras, dos problemas dos comedores escolares, da demora para dotar cunha liña eléctrica acorde coas súas necesidades ao Colexio de Tarrío, asistimos agora a un baile de datos sobre a oferta educativa dos diferentes centros para o vindeiro curso, nomeadamente na etapa de Bacharelato.

A propia Consellaría de Educación fala de "falta de definición do mapa educativo no Concello de Culleredo", que está a xerar unha total incerteza na totalidade da comunidade educativa.

Ante este acúmulo de feitos e a pasividade do Goberno Municipal á hora facerlles fronte, o BNG-Asembleas Abertas rexistrou unha petición o pasado 22 de marzo para a constitución inmediata do Consello Sectorial de Educación, e que despois de 9 meses da súa aprobación, segue sen ser convocado.

Para Tono Chouciño *"é unha total falta de respecto á cidadanía de Culleredo que o Consello Sectorial de Educación siga sen estar constituído case un ano despois de ser creado por decisión plenaria, mentres o Goberno Municipal convoca ás asociacións ás agochadas para falarlles das marabillas duns Consellos que se nega a convocar"*.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG demanda o aumento da dotación sanitaria en Culleredo

9 Abril 2016

Culleredo leva tempo a sofrer un importante déficit na súa dotación sanitaria, tanto de recursos humanos como materiais, cos seus centros de saúde e consultorios sobrepasados pola demanda, cuns cupos médicos que sobrepasan na súa maioría os 1600 usuarios, chegando nalgún caso aos 1800, cando o ideal, recollido no Plan de Mellora do ano 2007, era de 1250 usuarios por profesional.

Ese mesmo sobredimensionamento padécese nos restantes servizos sanitarios, agravado pola deficiente, en moitos casos nula, cobertura das ausencias do persoal nas súas vacacións, permisos ou baixas por enfermidade.

Para solventar esta situación en febreiro 2009 cedeuse ao Sergas unha parcela para a construción dun novo centro de saúde no Portádego, que acumula máis de 7 anos de retraso e previsibelmente entrará en funcionamento este mesmo ano, pero que, dacordo coas noticias recibidas da Consellería de Sanidade, non suporá un aumento da dotación do persoal, pois a súa intención é redistribuír aos profesionais que actualmente traballan no Centro de Acea de Ama.

Por este motivo o BNG-Asembleas Abertas de Culleredo ven de solicitar ao Goberno Municipal a convocatoria dunha Comisión para estudar as melloras necesarias na dotación de persoal e na carteira de servizos, e darlle traslado ao Sergas das demandas de Culleredo.

Segundo Tono Chouciño, voceiro nacionalista, *"hai que ter en conta a proximidade do novo centro a barrios da Coruña que actualmente teñen que desprazarse a Matogrande ou outros centros da cidade, e poderán acudir libremente ao do Portádego, polo que non nos podemos conformar cunha "redistribución" dos profesionais existentes, que sería, como di o dito, desvestir un santo para vestir outro."*

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

Constituídos os primeiros Consellos Sectoriais de participación

17 Abril 2016

Esta semana tiveron lugar as sesións constitutivas dos Consellos Sectoriais de Educación e Benestar, 9 meses despois da súa creación en Pleno Municipal, e logo da petición rexistrada polo representante do BNG- Asembleas Abertas, Tono Chouciño, á vista da gravidade dos problemas que se acumulan en ambas áreas.

O representante nacionalista destacou a elevada participación dos representantes veciñais nestas primeiras xornadas, onde xa xurdiron algunhas das cuestións que preocupan e afectan a gran parte dos nosos veciños e veciñas, como son a dotación sanitaria e educativa ou as deficiencias no transporte público no noso Concello.

A nota negativa, o descoñecemento do funcionamento dos Consellos de participación por parte dos propios representates do Goberno Municipal, cando a súa regulación foi elaborada por este Goberno e aprobada a principios desta lexislatura, e as significativas ausencias de representantes dalgúns dos grupos da oposición.

Malia isto, Tono Chouciño destacou que foron unhas reunións *"moi construtivas, un bo comezo, saín coa sensación de que en Culleredo tamén é posible facer política participativa e positiva, para a xente e coa xente"*.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG apoia as demandas do Consello Escolar

20 Abril 2016

O pasado 29 de marzo o Consello Escolar Municipal, órgano colexiado de carácter consultivo constituído por representantes de todos os sectores da comunidade educativa, acordou por unanimidade solicitar a elaboración e publicación do Mapa Educativo de Culleredo.

Esta decisión basease na carencia dunha previsión a medio e longo prazo do tipo de estudos que se han de desenvolver nos distintos centros do noso Concello, que está na orixe, segundo Tono Chouciño, "*dos continuos cambios en función do que se lle ocorre ao responsábel de turno, que provocan confusión sobre as etapas de ESO e Bacharelato e carencias na planificación para a correcta atención do alumnado de Culleredo*".

O voceiro nacionalista expresou o apoio do BNG ás demandas de ampliación da oferta educativa en FP, ciclos medios e superiores, Bacharelato e estudos para adultos, así como o aproveitamento axeitado das instalacións do IES Universiade Laboral.

Tono Chouciño lembrou que a semana pasada se constituíu o Consello Sectorial de Educación, a demanda do BNG, órgano onde ademais da comunidade escolar están representadas as entidades veciñais, e nel acordouse formar un grupo de traballo para

avanzar no estudo e elaboración destas demandas de cara á súa incorporación aos orzamentos do ano 2017, "*nos que as distintas administracións comezarán a traballar en breve, de aí a urxencia da súa convocatoria*".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG celebra os avances na comarcalización de servizos

26 Abril 2016

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo celebra os avances que parece se produciron esta semana no proceso de comarcalización dos servizos básicos, sempre co obxectivo final de poder ofrecer aos veciños e veciñas un servizo mellor reducindo os costes.

Tal e como afirmou o seu voceiro, Tono Chouciño, no caso concreto do servizo de subministro de auga potábel o BNG foi pioneiro en demandar a súa comarcalización, sen que o Goberno Municipal, despois de afirmar en xullo de 2014 que levaba máis de 6 meses traballando na súa contratación, fora capaz aínda hoxe de regularizar a prestación deste servizo, que se está a realizar dun xeito cando menos dubidoso dende o punto de vista legal.

As últimas propostas do grupo de goberno veñen darnos a razón, reducindo cada vez máis o prazo da concesión da xestión deste servizo básico coa idea de que nun futuro non moi lonxano sexa prestado de xeito coordinado coa comarca.

Tono Chouciño manifestou a súa vontade de seguir a facer achegas que contribúan a mellorar os servizos públicos do noso Concello, *"e situalo no lugar que realmente se merecen os nosos veciños e veciñas, evitando pesadas lousas que o lastren o día de mañá"*.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG demanda solución aos problemas coa tarxeta de bus metropolitana

29 Abril 2016

Esta semana volveron producirse incidencias no funcionamento das tarxetas prepago do bus metropolitano, que provocou que persoas usuarias deste servizo non se puideran beneficiar do correspondente desconto, que deixa o billete en 0,85€, tendo que pagar 1,50€ ou quedar en terra en caso de non dispor desa cantidade en efectivo.

Tono Chouciño demandou no Pleno Municipal a mediación do goberno municipal na defensa dos seus veciños e veciñas, ante os prexuízos que esta situación lles causa aos usuarios do transporte público, e a reiteración dos fallos.

Lamentablemente a única constestación obtida do Alcalde de Culleredo, Sr. Julio Sacristán, foi que os prexudicados podían reclamar a diferenza do billete no despacho da compañía na Estación de Autobuses da Coruña.

Ante esta situación, dende o BNG-Asembleas Abertas de Culleredo vémonos na obriga de demandar do Goberno Municipal que actúe na defensa dos seus veciños e veciñas, e que se "*exixa da Xunta de Galiza unha solución definitiva a un sistema que nunca funcionou correctamente*", manifestou Tono Chouciño.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Graves deficiencias na Polideportiva Ría do Burgo

30 Abril 2016

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo reclama unha solución aos problemas de seguridade que ven presentando de xeito continuo a polideportiva Ría do Burgo, e polas que o seu voceiro no Concello ten reclamado en numerosas ocasións.

Varias desas reclamacións foron sobre as canastras con que estaba dotada, que non son aptas para a práctica segura do baloncesto polos rapaces e rapazas que empregan a cancha cos seus clubs e colexios, e mesmo tiñan un sistema de desprazamento que deterioraba a superficie de xogo, malia ter sido mercadas ao mesmo proveedor que o parquet.

O último incidente tivo como resultado unha rotura severa dun nocello nun cativo, e foi causado polas canastras de minibasquet, que invaden a área de xogo, e que xa anteriormente causaran outros accidentes, de menor gravidade.

Tono Chouciño reclamou unha maior interlocución cos clubs e as persoas que levan os adestramentos, que son as coñecedoras de primeira man das carencias das instalacións.

Lamentou tamén que a súa insistencia non tivese sido abonda para que os responsábeis municipais adoptasen unha solución segura con anterioridade, "este accidente confírmanos

que a existencia do perigo era real e merecía ter sido tratado cunha seriedade para a que os nosos responsábeis municipais, lamentablemente, non están preparados".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG pide a rexeneración ambiental das canteiras usadas na ampliación do aeroporto

6 Maio 2016

O voceiro do BNG-Asembleas Abertas, Tono Chouciño, reclamou no último pleno a rexeneración ambiental das parcelas, colindantes á Rúa Cruz do Monte, nas proximidades do punto limpo, empregadas para a extracción de material destinado ao recheo da ampliación da pista de Albedro.

Lembrou a plantación de árbores que recentemente se realizou nos xardíns públicos pola empresa encargada das obras de ampliación, a UTE Alvedro, para compensar os 37.873 m² de masa arbórea perdida e tamén os titulares que insinuaban que con esta actuación a empresa "despedíase" de Culleredo, coma se as responsabilidades ambientais rematasen aí, mentras eses terreos continúan en estado de total abandono.

A restauración e integración paisaxística das zonas de préstamo era unha das obrigas impostas para a autorización do proxecto de ampliación do aeroporto e que tamén está recollida na lexislación actual, polo que Tono Chouciño pediu ao Goberno Municipal que exixa o cumprimento da normativa vixente á empresa e aos organismos responsábeis.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG denuncia a Julio Sacristán por vulneración de dereitos fundamentais

7 Maio 2016

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo presentou denuncia ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo por vulneración dos dereitos fundamentais por parte do Goberno Municipal, ao non incluír reiteradamente na orde do día dos plenos unha petición de comparecencia do Alcalde, Julio Sacristán, para dar explicacións pola súa condena penal por ameazas a un Policía Local para que modificase un informe realizado por outro membro da Policía Local.

Segundo explica Tono Chouciño, voceiro nacionalista, a solicitude presentouse até en tres ocasións, nos meses de xaneiro, febreiro e marzo, sen que fose atendida polo Goberno Municipal. De ser aprobada polo Pleno, a comparecenza tería lugar no seguinte, dador do Regulamento Orgánico Municipal.

A negativa á inclusión da petición na Orde do Día do Pleno impide polo tanto o exercizo efectivo dunha das funcións dos grupos políticos da oposición, como é a fiscalización e o control da acción do Goberno, vulnerando o artigo 23 da Constitución, tal e como recollen e recoñecen diversas sentencias xudiciais.

Para Tono Chouciño "*sen entrar nas explicacións que Julio Sacristán queira ou non dar ante o Pleno, a negativa reiterada a tramitar tan sequera a solicitude deixa ver ben ás claras o concepto que teñen do Concello como a súa finca privada, onde non teñen que dar explicacións por nada*".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG demanda a constitución do Consello Sectorial de Seguridade

12 Maio 2016

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo demandou no último pleno ao Goberno Municipal a convocatoria dos Consellos Sectoriais que restan, o de Seguridade e o de Urbanismo, Medio Ambiente e Promoción Económica.

O voceiro nacionalista fixo fincapé na urxencia da constitución do Consello Sectorial de Seguridade, dado a última vaga de roubos en fogares e negocios que estamos a sufrir no noso Concello, tanto en vivendas particulares coma en establecementos comerciais, que está a xerar unha preocupación crecente nos nosos veciños e veciñas, como poñen de manifesto as distintas reclamacións que nos están a chegar relacionadas con esta cuestión.

Tono Chouciño, lembrou tamén que a constitución deses dous Consellos é precisa para proceder á do Consello Xeral de Participación Cidadá, no que correspondería elaborar as propostas para o 30% do investimento a incorporar nos orzamentos de 2016, tal e como se aprobou en acordo plenario en xullo de 2015.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG pide información sobre a tramitación do PXOM

14 Maio 2016

O voceiro do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo volveu preguntar, no último pleno municipal, polo estado de tramitación no que se atopa o novo PXOM, do que seguimos sen noticias dende a súa exposición pública a comezos de 2013, hai xa máis de 3 anos.

correspondentes rexistros de entrada e saída, pois estamos ante unha demora que sobrepasa todo o razoábel."

En concreto, Tono Chouciño preguntou a Alcalde Julio Sacristán pola súa afirmación reiterada de que estaban á espera do informe preceptivo da Dirección Xeral de Aviación Civil.

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo ten constancia dunha resposta desa Dirección Xeral, con data 2 de marzo deste ano, onde se afirma textualmente: *"esta Dirección General no tiene pendiente de emitir actualmente ningún informe, en tanto el Ayuntamiento no solicite uno nuevo"*.

Tense tamén constancia de que con posterioridade a esta resposta Monteoliva Arquitectura S.L.P., empresa redactora do PXOM, entregou ao Concello documentación elaborada para tamitar solicitude de informe do PXOM ante a Dirección Xeral de Aviación Civil.

Ante esta situación Tono Chouciño exige do Goberno Municipal *"aclarar as datas nas que se tramitaron as correspondentes solicitudes de informes preceptivos, amosando os*

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

O BNG leva á fiscalía as prórrogas do contrato da auga

25 Maio 2016

O voceiro do BNG-Asembleas Abertas, Tono Chouciño, presentou escrito ante a Fiscalía coas irregularidades detectadas nas prórrogas do Contrato de Abastecemento de Auga Potábel en Culleredo, dende que foi prorrogado en xuño de 2014 polo goberno local en contra dos informes da Intervención e da Secretaría municipais por non axustarse á legalidade.

Tono Chouciño lembrou que na actualidade o servizo leva a prestarse case un ano sen contrato, unha vez rematada esa prórroga, e que Pleno aprobou o prego da nova contratación cos votos a favor tan só do grupo de goberno, votando o BNG en contra porque, malia á introdución de importantes melloras nos mesmos, aínda sen chegar á remunicipalización que demandaba o BNG, segue sen estar claro que as cláusulas económicas, aínda cumprindo os requisitos legais, sexan as máis beneficiosas posíbeis para as nosas veciñas e veciños.

O voceiro nacionalista lamentou co xeito de actuar ao que está acostumbrado o Goberno Municipal, "*despois de tantos anos no goberno parécelles que teñen carta branca para facer e desfacer ao seu antollo, sen importar os límites legais e sen que existan uns veciños e veciñas para os que traballan e a quen deben un respecto e unhas explicacións*", e reiterou o seu compromiso coa depuración de responsabilidades en casos de mala xestión municipal.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG demanda a creación dun Servizo de Vixilancia e Protección Urbanística

27 Maio 2016

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo demanda do Goberno Municipal a creación dun Servizo de Vixilancia e Protección Urbanística, ferramenta esencial e habitual en concellos do noso mesmo tamaño, que unifique as competencias que actualmente se encontran dispersas polos diferentes departamentos municipais causando un evidente descontrol que a medio e longo prazo repercute negativamente tanto nos nosos veciños e veciñas como no propio Concello.

O Concello de Culleredo non pode limitarse a actuar só a instancias das denuncias veciñais, como se está a ver na actualidade en Sésamo, coa antena da telefonía e o picadeiro, na Zapateira, coas obras do Casino, ou en Fontemaior, con reparcelacións en terreo rústico, asumindo nalgún caso o papel de avogado defensor dos infractores, chegando a coaccionar aos funcionarios para que modifiquen os seus informes, o que leva a pensar se hai algún interese na actual falta de control.

Para Tono Chouciño o descontrol actual non só afecta a Urbanismo, senón que tamén se estende a outras áreas, e puxo como exemplo as obras realizadas no entorno de Tierno Galván "*con tres departamentos implicados, os tres baixo a dirección do mesmo responsábel político, e onde só se actuou a remolque das denuncias do BNG*".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Balance dun ano en Culleredo

5 Xuño 2016

Estes días cumprese un ano das últimas eleccións municipais, ás que o BNG se presentou cunha lista renovada, con gran número de independentes nos primeiros postos e coa máxima de democratizar e abrir as estruturas do Concello aos seus veciños e veciñas, para que coñeceran o seu funcionamento e tomaran parte das decisións.

Aínda que os resultados a curto prazo foron malos, obtendo un só representante, un ano despois pódese dicir que o BNG de Culleredo acertou de cheo ao apostar, fronte a outras opcións que o fixeron por persoas habituais e cunha longa experiencia no Concello ou nas súas cercanías, por Tono Chouciño, alguén sen militancia política que se achegou ao proxecto das Asembleas Abertas dende a indignación e o convencimento de que é preciso un cambio profundo.

Para Tono Chouciño o máis negativo foi o nivel de degradación que se percebe e que se translada aos cidadáns en xeito de ineficacia e de improvisación constante, *"despois de 33 anos no goberno, o PSOE estaba acostumbrado a barrer para debaixo da alfombra, pero a alfombra xa non dá para tapar máis"*.

Do positivo apunta o contacto directo cos veciños e veciñas *"a xeira de Asembleas Abertas que realizamos polas parroquias e os contactos e reunións coas distintas asociacións de Culleredo permitíronnos coñecer moitos dos seus problemas e traballar na súa solución"*.

Pon como exemplo as carencias de alcantarillado en zonas do rural, o asfaltado do camiño de Orro á Zapateira, ou a creación dunha cobertura no parque de Ledoño, para os que se destinaron partidas económicas despois da recollida das demandas veciñais polo BNG e o seu traslado ao Concello. *"Son só uns exemplos, e son consciente de que aínda queda moito por facer, pero nos dan azos para seguir avanzando neste camiño."*

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O PSOE tenta amedrentar xudicialmente a Tono Chouciño

11 Xuño 2016

O voceiro do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo, Tono Chouciño, ven de recibir unha comunicación do Xulgado na que se lle informa da demanda interposta contra a súa persoa por Diego Taibo, concelleiro delegado de Urbanismo do Concello de Culleredo.

O motivo da demanda é que o concelleiro do PSOE se dá por aludido ante unha nova anterior onde se afirmaba que o Concello parecía asumir o "*papel de avogado defensor dos infractores, chegando a coaccionar aos funcionarios para que modifiquen os seus informes*", e demanda por elo unha indemnización de 3.000 euros por atentado contra o seu honor.

O Sr concelleiro non ten porque darse por aludido pois é público e notorio que non foi el o acusado e condeado por ameazas a un funcionario municipal, aínda que é certo que non se considerou probado o delicto de coaccións.

Nese caso está denunciada polo demandante a desaparición de rexistros oficiais que se tiñan solicitado como elementos probatorios en tempo e forma, e que non foron aportados polos responsábeis municipais da súa custodia.

Lamentamos pois, a confusión do Sr Concelleiro, e lamentamos tamén as molestias que lle poida ter causado, pois a día de hoxe

non temos probas que poidan sosteñer ningún tipo de acusación xudicial contra el, carecendo de toda lóxica que esa frase se refira á súa persoa.

En todo caso quedáanos a impresión da intencionalidade intimidatoria do PSOE para amedrentar ao concelleiro do BNG-Asembleas Abertas, Tono Chouciño, e que este abandone o seu rigor na labor que está a desenvolver dende a oposición.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

Campana informativa do BNG sobre os fallos nas tarxetas de transporte

18 Xuño 2016

Dende o BNG-Asembleas Abertas de Culleredo iniciamos unha campaña para coñecer o grao de satisfacción das persoas usuarias da Tarxeta de Transporte Metropolitano co seu funcionamento. Para isto comezouse a distribuir unha enquisa entre as persoas usuarias do transporte, tanto en papel como en internet, accesíbel cun código QR que se colocará nas paradas ou nas súas proximidades.

A iniciativa xorde despois dos últimos fallos detectados no seu funcionamento, que acabaron coa denuncia da empresa concesionaria a unha pasaxeira que se negou a pagar despois de repetidos erros no funcionamento da tarxeta, chegándolle a cobrar varias veces a mesma viaxe, e que diante da pregunta do voceiro do BNG, Tono Chouciño, o Alcalde dese como única solución que se reclamase nas oficinas da empresa.

Tono Chouciño anima a participar, para ter unha imaxe o máis precisa posíbel da magnitude do problema, ao tempo que manifesta a necesidade dunha maior implicación do Concello no control dun servizo público básico e no apoio ás persoas prexudicadas polo seu mal funcionamento, "*o Goberno Municipal non pode limitarse a derivalas a outra ventanilla, ten a obriga de darlles o seu apoio e facilitarlles a tramitación das queixas e reclamacións, para iso ten, entre outras cousas, un departamento de Consumo*".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG emprende unha campaña informativa sobre os desbroces

21 Xuño 2016

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo comezou unha nova campaña informativa polas distintas parroquias de Culleredo, esta vez sobre os traballos de desbroce nos viais de titularidade municipal, que este ano están aínda comezando a realizarse, acumulando un grande retraso, tal e como se denunciou no pleno de maio, debido ao estado intransitábel que presentaban as estradas.

Tono Chouciño lembrou que o contrato inclúe a realización de dous desbroces anuais, un nos meses de abril e maio e outro entre setembro e outubro, así como a reparación dos desperfectos nesas vías, servizos polos que o Concello paga 140.000 anuais.

"Estámonos atopando coa sorpresa de que os veciños e veciñas nos din que nunca se fixeron os dous desbroces, que só desbrozan unha vez o ano, preferentemente antes das festas patronais de cada parroquia". Ante esta situación o representante nacionalista solicitou acceder ao libro rexistro, onde deberían figurar os traballos efectivamente realizados.

"O Goberno municipal respondeunos o pasado día 15 que por razóns de sobrecarga de traballo e polas vacacións dos funcionarios non se podía acceder de momento ao documento, que xa nos avisarían, polo que lles daremos un tempo prudencial, pero a ninguén lle pode parecer mal que queiramos comprobar a realización duns traballos polos que relixiosamente pagamos", afirmou Tono Chouciño.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

A Fiscalía inicia dilixencias penais pola tramitación do contrato da auga

24 Xuño 2016

A Fiscalía Provincial da Coruña ven de comunicar, nun escrito datado o 13 de xuño, a apertura de dilixencias para o esclarecemento dos feitos referentes ás prórrogas e á tramitación do Contrato de Abastecemento de Auga Potábel en Culleredo.

A resolución prodúcese a resultas da denuncia presentada o pasado día 25 de maio polo voceiro do BNG-AA de Culleredo, Tono Chouciño, na que poñiamos en coñecemento dese organismo as irregularidades que acompañaron todo o procedemento, dende a prórroga feita en xuño de 2014.

A investigación inclúe tamén o vacío legal posterior á finalización da prórroga en xuño de 2015 e que aínda dura até hoxe, pois a concesión do novo contrato está sen resolver.

Para Tono Chouciño *"é salientábel a coherencia amosada en todo momento polo BNG, que xa no 2014 con Raquel Jabares denunciou a ilegalidade que se estaba a cometer, defendendo en todo momento os intereses da nosa veciñanza"*

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG pide información dos depósitos da auga en Almeiras

28 Xuño 2016

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo rexistrou, para a súa constestación no pleno deste xoves, varias preguntas referentes aos novos depósitos de auga que se proxectan construír na parroquia de Almeiras e que teñen a súa construción en fase de licitación pola Empresa Municipal de Augas da Coruña (EMALCSA).

O BNG, que ten pedido o proxecto técnico das instalacións para coñecer as súas características, demanda coñecer tamén cal é o encaixe deses depósitos no PXOM, tanto no que está actualmente en vigor como no que se atopa en tramitación, e como afecta ás parcelas circundantes. Pregúntase ademais polas alternativas que se manexaron para a construción dos depósitos e cal foi o posicionamento do Goberno Municipal de Culleredo na tramitación do proxecto.

Tono Chouciño lamenta á nula información que dende as administracións implicadas, a Xunta de Galiza e os concellos da Coruña e Culleredo, se está a facilitar á veciñanza afectada *"repetindo os erros do 2008, cun obscurantismo sorprendente vindo de administracións que presumen de participativas e aperturistas"*.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O Goberno Municipal contra a transparencia

2 Xullo 2016

No pleno do pasado xoves vivimos con estupor a reacción airada de destacados membros do Goberno Municipal ante a petición de información sobre os depósitos da auga que EMALCSA prevé construír en Almeiras.

Dende o anuncio na prensa das intencións da empresa municipal de augas da Coruña de construír eses depósitos foron numerosas as consultas que nos chegaron da veciñanza de Almeiras sobre as características do proxecto e a repercusión nas vivendas colindantes, sen que dende as administracións implicadas, a Xunta e os Concellos de Culleredo e da Coruña, se dese ningún tipo de información.

Isto levou ao BNG-Asembleas Abertas de Culleredo a pedir esa información no Pleno Municipal cunha pregunta rexistrada por escrito 3 días antes da celebración do mesmo, tempo suficiente para que o Goberno Municipal tivese preparada a información que se demandaba.

Malia iso, os membros do goberno, nunha actitude infantil, optaron polo insulto e a descualificación persoal, tildando de demagogia a formulación de preguntas tan sinxelas como "*Como está recollido no planeamento actual e futuro PXOM, a posibilidade destas instalacións?*" ou "*De que forma traslaou o goberno municipal á veciñanza en xeral, e á parroquia de Almeiras en particular, a información relativa á evolución deste proxecto?*".

Tono Chouciño agradeceu aínda así a escasa información aportada e tamén as mostras de apoio recibidas dende outros grupos municipais e de veciños e veciñas presentes no Pleno, lamentando a actitude dos Concelleiros, "*neste ano que levo formando parte da Corporación, xa comprobamos en numerosas ocasións o baixo umbral de sufrimento ante a crítica que teñen algunhas das persoas que forman parte do equipo de Julio Sacristán, e as súas reticencias a informar con clareza, como é o seu deber, dos asuntos que manexan*", e reafirmou o seu compromiso de seguir a demandar para os veciños e veciñas de Culleredo a información veraz que merecen nos temas que lles afectan.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Exiximos a constitución urxente do Consello Sectorial de Seguridade

7 Xullo 2016

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo exixe do Goberno Municipal a constitución urxente do Consello Sectorial de Seguridade, ante crecente inquietude veciñal polos continuos asaltos a vivendas e negocios, que está a causar numerosos peches entre estes últimos.

Tono Chouciño lembrou que esta é unha petición que o BNG leva reiterando dende o comezo da lexislatura, para facilitar a participación veciñal directa naqueles asuntos que máis directamente lles afectan, fronte a apatía do Goberno Municipal, que amosa un total desprezo por estes órganos. Exemplo deste desprezo é a non constitución aínda dos grupos de traballo acordados en abril nos Concellos Sectoriais de Educación e Benestar.

Sobre a vaga de asaltos que estamos a vivir no Concello, e ante as declaracións dos responsábeis municipais, o voceiro nacionalista manifestou que *"non todo se pode fiar á colaboración cidadá, o Concello tamén ten que facer a súa parte"* ao tempo que lembrou que Culleredo está moi por debaixo da ratio recomendada de Policías Locais, que é de 1,8 por cada mil habitantes segundo o Decreto 243/2008, de Coordinación de Policías Locais.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Grave incumplimento no mantemento das estradas municipais

9 Xullo 2016

O venres día 1 Tono Chouciño, concelleiro do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo, puido finalmente acceder ao rexistro dos traballos realizados ao aveiro do contrato de mantemento do viario de titularidade municipal, comprobando que non se están a realizar os dous desbroces estipulados ao ano, e como o Concello é consciente dese incumplimento.

A xustificación dada foi que o importe da adxudicación (140.000 IVE engadido) non cobre o importe dos traballos a realizar dentro do contrato, algo que en todo caso é responsabilidade da empresa, que fixo a oferta económica coñecedora das condicións impostas nos pregos de contratación, e do órgano de contratación, que permitiu unha baixada de 46.000 dende os 186.000 nos que estaba orzamentado inicialmente o contrato.

Tono Chouciño manifestou que *"o Concello non pode mirar para outro lado mentres os seus veciños e veciñas se ven obrigados a esquivar baches e silvas, e rozar eles mesmos se queren ter un mínimo de seguridade"*, avanzando a súa intención de demandar unha auditoría sobre o contrato, por se houber algún tipo de responsabilidade ben na súa execución e control, ben na adxudicación a un prezo moi por debaixo do orzamentado inicialmente.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Consúmase o retraso na construción do novo Colexio

20 Xullo 2016

A Xunta de Galiza ven de anunciar a licitación para contratar a construción do novo Colexio de Infantil e Primaria en Culleredo, establecendo un prazo de 18 meses para o seu remate o que supón, aínda que Xunta e Concello traten de agochalo, que non estará rematado até abril de 2018, de cumprirse o anuncio do Conselleiro de comezar as obras en outubro deste ano.

Sobre a complacencia do rexedor socialista ante esta nova demora, Tono Chouciño manifestou que *"é realmente lamentábel que un profesional do ensino público diga que no seu concello non houbo problemas de escolarización cando se están a impartir clases en barracóns ou en espazos destinados a outros fins, privando aos alumnos de empregar os laboratorios ou as aulas de idiomas para a finalidade para a que foron concebidos, en menoscabo da súa formación"*.

O alcalde dispoñía da grande lexitimidade que lle daba o acordo plenario unánime de setembro de 2015, aprobado polas seis forzas políticas representadas na corporación municipal, para facer valer a reclamación de que a licitación estea condicionada á posta en marcha do centro en setembro de 2017. Incomprensiblemente preferiu a docilidade co conselleiro e dicir que estaba *"satisfeito"* e *"recoñecer a axilidade na tramitación"*.

Tono Chouciño reiterou a necesidade da posta en marcha do novo Colexio no prazo máis breve posíbel, *"se esperar ao curso 2017/2018 nos parece un retraso inmerecido para os alumnos e alumnas de Culleredo, pospor a entrada en funcionamento do novo centro ao 2018/2019 parécenos de todo inaceptábel"*, polo exixiu a máxima celeridade ás dúas administracións e o respecto polas decisións plenarias, *"de nada valen as resolucións que se votan se despois se fai caso omiso das mesmas"*.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

O novo colexio de Culleredo carecerá de cociña

23 Xullo 2016

O novo Centro de Infantil e Primaria que se vai a construír en Culleredo vai carecer de cociña na que elaborar as comidas dos nenos e nenas que utilicen o servizo de comedor no Centro, contando tan só cun espazo para a recepción e distribución do cátering, incumprindo así unha das demandas formuladas polas asociacións de pais e nais e que foi refrendada por unanimidade no Pleno Municipal dacordo coa moción presentada polo BNG-Asembleas Abertas de Culleredo.

Isto supón a segunda demanda unánime do Pleno Municipal referente ao novo Colexio que é desprezada pola Xunta de Galiza, co aparente beneplácito do Goberno Municipal, a xulgar polos amplos sorrisos co que recibiron aos representantes do PP, despois de ignorar a demanda de tramitación urxente do proxecto, aprobada en setembro de 2015.

O voceiro do BNG-Asembleas Abertas insistiu na necesidade de que o Goberno Municipal respecte e defenda os acordos unánimes do Pleno, "*máxime en asuntos que afectan directamente ao benestar e aos dereitos fundamentais dos nosos veciños e veciñas, como neste caso*".

Tono Chouciño lembrou que a demanda de instalar cociña propia nos centros, despois de todo o acontecido este ano, "*non é cuestión baladí pois o momento do comedor tamén é un momento de aprendizaxe: de alimentación*

saudábel, de hixiene, ou de comportamentos", e a cociña escolar debe contribuír a promover o comercio de proximidade e o consumo de alimentos de temporada, ademais de aforrar custos ás familias, "*ben xestionado, o servizo de cociña e comedor escolar pode ofrecer un mellor servizo a menor coste*", polo que exixiu a modificación do proxecto e a inclusión dunha cociña.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

O BNG solicita contratar a limpeza viaria con empresas sociais

27 Xullo 2016

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo presentará unha emenda ao Contrato de Limpeza Viaria do Concello de Culleredo, para a inclusión no mesmo de cláusulas sociais que permitan a súa contratación con Centros Especiais de Emprego e Empresas de Inserción Sociolaboral, posibilidade recollida na actualidade pola lexislación, potenciando a xeración de emprego entre o colectivo de persoas con discapacidade e en risco de exclusión social.

Os Centros Especiais de Emprego son institucións de integración laboral, recoñecidas como elementos básicos integradores de persoas con discapacidade no mundo do traballo. A Lei 14/2013, de racionalización do sector público mesmo establece a obrigabilidade de contratar con eles na administración autonómica galega, sempre que as prestacións dos contratos estean comprendidas dentro dos seus fins.

Tono Chouciño lembrou que na nosa contorna hai varios Concellos que xa fixeron uso desta posibilidade, e que Culleredo conta con varios centros e institucións pioneiras á hora de traballar na formación e integración de persoas con discapacidade, *"polo que o Contrato é unha oportunidade de completar un proceso xa iniciado, xerando uns beneficios non só económicos senón tamén de índole social para o conxunto da nosa veciñanza"*.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

Alternativas do BNG á eliminación do campo de fútbol 7

30 Xullo 2016

O BNG rexeita o cambio de uso do campo de fútbol 7 do Portádego, por consideralo unha infraestrutura necesaria nunha zona densamente poboada, propoñendo como alternativas empregar outras parcelas propiedade do Concello ou, de ser preciso, negociar un convenio con propietarios de outras nas proximidades, como se ten feito noutros puntos de Culleredo. É necesario tamén facilitar a conexión coa liña de transporte municipal e coas metropolitanas.

Estas alternativas permitirían evitar a anulación dun equipamento deportivo que precisa ser mellorado para facilitar o seu uso, pois a parcela admite calquera instalación deportiva de acordo coa súa cualificación urbanística actual.

O BNG non entende como, tendo feita a cesión dos terreos dende o 2009, o Goberno Municipal non se lembrou da necesidade dun aparcadorio até que o Centro de Saúde estivo practicamente rematado, cando incluso se podía ter previsto a incorporación dun aparcamento soterrado no mesmo proxecto do edificio, e se veña con improvisacións a un mes vista da inauguración.

Tono Chouciño lamentou a falta de previsión e as présas de última hora do Goberno Municipal, "*pero para o fomento duns hábitos de vida saudábel pode chegar a ser tan*

importante o campo de fútbol como o Centro de Saúde, non podemos permitirnros eliminar un equipamento por unha planificación feita de xeito incompetente."

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG pide melloras no proxecto da ponte sobre o tren no Burgo

3 Agosto 2016

No Pleno do pasado xoves o representante do BNG, Tono Chouciño, solicitou a mellora do proxecto de reforma da ponte sobre as vías do tren no Burgo, na rúa Alfonso VII, despois de contrastar as opinións dos veciños e veciñas da zona pola falta de seguridade para vehículos e peóns, ás que o proxecto actual non dá solución.

As queixas veciñais recibidas están motivadas pola escasa visibilidade para os vehículos nos cruces da rúa Alfonso VII, coas rúas do Ferrocarril e Mosteiro de Carracedo, e a estreitez das beirarrúas a ambos lados da ponte, aspectos que non son mellorados na reforma proxectada, que se limita reforzar a estrutura da ponte. A proposta do BNG consiste en incorporar o espazo das beirarrúas á zona de circulación de vehículos, habilitando a ambos lados da ponte plataformas para os peóns.

Para Tono Chouciño con esta intervención, de custo limitado, facilitaríase o dobre sentido de circulación na Rúa Alfonso VII ao tempo que se reforzaría a seguridade dos peóns. O voceiro nacionalista Lembrou a petición histórica do BNG de soterrar nese punto e en Fonteculler as vías do tren *"que supoñen un obstáculo diário para a cohesión da Cross co Burgo, nunha zona con importante vida comercial e de servizos públicos"*, e que marcou como obxectivo fundamental.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG pide solución aos fallos nos semáforos da AC211

6 Agosto 2016

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo registrou unha pregunta ao Goberno Municipal, para a súa resposta no Pleno, sobre os continuos fallos na rede semafórica da estrada AC211, que vai do Burgo a Fonteculler.

Ditos problemas reitéranse dende hai varios anos, e así ten sido denunciado polos veciños e trasladado polos representantes nacionalistas aos responsábeis municipais, ante o perigo evidente para conductores e peóns. Xa en 2015 o BNG-Asembleas Abertas de Culleredo demandou unha solución ao Goberno Municipal, que se excusou en que a titularidade da vía non era súa.

Na actualidade a estrada foi traspasada da Xunta ao Concello, con efectos dende o 6 de abril do presente ano, e comprobamos como, malia os anuncios de boas intencións iniciais, na actualidade os fallos na rede persisten, sendo difícil atopar un conxunto semafórico no que todos os seus compoñentes estean en funcionamento.

Tono Chouciño lamenta o retraso na reparación ao tempo que amosa a súa estrañeza por ter aceptado o Concello o transpaso de titularidade sen estar os problemas solucionados, "*noutros casos, como foi o transpaso da avenida Electo Carballo (AC215), antes do transpaso da titularidade asinouse un convenio para mellorar a rúa, cofinanciado pola Xunta, algo que tamén se debería ter feito neste caso.*"

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

Iniciativa do BNG de Culleredo en defensa dos animais

19 Agosto 2016

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo vai pór en marcha unha iniciativa ante os demais grupos políticos e asociacións en defensa dos animais e da natureza, para buscar o máximo consenso posíbel, ante as numerosas queixas de persoas que denunciaron as condicións en que se encontraban os animais dun circo instalado en terreos municipais.

A iniciativa pretende acadar a declaración de Culleredo como concello amigo dos animais, prohibindo espectáculos onde se lles maltrate, e prohibindo tamén a publicidade de tais espectáculos nos espazos e medios públicos municipais.

Tono Chouciño lembrou que xa en xaneiro de 2013 o BNG levou ao Pleno Municipal unha moción neste sentido, que foi rexeitada polos restantes grupos, PSOE, PP e o que naquela altura aínda era APdC. *"No tempo que transcurriu desde entóns a sociedade ten avanzado moito na defensa dos dereitos dos animais, polo que cremos que é o momento axeitado para que, entre todos e todas, Culleredo tamén avance"*

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

O BNG pide a reapertura da biblioteca do Burgo

19 Agosto 2016

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo celebrou onte o **segundo aniversario do peche da Biblioteca Central de Culleredo**, que leva pechada dende o inicio das obras de reforma do Edificio de Servizos Múltiples, e que continúa sen data de reapertura.

O acto incluiu o **reparto gratuíto de libros na Praza de Europa** do Burgo, cunha moi boa aceptación entre as persoas de todas as idades que alí estaban, entre elas **país e nais que manifestaron ter que desprazarse á Coruña para poder facer uso dun servizo público básico**.

Tono Chouciño insistiu na obrigatoriedade de que os Concellos de máis de 20.000 habitantes dispoñan dunha Biblioteca Central, e a de Vila Melania, en Vilaboa, "*non reune as mínimas condicións para ser considerada como tal, nunha sala de reducidas dimensións onde se escoitan as conversas das persoas que están xogando ás cartas ou participando nas actividades municipais que alí se celebran*"

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

Pedimos a declaración de Culleredo como Vila Libre de Circos con Animais

22 Agosto 2016

Despois de convocar nunha reunión a todos os grupos políticos, o BNG-Asembleas Abertas de Culleredo presentará unha moción para que o Concello non autorice, promova ou ampare a instalación de circos con animais no termo municipal.

Na reunión, á que asistiron representantes da Asociación Animalista Libera, o propio BNG e representantes de Alternativa dos Veciños e Ciudadanos, se intentou elaborar un texto de consenso despois de que en 2013 unha proposta no mesmo sentido, tamén promovida polo BNG, atopase o rexeitamento dos demais grupos políticos. Os representantes do Partido Popular escusaron a súa asistencia ante a imposibilidade de membros do seu grupo de asistir á reunión. Tampouco asistiron nin o PSOE nin Marea Veciñal de Culleredo.

Ante opinións sobre a cautela con que outros espectáculos usan animais sen considerar que supoña maltrato, o texto limita a restrición aos circos con animais. No que vai de ano consta a instalación en espazo público do concello de dous circos con espectáculos que empregan fauna silvestre. A vida destes animais caracterízase polo cativerio, o illamento e a explotación, sendo sometidos a violentos métodos de adestramento. Segundo o voceiro do BNG de Culleredo Tono Chouciño, a *sensibilidade social co trato ós animais non fixo*

máis que medrar, e debería haber un acordo entre os grupos políticos representados no Concello para conseguir a declaración de Culleredo libre deste tipo de espectáculos.

Un importante número de países e vilas de todo o mundo xa vetaron o uso de animais nos circos, non só para fomentar a súa protección e benestar, se non tamén para erradicar o tráfico ilegal e a caza furtiva de especies protexidas. A pesares da incerteza de non contar cos apoios de forma previa, o BNG espera que prospere a proposta.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG pedirá máis melloras no contrato de limpeza viaria

24 Agosto 2016

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo solicitou a introdución de diversas melloras, procedentes das numerosas achegas que nos realizaron as veciñas e os veciños, ao prego de prescricións técnicas do Contrato de Limpeza Viaria, que o Goberno Municipal levou por primeira vez ao Pleno o mes pasado e finalmente non foi aprobado.

consensos o máis amplos posibles para sacar a Culleredo do letargo no que parece estar sumido, con ostensíbeis dificultades de adaptación aos novos tempos".

O BNG celebra a incorporación de algunhas desas achegas, como a instalación de pipicáns, o uso neles das follas das árbores das beirarrúas, ou a realización de campañas anuais de concienciación para a limpeza viaria, e seguirá a traballar para conseguir a incorporación de outras que aínda non foron aceptadas, a máis importante a inclusión no contrato de cláusulas sociais.

Esto último está contemplado pola lexislación actual, que permite a contratación deste tipo de traballos con Centros Especiais de Emprego e Empresas de Inserción Sociolaboral. Outros concellos da contorna, de tamaños e características similares ao noso, xa fixeron uso desta posibilidade, e progresivamente se están a sumar novos concellos.

Tono Chouciño manifestou que o BNG-Asembleas Abertas seguirá a traballar para seguir a mellorar o noso Concello "e *construir*

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Solicitamos a revogación do Concelleiro de Seguridade, Medio Ambiente e Obras

1 Setembro 2016

No Pleno do pasado xoves o concelleiro do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo presentou unha moción urxente de revogación do Concelleiro de Seguridade Cidadá, Medio Ambiente, Servizos e Obras, José Ramón Rioboo, polos continuos incumprimentos e deficiencias na xestión das súas áreas.

A gota que colmou o vaso foi o incumprimento do acordo plenario de reunirse na primeira quincena de agosto cos veciños e veciñas de Almeiras para informalles do proxecto de construción dun depósito pola Empresa Municipal de Augas da Coruña (EMALCSA), estando o dito concelleiro exercendo de alcalde en funcións, alegando que o persoal encargado estaba de vacacións. O BNG comprobou que non era así.

Na moción urxente enumerábanse algunhas das causas que motivaban a petición, como o pago de facturas prescindindo totalmente do procedemento, a falta de control nas condicións de seguridade e hixiene na execución de obras municipais, a non constitución do Consello Sectorial de Seguridade malia a vaga de asaltos a vivendas e negocios de Culleredo, consentir o incumprimento do contrato de mantemento e desbroce das estradas municipais, ou a conversión da canteira de préstamo para as obras de ampliación do aeroporto, en Sésamo, nun vertedoiro que está a ser investigado pola Xunta de Galiza e o servizo de SEPRONA da Garda Civil.

Tono Chouciño lembrou que, no caso das facturas pagadas prescindindo do procedemento de contratación, o BNG-Asembleas Abertas de Culleredo "*reclamamos que esas facturas foran pagadas do propio peto dos membros do goberno municipal, tal e como recollen algunhas sentenzas xudiciais*". "*A lista dos incumprimentos que se acumulan nos ámbitos de responsabilidade do Sr. Rioboo é tan amplo, sen que a el pareza importarlle, que non nos queda máis remedio que pedir a súa revogación*".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG pide información sobre a canteira de Sésamo

4 Setembro 2016

O BNG-Asembleas Abertas interesouse en varias ocasións polo estado da canteira de Sésamo, nas proximidades do punto limpo, empregada na obtención de material para obras públicas de infraestruturas do Ministerio de Fomento, e que está en estado de total abandono, cando existe a obriga da rexeneración ambiental destes espazos.

Recentemente soubose que a Xunta e do Seprona están a investigar a situación destes terreos, a consecuencia da denuncia dunha asociación profesional, malia ter manifestado o alcalde, en resposta ás nosas preguntas, que os presuntos verquidos eran en realidade unha actividade "*de acopio de materiais*".

Para ver de esclarecer cal é realmente a situación deses terreos o voceiro do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo rexistrou este venres unha solicitude de acceso á información que sobre os mesmos que consta no Concello, preguntando ao mesmo tempo se se demandou a debida restauración ambiental.

Para Tono Chouciño "*o Goberno Municipal decae reiteradamente na esixencia de obrigas ás administracións supramunicipais e ás empresas que actúan ao seu antoxo sen cumprir o que se esixe a calquera veciño ou veciña*".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Nova xeira de Encontros Abertos do BNG de Culleredo

7 Setembro 2016

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo realizará este ano unha nova xeira de Encontros Abertos nas distintas parroquias do Concello, para coñecer e recoller as necesidades dos nosos veciños e veciñas de cara a elaboración dos orzamentos de 2017.

Será o segundo ano que se realizan, despois da exitosa experiencia do ano pasado, onde se conseguiron incorporar algunhas das demandas que foron trasladadas ao Goberno Municipal, como o asfaltado do camiño de Orro á Zapateira ou a construción dunha cuberta para o patio da Escola Infantil de Ledoño, e noutras producíronse avances, como foi na demanda xeralizada de melloras na rede de sumidoiros.

Estas reunións son necesarias polo nulo avance na participación cidadá na elaboración dos orzamentos, ao estar sen constituír, cando xa transcurriu máis dun ano de mantado, o Consello Xeral de Participación Cidadá. Sería neste órgano onde se deberían debater e elaborar propostas para o 30% do orzamento, tal e como se comprometeu o Goberno Municipal.

Para Tono Chouciño "*a participación cidadá é un dereito fundamental, e non se pode substituír coas prácticas máis propias do caciqueo ás que nos ten acostumbrados o Goberno de Julio Sacristán*"

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Visita de Mini á Universidade Laboral

15 Setembro 2016

Esta mañá desenvolveuse unha visita á Universidade Laboral de Culleredo de Xosé Luís Rivas, Mini, candidato do BNG ao Parlamento Galego, e Ánxela Franco, deputada provincial da Área de Educación e Benestar. Malia estar tamén prevista a participación de Goretti Sanmartín, vicepresidenta da Deputación da Coruña, finalmente non puido participar por un imprevisto de última hora.

A finalidade da visita era coñecer as potencialidades de desenvolvemento que ofrece o propio Centro e escoitar as demandas da comunidade educativa, participando na mesma, ademais de membros da dirección do Centro, representantes das ANPAs do noso Concello e da Comunidade de Montes de Celas.

A presenza desta asociación ven dada polo apoio do BNG ao proxecto, xurdido da propia comunidade escolar, de instalar na Laboral unha central de calor alimentada por biomasa que dea servizo aos edificios públicos e privados das proximidades, que contribuiría a valorizar os recursos forestais do noso Concello. Outra demanda que o BNG ten defendido ante as distintas Administracións é a reparación da Biblioteca da Laboral, con cargo ao 1,5% cultural dos orzamentos das obras de Fomento, para poñela ao servizo do conxunto dos veciños e veciñas de Culleredo.

Durante a visita puxéronse as bases para desenvolver unhas xornadas de traballo sobre a idea do District Heating, central de calor, entre a dirección da Laboral e a Deputación para coñecer todas as posibilidades deste proxecto, de especial interese polas sinérxias que pode xerar, reforzando a formación dos alumnos e alumnas do Centro en áreas en auge no últimos tempos, e creando unha oportunidade económica de primeira orde para un sector primario tan maltratado nos últimos tempos.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG demanda a reparación da Biblioteca da Laboral

22 Setembro 2016

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo demanda a reparación da Biblioteca da Universidade Laboral para a súa posta a disposición de todos os veciños e veciñas de Culleredo. O deterioro do seu teito impide que se poida utilizar dende hai varios anos.

A iniciativa rexístrase tra-la visita efectuada ao centro o pasado mércores 14, na que participaron Xosé Luís Rivas "Mini" e Ánxela Franco, na que tiveron ocasión de coñecer o centro, as súas necesidades e potencialidades, da man do director do mesmo.

O IES Universidade Laboral é centro de referencia máis alá da comarca pola súa traxectoria, oferta educativa e recursos. A súa Biblioteca, de gran superficie, leva anos pechada por un problema de desprendementos no seu teito, contando con protección de Patrimonio pola súa particular configuración arquitectónica e con premios na súa categoría.

Culleredo, con case 30.000 habitantes, conta con dúas bibliotecas de reducidas dimensións, que comparten instalacións con outros servizos, que ás veces interfíren no seu funcionamento, polo que a posta a disposición pública da Biblioteca da Laboral, que conta coa boa disposición da Dirección do centro, suporía unha mellora substancial para os usuarios e usuarias das bibliotecas públicas.

O Bloque Nacionalista Galego propón a sinatura dun convenio entre o Concello de Culleredo e a Consellaría de Educación para a súa utilización conxunta, unha vez reparada, e estudar a súa financiación con cargo ao 1,5% Cultural do Ministerio de Fomento.

Tono Chouciño demandou do Goberno Municipal que se inicien os trámites necesarios co Ministerio, a Consellaría e o propio Centro, e lembrou que Culleredo soporta contínuas obras nas infraestructuras (Autovía, Terceira Rolda, Aeroporto, Vial 18...) *"polo que é de lei que se beneficie das axudas que lle corresponderían para a conservación do seu patrimonio"*.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG pide a revisión do expediente do depósito de EMALCSA en Almeiras

27 Setembro 2016

O BNG-Asembleas Abertas pide a revisión do proxecto do depósito de auga que a Empresa Municipal de Augas da Coruña (EMALCSA) pretende construír en Almeiras, ao dubidar se cumpre a legalidade vixente e se conta coa autorización previa da Consellaría de Cultura.

A parcela onde se pretende construír está incluída na zona de protección do Camiño Inglés, delimitado polo Decreto 110/2014, o que obrigaría a contar coa autorización previa da Consellaría de Cultura da Xunta, da que non se puido verificar a súa existencia unha vez visto o expediente.

Por outra banda o Goberno Municipal segue a incumprir o seu compromiso coa veciñanza de Almeiras de celebrar unha xuntanza informativa sobre o proxecto, coa participación de técnicos municipais e de EMALCSA.

Esta xuntanza aínda non tivo lugar, a pesar de que o Pleno Municipal aprobou por unanimidade a iniciativa do BNG-Asembleas Abertas na que se materializaba a demanda veciñal de información e se establecía a súa celebración na primeira quincena de agosto.

Tono Chouciño, concelleiro do BNG, pregúntase se *"terá algo que ver o incumprimento dos compromisos de información contraídos coa veciñanza, con esta última información sobre a licenza?"* e lamenta esta nova mostra do proceder pouco transparente do Goberno Municipal.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

PSOE e PP rexeitan a urxencia do novo colexio

2 Outubro 2016

No pleno municipal do pasado xoves os representantes do PSOE e do PP en Culleredo rexeitaron discutir a moción urxente presentada polo BNG-Asembleas Abertas de Culleredo, na que se propoñía, entre outras cousas, empregar o remanente positivo das contas municipais, que se acababa de aprobar, para acelerar as obras do novo Colexio.

A "Guía de colaboración pública horizontal" de Galiza recolle a posibilidade de asinar convenios de colaboración entre a Xunta e as entidades locais para "executar puntualmente obras ou servizos da competencia dunha das partes", como sería este caso.

Tendo como obxectivo que o novo centro comece a funcionar no inicio do curso 2017/2018, e tendo a Xunta orzamentados 3.233.336€ para a súa construción nos exercizos 2016 e 2017, só restarían 701.615€ para acometer os pagos das obras, e no propio pleno do xoves 29 aprobáronse unhas contas cun superávit de 2.614.754€.

Segundo Tono Chouciño, á vista dos superávits e dos remanentes de tesouraría dos últimos exercizos, "o Concello podería dispor no futuro de fondos propios cos que colaborar en acelerar e incluso introducir melloras nas obras".

O voceiro nacionalista comprometeuse a continuar os contactos coas administracións, tanto municipal como autonómica, e coa comunidade educativa para avanzar nesta proposta e estudar novas iniciativas "co obxectivo de que o colexio estea finalizado para o inicio do próximo curso, sobre todo á vista da experiencia que tivemos co Instituto".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Rexeitado o recurso para a protección de dereitos fundamentais

7 Outubro 2016

O Xulgado Contencioso-Administrativo ven de notificar a sentenza desestimatoria do recurso para a protección de dereitos fundamentais, presentado contra o Alcalde de Culleredo por negarse a incluír na orde do Pleno a petición de explicacións polo xuízo no que estaba acusado de ameazas e coacción a un policía local.

O fallo xudicial baséase en que ese proceso penal do alcalde é unha cuestión privada e polo tanto allea á “dinámica municipal”. Partindo disto, a sentenza considera que a proposición formulada non é un asunto que afecte ao funcionamento da policía local.

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo non comparte eses argumentos, xa que o Alcalde ostenta a xefatura superior do persoal do Concello, tal e como recolle a lexislación vixente, e tal e como recoñeceu no xuízo penal o propio alcalde cando dixo que *a súa única pretensión era actuar disciplinariamente por reiteración na desobediencia das súas ordes.*

Contra a sentenza cabe interpor recurso de apelación perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, posibilidade que o BNG-Asembleas Abertas de Culleredo está a estudar.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

O BNG demanda unha nova exposición do proxecto de PXOM

12 Outubro 2016

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo demanda unha nova exposición do proxecto do novo Plan Xeral de Culleredo e a súa publicación en internet xunto cos informes emitidos polas autoridades competentes, logo de que o Goberno Municipal anunciara a finais de agosto que xa dispuña de todos os informes preceptivos.

Esta solicitude basease nas máis de 1100 alegacións presentadas durante o período de exposición ao público no 2013, hai máis de 3 anos e medio e aínda sen contestar, e na previsión que fai a Lei do Solo de Galiza, que indica no seu artigo 87.3: "Os concellos garantirán, mediante procedementos telemáticos, o acceso e o coñecemento do contido dos instrumentos de planeamento urbanístico, tanto se se atopan aprobados como durante a súa tramitación"

Tono Chouciño anunciou que o BNG emprenderá unha campaña informativa á veciñanza "para animar aos vecinos e veciñas a que reclamen un dereito, non só individual, senon tamén colectivo, posto que non só é trascendente a reposta á súa alegación individual senon que tamén o é o resultado das alegacións dos demais".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG pide aclaracións do contrato de limpeza viaria

15 Outubro 2016

O Concelleiro do BNG-Asembleas Abertas, Tono Chouciño, tivo acceso, un mes despois de telo solicitado, ao expediente da limpeza viaria, podendo comprobar que finalizou en xaneiro de 2012, sen que puidera atopar prórrogas que o validen desde esa data.

Sumariáase deste xeito ao contrato de subministración de auga potábel, que tamén se está a prestar en precario, dándose a circunstancia de que neste outro caso, mesmo recauden taxas e prezos públicos.

Tono Chouciño cualificou de "inxustificada e inaceptábel" a demora para poder acceder ao expediente, e manifestou que "o Goberno Municipal debe aclarar como se está pagando dende que expirou o contrato, hai máis de 4 anos, sen que consten prórrogas".

Á vista deste feitos o BNG solicitará informes da Secretaría e da Intervención municipais sobre o xeito en que se pagaron as facturas posteriores á expiración do contrato.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

Seguimos sen poder revisar o expediente da canteira de Sésamo

21 Outubro 2016

Despois de varias semanas de espera Tono Chouciño, concelleiro do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo, non puido comprobar a documentación que solicitaba do expediente da canteira de Sésamo que está a ser investigada por Xunta e SEPRONA.

O voceiro nacionalista manifestou a súa sorpresa polo feito de que, aínda que se lle entregou numerosa documentación relativa á construción do aeroporto, a documentación referida á canteira foi practicamente nula.

Entre os documentos facilitados polo Goberno Municipal non figuraban autorizacións urbanísticas nin licenzas de obras para a extracción da pedra. Tampouco houbo xeito de saber a cantidade de material extraído, nin o procedemento para exixir a restitución ambiental obrigatoria por lei.

Ante estas omisións, Tono Chouciño dixo que voltarían pedir a documentación, "así o manifestei ao rematar a revisión, agardo que desta volta o Goberno Municipal deixe as súas habituais tretas dilatorias e facilite a información completa, se é que realmente dispón dela".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

Xa é efectiva a baixada do IBI en Culleredo

23 Outubro 2016

Estes días están a chegar ás casas dos veciños e veciñas de Culleredo os recibos do IBI (Imposto de Bens Inmóbles) do presente exercizo, no que xa se pode comprobar a efectividade da rebaixa en case un 10% do importe a pagar.

Esta rebaixa é consecuencia directa da oposición do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo, secundada polos demais grupos da oposición, a que se mantivese a suba temporal imposta pola Lei Montoro no ano 2011, que o PSOE pretendía facer permanente mediante o aumento dos valores catastrais dos inmóbles.

Xa naquel momento manifestamos a incongruencia de pretender manter unha suba que o propio PSOE tiña criticado cando gobernaba en coalición do BNG, ao mesmo tempo que se anuncian continuamente superávits nas contas do Concello.

Para Tono Chouciño "este é un exemplo moi claro de como o Goberno Municipal actúa de costas á veciñanza, intentando confundila con tretas e ocultación da información, xogo no que o BNG-Asembleas Abertas de Culleredo non está disposto a entrar."

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Preguntamos no Pleno pola canteira de Sésamo

26 Outubro 2016

O representante do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo, Tono Chouciño, rexistrou unha pregunta por escrito sobre a situación na que se atopan os terreos da canteira de Sésamo, para a súa contestación polo Goberno Municipal no pleno deste xoves.

Esta iniciativa é consecuencia de non ter sido facilitada ningunha documentación sobre estes terreos, tal e como se solicitou a principios de setembro. No seu lugar facilitouse o expediente referido á ampliación do campo de voo do aeroporto, expediente no que a canteira de Sésamo non aparece, xa que non está entre as canteiras de préstamo previstas.

Ao non estar incluída no Documento de Impacto Ambiental, ao noso entender, debería ter tramitadas as correspondentes licenzas e permisos ambientais e urbanísticas ante a Xunta e o propio Concello, permisos que non aparecen, atopando na revisión feita apenas dous escritos remitidos polo Alcalde, sen rexistro de saída nin a preceptiva numeración dentro do expediente.

Para Tono Chouciño "é curioso que, nunha obra desta envergadura, non sexamos capaces de acceder a documentación que se lle exixiría a calquera dos nosos veciños e veciñas para unha simple reforma no seu fogar"

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

É válido o convenio coa Comunidade de Montes de Celas?

31 Outubro 2016

No último pleno, o BNG-Asembleas Abertas presentou as súas dúbidas sobre a validez e valor efectivo do convenio asinado entre o Goberno Municipal e a Comunidade de Montes de Celas, máis alá dunha declaración de intencións.

Estás dúbidas baseanse nas consultas levadas a cabo polo voceiro nacionalista, Tono Chouciño, ante a Intervención e o Servizo de Asesoría Xurídica, ao constatar a ausencia de informes destes Servizos municipais que respalden a validez e a concreción do convenio.

Son estes Servizos os que informan de que non fai falla informe algún porque o documento non se trata "dun compromiso de gasto" senón apenas dunha declaración de intencións, e así tamén o recoñeceu o Alcalde no Pleno Municipal, ao manifestar que non precisaban informes económicos porque non se aprobaba "absolutamente nada".

Tono Chouciño acusou ao alcalde de estar vendendo fume á veciñanza de Celas, xa que "un compromiso de gasto superior ao millón de euros debería ter pasado os trámites que regulamentariamente se establecen e que non constan nas catro páxinas escasas que o Goberno Municipal nos presentou ao Pleno" e lamentou a confusión xerada entre os veciños e veciñas polos xogos propagandísticos do Alcalde e o seu equipo.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Solicitamos a retransmisión do Debate do Estado do Municipio

12 Novembro 2016

O último Pleno Municipal aprobou, por unanimidade, recuperar o Debate do Estado do Municipio a proposta do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo, logo de varios anos sen celebrarse malia estar recollida a súa celebración con carácter anual na normativa municipal. A súa celebración quedou sinalada, en posterior Xunta de Voceiros, para o 13 de decembro.

O voceiro nacionalista, Tono Chouciño, solicitou tamén no Pleno que se estreara neste debate a emisión dos Plenos pola radio municipal, lembrando que ao principio da lexislatura todos os grupos aprobaran retransmitilos tanto dende a radio como dende a páxina web municipais, e disponibilizar nesta última as gravacións en formato audio, para o acceso a elas por calquera veciño ou veciña.

Segundo Tono Chouciño *"sempre que preguntamos por este tema nos responden que estan a agardar informes, levamos ano e medio agardando informes, será cousa dos informes ou será que non hai interese real no equipo de goberno en fomentar que a veciñanza acceda á información do que ocorre no Concello?"*

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Culleredo demanda a transferencia da AP9

17 Novembro 2016

No Pleno municipal correspondente ao mes de outubro aprobouse a moción presentada polo BNG-Asembleas Abertas de Culleredo no que se demandaba a transferencia da autoestrada AP9, coa única abstención do PP, apoiando á iniciativa aprobada no Parlamento galego por unanimidade e posteriormente rexeitada polo Goberno central en base a cálculos interesados.

Esta negativa do Goberno central supón un agravio comparativo xa que mentras se rexeita a transferencia da autoestrada galega, totalmente amortizada e que recada ao día 300.000 euros dos galegos e galegas, vanse destinar 8.000 millóns de euros a rescatar as autoestradas radiais madrileñas, no seu día proxecto estrela do PP e a día de hoxe totalmente quebradas.

Para Tono Chouciño o agravio é máis grave aínda no caso de Culleredo, que soporta as servidumes dunha infraestructura que atravesa o Concello e que "*medra de costas aos nosos veciños e veciñas, sen importarlle as consecuencias sobre o medio nen os atrancos para a nosa vida diaria, atrancos que nen se molesta en mitigar*".

O voceiro nacionalista lembra que "*se está a falar de ampliar a capacidade da vía e da súa conexión coa terceira ronda pero seguen sen solucionar os problemas dos accesos ao Colexio Díaz Pardo do Burgo, a dotación de beirarrúas*

transitábeis nos pasos superiores e inferiores ou a adopción de medidas de insonorización ao seu paso polos núcleos de poboación. Anteponse o lucro empresarial ao beneficio social, probablemente para facela máis atractiva de cara á súa venda a fondos de inversión estranxeiros, proceso no que se atopa actualmente inmersa a concesionaria".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Demandamos información sobre a nova liña de alta tensión

19 Novembro 2016

O BNG dos concellos afectados pola proposta de subestación e trazado da liña de alta tensión, que se establecería en Abegondo e afectaría aos concellos de Abegondo, Betanzos, Oza-Cesuras, Carral, Cambre, Culleredo, Arteixo e A Coruña, demandaron dos concellos información á veciñanza sobre os trazados propostos polo Ministerio.

“A día de hoxe, cando xa rematou o trámite de consulta do proxecto, seguimos sen saber a información que manexan o gobernos locais ou cal é a súa postura ante unha obra que afectará a numerosos elementos do noso patrimonio natural e arqueolóxico, pois non se transmitiu ningún tipo de información á veciñanza nin aos grupos da oposición”, explicaron os portavoces nacionalistas. “Descoñecemos incluso se os concellos presentaron algún tipo alegacións ao proxecto, agás no caso de Abegondo, que segundo informaron na prensa presentaron alegacións despois de reunirse coa veciñanza”.

Os voceiros nacionalistas solicitaron que se transmita dende os concellos á veciñanza a información da que dispoñen e que se informe das repercusións que pode ter esta liña de alta tensión, tanto ambientais como urbanísticas. *“O trámite de consulta previa á avaliación ambiental, que ven de rematar, persigue dar participación aos Concellos, non apenas aos alcaldes ou aos grupos de goberno. O mínimo tería sido dar conta nos Plenos e informar a todos os grupos políticos e á veciñanza”, engadiron.*

Dende o BNG lamentaron o ‘secretismo’ diante dun proxecto desta envergadura que prevé a instalación dunha subestación no Concello de Abegondo, na parroquia de Folgoso, e de torretas de alta tensión que poden alcanzar os 71 metros de altura entre As Pontes e o Mesón do Bento e os 61 metros de altura desde o Mesón do Bento até a Coruña e que só iría soterrada na entrada a cidade pola Zapateira, co impacto medioambiental e visual que isto supón. *“Trátase dunha área que está en plena reserva da Biosfera e que afecta a zonas dentro da rede natura como o encoro de Cecebre ou o Monte Xalo que é unha área de especial interese paisaxístico, identificada como tal no Catálogo das paisaxes de Galiza”, explicaron os nacionalistas.*

“Estamos estudando en profundidade o proxecto para realizar as nosas alegacións no período de avaliación ambiental e imos realizar xuntanzas informativas sobre o estado deste proxecto e as súas implicacións e alternativas”, indicaron dende o BNG, “por suposto estamos a favor de que se garanta a subministración eléctrica á cidade da Coruña e ás comarcas afectadas, mais pensamos que é necesario que se escoite aos veciños e veciñas e se busquen as alternativas que poidan ter un menor impacto no noso medio e patrimonio”, concluíron.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Demandamos aclaracións sobre os pregos do contrato de subministro de auga

23 Novembro 2016

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo registrou unha solicitude para mellorar puntos do prego de condicións técnicas (PCT) para o contrato de subministro de auga.

O documento especifica que un dos abastecementos da rede de auga de Culleredo é un depósito no Monte Xalo ao que verten, un manantial e tres pozos de até 62 metros de profundidade. Mentras o aporte do manantial está cuantificado, non é así no caso dos tres pozos.

Entendemos que se debe incluír esta cuantificación, para que as empresas que opten ao contrato o fagan en igualdade de condicións, xa que a actual concesionaria si coñecería eses datos, polo que tería vantaxe sobre as demais aspirantes

Para Tono Chouciño "coñecer este dato beneficiaría a todos os usuarios e usuarias, xa que permitiría ás empresas axustar as súas ofertas e ou ben elevar a poxa polo canon que a adjudicataria debe pagar ao Concello, ben que baixar as tarifas nun futuro".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Novas achegas do BNG ao contrato de limpeza viaria

26 Novembro 2016

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo presentou no rexistro municipal novas achegas ao contrato de limpeza viaria, contrato que, despois de ir ao Pleno en dúas ocasións, segue sen estar licitado e prestándose en precario.

A proposta presentada recolle aportacións xa realizadas polo BNG como son a limpeza de macroobxectos da marxe da Ría do Burgo, cunha periodicidade mensual, ou un servizo de mantemento dos váteres públicos instalados no Paseo Marítimo. Malia ter sido aprobadas no Pleno, estas medidas aínda non foron postas en marcha, polo que consideramos se deberían incorporar a este contrato para darlles efectividade.

Solicítase tamén a elaboración dun mapa das zonas máis concorridas para a creación dos pipicáns, que xa se incluíron no contrato a instancias do BNG, que o establecemento dun prazo de 6 meses, a partir da formalización do contrato, para a súa instalación.

Outras melloras son a creación dun servizo de limpeza dos lavadoiros tradicionais, o desglose nos pregos dos importes de cada prestación, ou a corrección da referencia ao Convenio Colectivo do sector, xa que os pregos de contratación aluden ao de "ocio educativo e animación sociocultural".

Tono Chouciño lembra que o BNG-Asembleas Abertas aposta pola remunicipalización do servizo pero que, de non ser esta posíbel, "deberíanse introducir cláusulas sociais para a contratación deste servizo con Centros Especiais de Emprego e Empresas de Inserción Sociolaboral, ou cando menos preparar o camiño de cara ao futuro e incluír nos pregos unha cláusula para que se valore que as novas incorporacións á plantilla sexan persoas cunha minusvalía certificada".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O goberno municipal non aclara a situación do contrato de limpeza viaria

1 Decembro 2016

Tono Chouciño, representante do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo, preguntou ao Goberno Municipal pola situación contractual do servizo de limpeza viaria, aínda pendente de licitar despois de ir dúas veces ao Pleno e ser retidado da Orde do Día.

noutros contratos que o propio Concello asinou recentemente". Lembrou que "o gasto público está sometido a estrictas normas de control, que ao goberno municipal parece que lle costa moito cumprir e acaban gastando os cartos dos nosos impostos sen control e da forma menos eficaz."

O voceiro nacionalista lembraba no seu escrito ao equipo de goberno que o anterior contrato foi asinado en xaneiro de 2002 cunha vixencia de 10 anos, a razón de 450.000€ anuais, sen que consten prórrogas ao mesmo dende a súa expiración no ano 2012. É unha mostra máis do abandono do Goberno Municipal das súas obrigas con respecto aos servizos básicos que debe prestar á veciñanza, moi semellante ao caso do servizo de subministro de auga potábel, que tamén se está a prestar en precario.

Na súa contestación o Goberno Municipal elude aclarar cal é o vínculo contractual polo que se está a prestar actualmente o servizo, nin se existen ou non prórrogas ao contrato que rematou hai case 5 anos, limitándose a remitirse a aquel documento.

Tono Chouciño manifestou a súa preocupación porque "o Concello leva pagados, en base a un vínculo contractual asinado hai 15 anos e vencido hai 5, máis 2 millóns de euros, cando é público e notorio que ten habido unha redución no custo das contratacións públicas, que nalgún caso chega ao 30%, tal e como se demostra

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

2 meses de espera para acceder ao expediente do Colexio Ría do Burgo

3 Decembro 2016

A finais de setembro, nas correspondentes Comisións Informativas, o voceiro do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo solicitou ter acceso ao expediente do Colexio Ría do Burgo, ante as noticias que nos chegaban de que non se podía cubrir o seu patio porque o goberno municipal afirmaba que estaba en zona verde.

Despois de 2 meses esperando a que se nos facilite ese acceso faise pública a sentenza que obriga ao Concello ao pago dunha indemnización dun millón e medio de euros á empresa propietaria dos terreos, por un convenio do ano 1999 nos que a promotora cedía terreos para o colexio ao Concello a cambio doutros de similares características, convenio que non foi cumprido polo Concello.

De acordo coa información dispoñíbel na páxina web municipal, o Plan Parcial da zona, aprobado no ano 1998, xa prevía a reserva de 5000m² de chan para a construción dun centro do que entón era EXB. Polo tanto, parece que cos 3098 m² motivo de xuízo teríase invadido zona verde, nunha nova mostra da xestión estrambótica á que nos ten tan acostumbrados o PSOE de Julio Sacristán.

Ante a gravidade da situación, e a enorme carga financeira que suporá para as arcas do noso Concello, o BNG reitera a súa petición de acceso ao expediente completo co Colexio Ría do Burgo, ao convenio asinado entre o alcalde Julio Sacristán e a empresa promotora e á

sentenza condenatoria do TSXG. Solicitamos tamén que se facilite a asistencia do arquitecto municipal para a revisión do expediente, tal e como se comprometeu o Goberno Municipal na comisión informativa de setembro.

Tono Chouciño amosou o seu estupor ante "o desmesurado coste para o Concello dos terreos, máis de catro veces o que costaron os do novo colexio que se vai facer en Vilaboa" e lamentou as dificultades que para acceder ao expediente, "agora xa nos vamos explicando o porqué desta demora".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Queixas pola falta de médicos no Centro de Saúde

14 Decembro 2016

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo recibiu nos últimos días numerosas queixas pola falta de médicos no Centro de Saúde de Acea da Ma. Algunhas das persoas que se puxeron en contacto referiron que lles cambiaran até 3 veces as súas citas, nalgún caso collidas con moita antelación. Outras persoas encontráronse ao chegar ao centro que o seu médico non estaba e non había ninguén para substituílo, nunha mostra de total falta de previsión por parte dos xerentes da sanidade pública.

Situacións coma a desta semana son froito do desbordamento dunha situación que está permanentemente ao límite debido aos altos rátios pacientes/profesionais, que con calquera alteración desequilibran o sistema en perxuízo da atención aos usuarios e usuarias. Ten lugar mentras seguimos a agardar a apertura do Centro de Saúde do Portádego, anunciada como inminente na visita que o 1 de agosto, en precampaña electoral, fixo Núñez Feijoo acompañado polo alcalde en funcións, o Sr. Rioboo, e outros destacados membros do PSOE e do PP.

Hai que lembrar que os terreos deste Centro foron cedidos á Xunta xa no ano 2009, e que despois de moitas vicisitudes a súa entrada en funcionamento estaba prevista para finais do 2015. A día de hoxe descoñécese os motivos polos que o novo centro non abre e a dotación coa que contará. Sábese que estaba prevista a

incorporación de algún especialista en Psiquiatría, e solicitada a dun médico ou médica de atención primaria e dun profesional de enfermaría, pero sen ningún tipo de confirmación oficial por parte do SERGAS.

Para Tono Chouciño, sendo grave a situación actual *"aínda pode empeorar se o novo centro non se dota do persoal suficiente, pois actualmente a lei permite a libre elección de persoal médico e de enfermería fóra do teu municipio de residencia, polo que previsiblemente persoas que viven en Palavea ou A Ponte Pasaxe, e que agora van aos centros de Saúde do Castrillón ou Matogrande, optarán por cambiarse para o do Portádego, moito máis próximo ás súas casas"*.

O voceiro do BNG-Asembleas Abertas en Culleredo manifestou que están a estudar dar traslado ao Parlamento Galego dunha pregunta sobre a deficiente cobertura das ausencias no Centro de Saúde e sobre a situación do novo Centro do Portádego, e a súa dotación de medios persoais e materiais.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Un Goberno Municipal paralizado e sen ideas

18 Decembro 2016

Das propostas de resolución presentadas polo PSOE no Debate sobre o Estado do Municipio, tan só as relacionadas con Celestino Poza, finado recentemente, eran do seu propio cultivo, as demais derivan de iniciativas levadas a pleno polo BNG-Asembleas Abertas de Culleredo, algunhas aprobadas xa por unanimidade no mesmo Pleno, como a urxencia na construción do novo CEIP, e que ao propio Goberno Municipal lle costa moito cumprir, como a participación veciñal na planificación municipal ou a contratación de servizos públicos con empresas de economía social.

O BNG propuxo que o Goberno Municipal dea conta periodicamente do cumprimento das resolucións aprobadas nos Plenos, necesidade que se fixo máis patente aínda ante a actitude irrespetuosa do Alcalde, D. Julio Sacristán, que incumpriu a mantenta o acordado na Xunta de Voceiros previa ao propio pleno, facendo un longo e rutineiro monólogo de 50 minutos cando se acordara unanimemente que a súa intervención inicial sería de 15 minutos.

Pola súa parte, o concelleiro do BNG-Asembleas Abertas, Tono Chouciño, seguiu a realizar novas propostas para avanzar no bo goberno de Culleredo, como a de iniciar o proceso de liquidación do CLT de Ledoño, aínda pendente e necesario para depurar responsabilidades e darlle utilidade aos terreos resultantes. Constituír unha nova Mesa

de Contratación, pois hai un informe dun técnico municipal, o Xefe do Gabinete, que pon claramente en dúbida a validez da súa composición. Unha xestión transparente da tramitación do novo PXOM, cunha nova exposición pública, incorporando as modificacións que houbo dende o 2013, e coa asistencia de técnicos municipais para esclarecer calquera dúbida.

Por último, volvimos a insistir na necesidade de contar cun Servizo de Disciplina Urbanística, como teñen outros Concellos de parecida entidade, e que é imprescindible á vista dos antecedentes que son públicos e notorios en Culleredo, como poden ser o CLT de Ledoño ou o caso da urbanización de Vallesur, ou a construción do CEIP Ría do Burgo en zona verde, entre outros.

Tono Chouciño, manifestou a súa decepción pola falta de ideas de Julio Sacristán e o seu equipo, *"pero non podemos quedar a espera de que se lles apareza o Espírito Santo e os ilumine, Culleredo ten que avanzar, temos unha responsabilidade para cos veciños e veciñas, tanto cos que nos votaron como cos que non, e non temos claro se esa falta de iniciativa é pola súa incapacidade ou pola súa intención de que todo siga como estaba"*.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG pide que se informe do cumprimento dos acordos plenarios

22 Decembro 2016

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo solicitou a inclusión na orde do día de cada Pleno dunha dación de conta do estado de execución dos acordos aprobados nos plenos municipais anteriores, ante a demora que acumula o Goberno Municipal no cumprimento dos mesmos.

Tono Chouciño lembrou a aprobación dun sistema de váteres públicos no paseo marítimo, aproveitando as instalacións xa existentes, a aprobación unánime da declaración de urxencia da construción do novo Colexio, da que a Xunta fixo caso omiso co beneplácito do Goberno Municipal, ou a cesión á Xunta dos baixos da galescola Fonte da Balsa para a ampliación da Escola Infantil, ante a falta de prazas para cubrir a alta demanda, acordos que malia ser aprobados polo Pleno pareceron caer no esquecemento.

Para o voceiro nacionalista esta actitude crea desconfianza e escepticismo nos concelleiros da oposición, xa que *"non só ocorre coas propostas da oposición, ocorre tamén con asuntos que trae o propio Goberno Municipal ao Pleno, como a posta a disposición de toda a veciñanza da polideportiva do novo IES, para o que aprobou a sinatura dun Convenio coa Xunta de Galiza, e se non chegamos a preguntar expresamente non sabíamos que finalmente non se vai levar a cabo"*.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG solicita a disolución da actual Mesa de Contratación e a constitución dunha nova

23 Decembro 2016

O voceiro do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo, Tono Chouciño, solicitou no último pleno a disolución da actual Mesa de Contratación e o inicio do procedemento para nomear unha nova, ante o informe do Xefe de Gabinete da Alcaldía, no que se relatan presuntas irregularidades na súa composición actual.

No informe o funcionario alerta de situacións nas que non se estaría a cumprir o réxime de incompatibilidades, entre elas aquelas nas que o Alcalde, que preside a Mesa de Contratación, é ao mesmo tempo órgano de contratación, o que acontece na maior parte dos contratos asinados polo Concello de Culleredo.

A Mesa de Contratación é o órgano encargado de valorar as ofertas e de realizar a proposta de adxudicación, así como de salvagardar as formalidades legais na contratación, polo que entendemos que a súa constitución debe ser escrupulosamente respetuosa con esa legalidade que debe salvagardar e garantir.

Para Tono Chouciño é imprescindible corrixir a situación creando unha nova Mesa de Contratación "que conte con todos os requisitos legais, pois o que ven a dicir o Xefe de Gabinete é que o alcalde non pode ser xuíz e parte nas adxudicacións como ocorrería agora"

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG demanda mellorar a dotación sanitaria en Culleredo

28 Decembro 2016

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo pon en marcha unha campaña para recoller as demandas dos veciños e veciñas de Culleredo en materia sanitaria e trasladarllas ao goberno galego en forma de pregunta parlamentaria, ante o problema de cobertura nas ausencias dos profesionais no Centro de Saúde de Acea de Ama e a demora na apertura do novo centro do Portádego.

O SERGAS, que leva dende agosto anunciando a apertura do novo Centro, ven de dar como última data para a súa posta en funcionamento deste Centro a de febreiro de 2017, sen concretar a súa dotación de persoal. O edificio conta, entre outras, con 7 consultas de medicina, 8 de enfermería, 2 de pediatría, 3 de saúde mental e un despacho para traballo social, mais non hai previsión de que vaia aumentar o persoal actualmente existente.

Dende o BNG-Asembleas Abertas de Culleredo consideramos que o tamaño dos cupos médicos actuais que rondan, ou superan, as 1700 persoas cando a recomendación recollida no Plan de Mellora de Atención primaria é de 1250, como unha das causas dos problemas que estamos a sufrir nas últimas datas, polo que é necesario mellorar a ratio usuarios/médico, existindo un compromiso da Consellaría de Sanidade de limitalos a 1500.

Para o voceiro nacionalista, Tono Chouciño, é necesario que os responsables do goberno

galego coñezan a situación real dos servizos públicos xa que *"nos contan tantas veces o ben que funcionan que se acaban crendo as súas propias mentiras, por iso o BNG pon a disposición dos veciños e veciñas de Culleredo a súa representación institucional para que lles fagan chegar cal é a realidade"*.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O goberno municipal avanza na consolidación das perdas do CLT

30 Decembro 2016

A proposta do Goberno Municipal, evidentemente, non recollía a área comercial prevista, nin o hotel, a ITV, ou a estación intermodal, entre outras. E non as recollía porque nunca se construíron a pesar de ir no acordo asinado para a construción do centro. Nin se construíron nin se reclamou dende o goberno municipal o cumprimento das obrigas contractuais.

Tampouco viñan as parcelas que foron vendidas e que segundo o informe da secretaria municipal do seu momento, non se poderían ter vendido.

En cambio si figuran bens que están sendo xestionados por empresas privadas e que se incorporan ao inventario municipal como "libres de cargas".

Para Tono Chouciño *"é un proceso totalmente falta de rigor, incorpóranse os bens que se salvan da queima sen ter feito aínda o proceso de liquidación, que era precisamente onde se deberían determinar cales son os bens que pasan a patrimonio municipal e cales non"*.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG demanda melloras na seguridade viaria

10 Xaneiro 2017

O Bloque Nacionalista Galego presentou emendas aos Orzamentos da Xunta para 2017 para mellorar a seguranza viaria e a accesibilidade en estradas de titularidade autonómica ao seu paso por Culleredo.

Estas melloras correspóndense a peticións veciñais longamente demandadas, e fan referencia á estrada AC213, entre O Burgo e A Telva, un tramo de 2,5 kilómetros que precisa reparación e melloras tanto no firme como nas beirarrúas, á AC523 a Meirama, ao seu paso por Ledoño, onde se teñen producido numerosos accidentes, e a AC400, entre Vinxeira e Celas, que carece de beirarrúas e incluso de arcéns transitábeis en gran parte do percorrido.

Para Tono Chouciño é primordial asegurar a seguridade de peóns e condutores en zonas con gran proporción da poboación de avanzada idade "e se ven forzados a andar e atravesar vías con moito tráfico e se xogan a vida para facer cousas tan cotidianas como recoller os nenos no bus do colexio ou simplemente sair pasear, como tristemente xa ten pasado."

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG de Culleredo pide separar a negociación do POS+2017 e do Orzamento

13 Xaneiro 2017

O representante do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo, urxiu ao Goberno Municipal a aprobar o Plan de Obras e Servizos da Deputación, o POS+ 2017, canto antes, e con independencia da aprobación dos orzamentos municipais para 2017. Este Plan ten uns prazos que están próximos ao vencemento, mentras que o orzamento xa vai con retraso acumulado.

A razón desta petición é a intención do Goberno Municipal parece ser vincular ambos expedientes para chantaxear e presionar aos restantes Grupos Municipais, ofrecendo caramelos que fagan máis dixeríbeis uns orzamentos intragábeis.

As axudas da Deputación, supoñen a principal fonte de ingresos coas que financiar as obras municipais, moitas delas elaboradas este ano a partir das demandas veciñais, polo que o BNG fai unhas propostas para poder apoiar a súa aprobación, como a redución da partida solicitada de gasto corrente para incluír todas as obras demandadas polas asociacións no proceso de orzamento participativo para que queden blindadas.

Non ten o BNG a mesma vontade para o orzamento municipal, debido a múltiples cuestións que precisan de aclaracións públicas, como a provisión de pago dun millón e medio de euros unha empresa inmobiliaria que gañou un litixio xudicial polos terreos do colexio Ría do Burgo, e que responsabilidades

se van asumir desde o goberno municipal por esta perda patrimonial; ou que se fará cos futuros pagos dos servizos que non teñen contrato como o caso da limpeza viaria, 450.000€ anuais, vencido hai catro anos; ou os baños químicos do paseo marítimo; por citar só algún.

Igualmente cuestións como a perda de ingresos que supón que a xestión da auga potable non teña contrato vixente e por tanto non pague canon, que foi cifrado en 25.000€ anuais no informe económico financeiro polos técnicos municipais. Un negocio de 1.250.000€/ano en máns dunha empresa sen contrato desde hai dous anos e medio.

O BNG leva traballando todo o ano para que o orzamento 2017 se tramitara de forma participativa, como recollen os regulamentos municipais, despois de que o ano pasado se burlara esa posibilidade desde o goberno municipal. Por iso ten este empeño en que as propostas veciñais, financiadas cos cartos da Deputación, vaian adiante sen novas evasivas nin chantaxes. Unha vez aprobado o POS, o BNG continuará traballando para que o orzamento non sexa un saco do que o goberno municipal administre ao seu antollo.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG demanda melloras nos centros escolares de Culleredo

14 Xaneiro 2017

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo elaborou varias emendas aos Orzamentos da Xunta para o ano 2017, que tramitou a través dos representantes nacionalistas no Parlamento, para a mellora dos recursos educativos do noso Concello.

Estas demandas inclúen a dotación da totalidade do orzamento da construción do novo CEIP nesta anualidade, de xeito que se poida dar cumprimento á declaración de urxencia aprobada de xeito unánime polo Pleno de Culleredo, a proposta do BNG.

Outras melloras para as que se demanda a creación da correspondente partida orzamentaria son a recuperación da Biblioteca da Universidade Laboral, que leva anos pechada por unhas goteiras, melloras no aulario de Educación Infantil do CEIP Sofía Casanova, aumentar as axudas para o Conservatorio municipal, e dotar de cociñas os Colexios.

Tono Chouciño lembrou que esta última demanda foi tamén aprobada de xeito unánime no Pleno, "tamén polos concelleiros e concelleiras do PP, que non puideron dicir que non a unha petición levada e defendida directamente polos propios pais e nais diante do Pleno" o que dá unha idea da súa importancia.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG demanda a creación dunha residencia de maiores en Culleredo

19 Xaneiro 2017

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo solicitou, a través das emendas presentadas no Parlamento Galego aos Orzamentos da Xunta para 2017, a creación dunha residencia de maiores, pola grande demanda que existe de prazas en residencias públicas, que as actuais non son capaces de cubrir.

Esta carencia de prazas na Comarca da Coruña obriga a que as persoas que piden praza, se non teñen recursos para costear unha residencia privada, acaben ingresando lonxe do seu entorno e da súas familias, que se ven na obriga de realizar importantes desprazamento para poder visitalas.

Tono Chouciño manifestou que Culleredo, dada a súa situación, os espazos naturais con que conta e as vías de comunicación, sería o emprazamento ideal para esta infraestrutura de carácter supramunicipal.

O voceiro nacionalista lembrou que o BNG tamén solicitou nas emendas aos orzamentos da Xunta a ampliación da Escola Infantil Fonte da Balsa, en Vilaboa, para o que se xa se ten aprobado no Pleno Municipal a cesión dos baixos, na actualidade baleiros, "*outro acordo plenario que caeu no esquecemento, vítima da falta de iniciativa do Goberno de Julio Sacristán e dunha Xunta que nos ten relegados ao ostracismo*".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O goberno municipal de Culleredo non recurrirá a sentenza do colexio Ría do Burgo

21 Xaneiro 2017

En resposta á pregunta do voceiro do BNG-AA, Tono Chouciño, os representantes do goberno do PSOE aseguraron que non recurrirán a sentenza que obriga ao Concello ao pago de 1,5M€ por invadir propiedade privada na construción do CEIP Ría do Burgo. Isto contradí o anuncio inicial á prensa, debido a que os servizos xurídicos municipais estiman que non hai base para un recurso.

Tamén preguntou o voceiro do BNG polo procedemento de pago desa cantidade e si para o proxecto de orzamento vai consignada algunha cantidade. A resposta foi que efectivamente vai unha cantidade de 900.000€ para compra de terreos para facer frente a esa condena. Non se aclarou como se abordará o resto do pago ate o 1,5 millóns que establece a sentenza.

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo estima que a responsabilidade é por completo do Sr. Sacristán, xa que no seu día o Pleno aceptou a súa proposta de aprobar o convenio e encargarlle as negociacións para levar adiante o seu cumprimento.

O Concello debía ter recalificado a parcela para poder ocupala, cousa que nunca fixo. O motivo é que a parcela pertencía a un Plan Especial de acondicionamento da zona verde do río Trabe, totalmente alleo ao plan de Cordeda ao que pertencía o terreo que xa tiña o concello para o equipamento.

Aínda está por aclarar porqué non era abondo con esta parcela e houbo que sumarlle terreo adicional para a edificación do colexio. Tampouco está

aclarado porque o edificio do colexio cambia a orientación desde o proxecto básico ao definitivo, pasando de paralelo á rúa María Cagiao a perpendicular a esta rúa, feito que acaba provocando a ocupación da parcela motivo do litixio.

Cando no ano 1999 se asinou o convenio coa promotora propietaria do terreo, o compromiso, incumplido, era entregar no prazo dun ano terreos con edificabilidade 1/1 do patrimonio municipal ou resultantes da aprobación do PXOM, cando os terreos que se adquirían tiñan edificabilidade 0,04. Isto quere dicir que os 3000m² que se adquirían tiñan unha edificabilidade de 120m² e o Goberno Municipal asumía que a cambio había que darlle á promotora terreos con 3000m² de edificabilidade.

Desde o BNG-Asembleas Abertas de Culleredo temos pedido acceso aos demais convenios que ten asinado o goberno municipal posto que sospeitamos que non será a última sorpresa que levemos e tememos que o Sr. Sacristán teña máis hipotecas deste tipo que terá que pagar o pobo de Culleredo.

Ao mesmo tempo expresamos desde agora a nosa oposición a aprobar un orzamento que recolle un pago deste tipo sen que se teñan asumido ningunha responsabilidade por un negocio ruinoso que hipoteca as arcas públicas municipais, e que a día de hoxe deixa o colexio Ría do Burgo en condicións de precariedade urbanística, e demandamos unha total depuración de responsabilidades.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

PSOE, Marea e Ciudadanos aproban os orzamentos do engano

27 Xaneiro 2017

O Goberno Municipal sacou adiante, co apoio da Marea e de Ciudadanos, uns orzamentos continuístas que consagran o engano á cidadanía de Culleredo, e que perpetúan o desgobierno que ven padecendo o noso Concello nos últimos anos.

Tono Chouciño fixo fincapé nos máis de 11 millóns que aportan directamente os nosos veciños e veciñas, entre impostos e taxas, e que mentras se anunciou a bombo e platillo que se ían incluír até un 30% das inversións a través da participación cidadá, finalmente as aportacións veciñais que aparecen recollidas nos orzamentos son mínimas, "*quixeron ir vostedes máis alá de calquera outro pero resultou unha burla máis do Sr. Sacristán*".

O voceiro nacionalista lembrou que se están a realizar pagos sen contrato de máis de 600.000€ por servizos públicos básicos como o de limpeza viaria, vencido dende 2012, ou a concesión do subministro de auga potábel, que manexa un montante 1,2 millóns de € anuais sen contrapestración coñecida.

Pero o maior problema é o pago do millón e medio de indemnización polos terreos do Colexio Ría do Burgo. "*Parécenos inaudito que o Alcalde se xustifique decindo que "vamos a poder vender los terrenos", pero se os do colexio que se está a construír agora mesmo costaron 200.000€, 7 veces menos, quen vai*

pagar un millón e medio polos do Ría do Burgo? Apoiar estes orzamentos é apoiar unha xestión ruinosa para os nosos veciños e veciñas."

O BNG-Asembleas Abertas está a estudar a posibilidade de, á vista dos feitos, presentar recurso contra estes orzamentos, e convida ás Asociacións veciñais de Culleredo a revisalos, xa que non se tivo un mínimo de rigor no procedemento de posta en marcha do mandato regulamentario de orzamento participativo.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

Desperfectos no parquet da Polideportiva de Cordeda

1 Febreiro 2017

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo solicitou a valoración e reparación dos danos aparecidos no parquet da Polideportiva Ría do Burgo, en Cordeda, onde apareceron marcas na superficie e a rotura de algunha táboa.

Tono Chouciño solicitou tamén a determinación da orixe deses danos, xa que houbo queixas dende o primeiro intre de que as canastras tiñan un sistema de rodamiento que non era axeitado para esa superficie, "*o que é sorprendente, xa que foron subministradas pola mesma empresa que puxo o parquet*".

O voceiro nacionalista lembrou que estas queixas xa lle foron transmitidas no seu día ao concelleiro de Deportes, e que dende ese departamento se informou que xa estaba solventado o problema, "*sería ben saber se iso foi así, se os danos que apareceron teñen algunha relación, e se hai posibilidade de reclamar as garantías da obra*".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG pregunta pola situación do CEIP Ría do Burgo

4 Febreiro 2017

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo preguntou ao Goberno Municipal pola situación legal na que queda o edificio do colexio Ría do Burgo, trala sentenza xudicial que impón ao Concello o pago dun millón e medio de euros por incumprir o Convenio cos propietarios do terreo, e determina que a parcela está dentro dun plan especial para o acondicionamento da zona verde do Río Trabe.

A sentenza non vai ser recorrida xa que, segundo afirmou o Goberno Municipal, os servizos xurídicos do Concello non atopan base para o recurso.

Á vista da situación, para o BNG-Asembleas Abertas de Culleredo é preciso coñecer se o edificio ten licenza de ocupación e actividade, así como se os seguros cubren calquera accidente que teña lugar na instalación educativa, e o xeito en que o Concello pensa repor a legalidade urbanísta do Centro.

Para Tono Chouciño é preciso depurar, tamén neste caso, responsabilidades por unha xestión deficiente, *"que lle vai supor ao Concello o desembolso dunha importante cantidade procedente dos impostos e taxas que pagamos todos os veciños e veciñas de Culleredo"*.

O voceiro nacionalista afirma que *"queremos saber en que momento tiveron constancia os responsábeis do departamento de Urbanismo da magnitude do problema, que fixeron dende entón para solucionalo e cal vai ser o procedemento para o pago da sanción"*.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Demandamos compensar as árbores taladas no parque de Acea de Ama

11 Febreiro 2017

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo manifesta a súa preocupación polo abandono crecente do Parque Deportivo de Acea de Ama e a redución do espazo natural propiamente dito. O Parque sufriu numerosos recortes na súa extensión pola incapacidade do Goberno Municipal para obter terreos alternativos para a construción dos necesarios centros educativos, malia a importante actividade urbanística e o crecemento poboacional experimentado por Culleredo nas últimas décadas do século XX e principios do XXI.

Tono Chouciño, representante do BNG, lamentou a perda do que podía ter sido o gran parque do conglomerado urbano de Culleredo, así como o deterioro que presenta. *"Cun mantemento axeitado das zonas verdes evitaríanse incidentes como a caída dunha árbore sobre varios coches aparcados, que afortunadamente non provocou danos persoais".*

O espazo onde estaban os coches *"até hai pouco eran canchas de baloncesto e de fútbol, non sabemos se antes de acondionalas como aparcadoiro se estudou a estabilidade do terreo, pois o peso a soportar non é o mesmo, tendo en conta que onde agora está o Parque é un terreo extremadamente húmido e incluso por zonas pantanoso"*.

O voceiro nacionalista anunciou que o BNG se dirixirá á Secretaría Xeral para o Deporte para pedir un estudo do estado do espazo natural do Parque, e a compensación das talas realizadas mediante a repoboación con especies autóctonas, de xeito que poida volver ser un espazo natural para o desfrute dos veciños e veciñas de Culleredo.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

O BNG interésase pola situación da radio municipal

16 Febreiro 2017

O voceiro do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo dirixiuse ao Goberno Municipal para interesarse polo estado da Radio Municipal, tras as numerosas queixas recibidas sobre a mala recepción do seu sinal ao longo de todo o Concello.

Aos problemas de cobertura uniuse a eliminación do servizo de escoita online e de calquera referencia ao proxecto de televisión por internet www.culleredo.tv, que contaban con enlaces dende a web municipal.

Tono Chouciño amosou a súa sorpresa ante a actitude do Goberno de Julio Sacristán, *"en vez de solventar o problema non se lles ocorre nada mellor que cargarse o servizo, é iso un exemplo da transparencia da que tanto presumen?"*.

O BNG pregunta aos responsábeis municipais, entre outras cuestións, se teñen datos sobre o estado actual de cobertura da radio municipal e sobre a porcentaxe de poboación á que chega, así como sobre a eliminación da radio municipal de calquera referencia ás emisións online.

Para Tono Chouciño *"deben estudarse as solucións técnicas posíbeis para mellorar a recepción do sinal, de xeito que os nosos veciños e veciñas poidan estar informados dos asuntos municipais. A situación actual só podemos entendela por desidia ou porque houbera intereses apuntando noutra dirección"*.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

Como imos pagar o millón e medio da sentenza polos terreos do Colexio Ría do Burgo?

18 Febreiro 2017

O BNG rexistrou a petición dun informe que determine a débeda exacta derivada da sentenza ocasionada pola condena ao Concello polos terreos do Colexio Ría do Burgo, xa que a cantidade non se atopa determinada con exactitude, e o xeito como o Goberno de Julio Sacristán pensa afrontar este pagamento.

A sentenza ademais da condena a pagar 1.560.567,62€ á empresa promotora propietaria dos terreos, condena ao Concello ao pagamento das costas procesais e dos xuros establecidos legalmente, que non veñen cuantificados no texto.

Na aprobación inicial do orzamento para 2017, aínda en período de alegacións, asígnase unicamente unha partida de 900.000€ para "compra de terreos", que segundo contestou o Alcalde de Culleredo a preguntas de Tono Chouciño, é onde irían incluídos os cartos destinados a facer fronte á sentenza, pero que é evidente que non son de abondo para pagar o total da débeda.

O voceiro nacionalista afirma que *"esta sentenza vai afectar de xeito severo a evolución futura das finanzas e da tesourería municipal, polo que é importante que se concrete a cantidade total a pagar e a forma de pago, que non sabemos porque non foi aínda explicada polo Goberno Municipal"*.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Demandamos explicacións sobre os expedientes requeridos polo Xulgado

21 Febreiro 2017

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo decidiu promover, xunto co resto dos grupos da oposición, unha iniciativa para convocar Xunta de Voceiros extraordinaria para que o Goberno Municipal dea explicacións ante o Pleno pola presenza da Policía Xudicial no Concello para investigar presuntas infraccións en materia urbanística, medioambiental e na tramitación de multas.

Para Tono Chouciño *"isto é algo que sabemos que antes ou despois acabaría acontecendo. Hai moitas cousas que non nos cadran dentro da xestión de Julio Sacristán, por moito que el bote balóns fóra, porque os litixios en materia urbanística son innumerábeis: Vallesur, colexio Ría do Burgo, canteira de Sésamo..."*.

O voceiro nacionalista lembrou que xa no anterior mandato o BNG xa demandou aclaracións ao Alcalde polo seu aval a un promotor, aclaracións que nunca chegaron, malia afirmar o rexedor a súa intención de acudir á Xustiza.

Lembrou tamén a solicitude de creación dun Servizo de Vixilancia e Protección Urbanística, para unificar as competencias na materia, ante o descontrol reinante no Concello, que tivo por resposta un desaforado ataque por parte do Goberno Municipal.

"No BNG levamos tempo preguntándonos se non hai algún tipo de intencionalidade nesta falta de control e é un deber do Goberno de Julio Sacristán dar explicacións ante os seus veciños e veciñas e disipar, se é capaz, as dúbidas que esta situación lles poidan xerar" afirmou Tono Chouciño.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

En que situación se atopa o Pavillón Polideportivo Ría do Burgo?

25 Febreiro 2017

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo ampliou a petición de información ao Goberno Municipal sobre o CEIP Ría do Burgo, para coñecer a situación do Pavillón Polideportivo situada ao seu carón, ante a posibilidade de que tamén estea levantada en zona verde.

Trala revisión do expediente do Colexio, e á vista do PXOM en vigor, parece deducirse que non consta ningunha modificación nese punto do Plan Xeral vixente, polo que aí tan só se poderían executar instalacións deportivas ou culturais descubertas, que non poderían exceder os 7 metros de altura.

Tono Chouciño solicita do Goberno local que facilite un informe sobre a situación urbanística dos terreos, *"o goberno municipal debería poder dicirnos en que expediente se fixo a modificación do PXOM que permita esa instalación"*.

O voceiro nacionalista lamenta a inseguridade xurídica reinante en Culleredo en materia urbanística. *"Cada vez faise máis evidente a necesidade do Servizo de Vixilancia e Protección Urbanística. Ten que haber unha coordinación mínima entre os servizos do Concello, que en Culleredo estamos a comprobar que non se dá, e que ten unhas consecuencias moi caras para os nosos veciños e veciñas"*.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Nulas explicacións do Goberno Municipal no Pleno do pasado xoves

12 Marzo 2017

O voceiro do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo, Tono Chouciño, cualificou de "nulas" as explicacións dadas polo Goberno Municipal no Pleno do pasado xoves, sobre a situación dos expedientes reclamados polo Xulgado, e que levaron á presenza da Policía Xudicial en Tarrío.

Segundo Tono Chouciño, *"a única información que alí se deu sobre as súas causas foi aportada polo BNG, que foi a única forza política que investiu o seu tempo en revisar os expedientes e que de feito leva tempo alertando sobre como se levan en Culleredo os temas relacionados co urbanismo"*.

Lembrou que o BNG de Culleredo xa denunciou no anterior mandato a presenza de membros do goberno local en festas en locais con orde de paralización das obras e de reposición da legalidade, e continuamos nesta denunciando a súa pasividade ante a vulneración de ordes de precinto policiais, e o funcionamento de explotacións sen ter tramitadas as correspondentes licenzas e permisos ambientais ou urbanísticos, circunstancia esta que parece darse en Culleredo con relativa asiduidade.

Para o voceiro nacionalista *"é lamentábel comprobar como se levan os asuntos relacionados co urbanismo en Culleredo"*, e *considerou a actitude do Goberno Municipal*

"unha burla á lei, ao traballo do persoal do Concello e á cidadanía en xeral, que si cumpre as normas".

Por último, Tono Chouciño afirmou que *"non entendemos a referencia á "conciencia tranquila" do sr. Alcalde, que aínda que teña as competencias dos expedientes delegadas nos concelleiros, ten a obriga "in vigilando" das responsabilidades. Debería el mesmo revisar os expedientes e ver a evolución que nós comprobamos, para ter conta de como se exercen ás súas delegacións"*.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Pastillas para a paciencia no Centro de Saúde do Portádego

15 Marzo 2017

O BNG de Culleredo fixo un reparto de "Pastillas para a paciencia" como protesta simbólica ante o retraso reiterado na apertura deste centro asistencial.

información. Imos camiño da segunda quincena de marzo e non se recibiu nada, xa nos empezamos a preguntar se algún día o veremos aberto".

Tono Chouciño manifestou que este Centro é unha necesidade como primeiro paso para poder desconxestionar o Centro de Saúde de Acea de Ama, e mellorar así a calidade asistencial dos veciños e veciñas de Culleredo. *"É preciso un aumento do persoal e diminuír o tamaño dos cupos actuais, que superan as 1700 persoas, cumprindo polo menos o compromiso da propia Consellaría de limitalos a 1500 usuarias por profesional"*.

A súa construción comezou a xestarse na época do bipartito na Xunta, administración á que lle foron cedidos os terreos xa nun lonxano ano 2009.

Tono Chouciño lembrou que na visita do presidente da Xunta, Núñez Feijoo, acompañado de varios membros do Goberno Local, co gallo do remate das obras, a principios de agosto pasado, deuse como data de apertura o mes de setembro dese mesmo ano, *"e desde aquela cada mes nos chegan anuncios recurrentes da súa apertura. O último falaba da segunda quincena de febreiro, e que previamente se remitirían cartas ás persoas afectadas polos cambios para facilitarlles toda a*

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Aprobación unánime da proposta do BNG de instaurar taxa ás empresas enerxéticas

18 Marzo 2017

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo conseguiu a aprobación unánime do Pleno para o inicio dos estudos e xestións necesarias para a tramitación e aprobación, a través da correspondente ordenanza fiscal reguladora, dunha taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos.

Trátase dunha iniciativa que xa foi anunciada polo voceiro nacionalista, Tono Chouciño, durante o Pleno sobre o Estado do Municipio, ante a necesidade de buscar novas fontes de financiación para o Concello, e ao aveiro das sentenzas do Tribunal Supremo que avalan a instauración destas taxas noutros Concellos.

Estas sentenzas avalan a legalidade de gravar a utilidade que lle reporta ás empresas de enerxía, gas ou hidrocarburos a utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo que forma parte do dominio público, con exclusión doutros usos, para unha actividade netamente industrial como é o transporte de subministros enerxéticos.

A cota a pagar situaríase entre 3.000 euros e 12.000 euros por metro lineal no caso das instalacións de transporte eléctrico, segundo o tipo de tensión -baixa, media ou alta-, e no que atinxe ás de transporte de gas, oscilaría entre os 500 euros e os 4.000 euros.

Tono Chouciño lembrou que a Lei Reguladora das Facendas Locais de 2004 xa permitía a creación desta taxa, mais as empresas nunca a aboaron e moitos concellos aínda non crearon ordenanzas a tal efecto. *"Os veciños e veciñas contribúen con máis do 50% do orzamento de Culleredo, aportan entre taxas e impostos máis de 11 millóns de euros, mentras que grandes empresas enerxéticas gozan dun réxime virtual de exención fiscal, ao que é preciso pór fin, para que todos contribuamos en condicións de igualdade ao sostemento dos servizos públicos".*

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O goberno municipal segue a xogar ao escurantismo co Orzamento 2017

5 Abril 2017

Este xoves, apenas unha semana despois do último Pleno Ordinario, vanse someter a Pleno Extraordinario as alegacións presentadas ao Orzamento para 2017 por un grupo de veciños e veciñas, así como a aprobación definitiva do mesmo, logo de ser autorizado polo Xulgado Mercantil número 1 o pago fraccionado da sentenza polos terreos do Colexio Ría do Burgo.

O Pleno Extraordinario está fixado para a unha e media da tarde, cando os Plenos ordinarios, por norma xeral, son convocados ás 20.30h, cousa que non nos parece casual. Antes ben, parece que a intención é dificultar a asistencia de público ao Pleno e así ocultar os problemas que xenera o pago polos terreos adicionais para o Colexio Ría do Burgo.

Resulta que entre todos pagaremos máis dun millón e medio de euros a unha promotora por un terreo que non esta claro que fixera falta para a construción do Colexio. Descoñecemos porqué se modificou o proxecto orixinal, cambiando a orientación do edificio, o que derivou na compra dos terreos obxecto de litixio.

Para Tono Chouciño, voceiro do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo, "*é altamente significativo que os terreos do colexio actualmente en construción constaran, na súa totalidade, 200.000 euros, e estos vannos costar sete veces máis*".

O voceiro nacionalista lembra que "*o acordo plenario do ano 1999 acordaba "facultar ao Alcalde para cantas accións sexan necesarias para levar a bo fin o convenio", e é unha evidencia que isto non foi así e o Alcalde, Julio Sacristán, fracasou no encargo do Pleno*".

Tono Chouciño lamentou a actitude despectiva do Goberno municipal con respecto á alegación formulada por veciñas e veciños de Culleredo aos Orzamentos, "*demostrouse que tiñan razón, xa que convocan este Pleno extraordinario logo de recibir o visto bó do Xulgado o pasado 28 de marzo. Se tiveran un mínimo de vergoña pediríanlles aos alegantes disculpas públicas polas súas manifestacións, onde trataban de intoxicar sobre a militancia ou non política dos alegantes en vez de explicar e/ou xustificiar a súa proposta de Orzamento, cousa que está claro que non podían facer*".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG pide a demisión do alcalde Julio Sacristán

8 Abril 2017

No pleno do pasado xoves o Goberno Municipal tivo que admitir, aíndo afirmando que a rexeitaba, que a alegación presentada por un grupo de veciños e veciñas ao orzamento tiña razón, e que os Orzamentos tiñan que recoller a totalidade das débedas do Concello. Este feito demostrouse mesmo porque agardaron a ter a autorización do Xulgado para o fraccionamento do pago, que se produciu o pasado 28 de marzo, para poder traer novamente os Orzamentos ao Pleno para a súa aprobación.

Logo do auto do Xulgado Mercantil, a partida denominada "Adquisición de terreos. Centro Escolar e terreos en Castro de Vilaboa" vai case integramente para pagar o primeiro prazo da sentenza, 850.000€ máis os xuros. E para o orzamento de 2018 temos tamén comprometidos outros 710.000€ máis os xuros.

Aínda así dende o PSOE municipal persisten nas súas descualificacións cara as persoas alegantes, o que para Tono Chouciño "é unha mostra da súa mala fé, unha vez xa demostrada a súa incompetencia, que foi a que provocou a demora de dous meses na tramitación dos Orzamentos. É curioso que o Alcalde dixera no Pleno que "só faltaba o parabén do xulgado", detalle irrelevante ao seu ver, pero que fixo termos que agardar dous meses porque os informes non poderían ser favorábeis".

O tempo e o esforzo que o Goberno municipal gasta en descualificar a eses veciños e veciñas que exercen un dereito que a lei lles recoñece, e que por riba se demostra que teñen razón, deberían empregalo en dar contestación ás preguntas que aínda quedan por responder: como pode ser que dende 1999 non atoparan un terreo edificable para a permuta, ou que pasou co 10% de cesión para equipamentos de todas as promocións que se fixeron en Culleredo desde entón.

Para o voceiro nacionalista, "a situación non ten por onde collerse; pagaremos 1.560.000€ por unha parcela que non vale dúas perras, que segundo o PXOM é zona verde e non foron quen de recualificala, nen sequera son quen de demostrar que fixera falla para o colexio Ría do Burgo".

Tono Chouciño reclamou ao Alcalde a asunción das súas responsabilidades políticas, "culpan ao BNG, aos funcionarios, aos veciños e veciñas, calquera que pase por diante lles vale, cando é o Goberno Municipal, co Alcalde á cabeza, o que incumpre por sistema as súas propias promesas, non se sabe se a propósito ou por mero descoñecemento, pero o que si sabemos é que Culleredo non pode continuar á deriva cun goberno a todas luces canso e falto de iniciativa".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O servizo de axuda a domicilio de Culleredo sen contrato

8 Abril 2017

O contrato para a xestión do servizo público de axuda a domicilio, cun importe de 646.006,44 euros/ano, venceu o pasado 8 de febreiro sen que até o momento se presentaran os pregos para a súa renovación, algo que debería ter sido feito con anterioridade ao seu vencemento, o que eleva os pagos irregulares do Concello a 1.200.000€ anuais.

O servizo presta asistencia a persoas de idade avanzada ou con dificultades de mobilidade para o aseo e coidado persoal, a axuda á mobilización da propia persoa dentro do fogar, a axuda para a inxesta de alimentos, ou o acompañamento fóra do fogar para facer xestións, accións todas elas básicas e que tentan garantir a autonomía persoal, previr o deterioro individual e contribuír á integración e permanencia destas persoas na súa contorna habitual de vida. Trátase pois dun servizo básico, e non se entende como non mereceu un mínimo interese do Goberno de Julio Sacristán.

Tono Chouciño manifestou a súa preocupación, xa que *"ven sumarse aos outros 6 servizos públicos que xa se están a prestar sen contrato, como o servizo de subministro de auga, ou o de limpeza viaria. Só dende a desidia ou a incapacidade manifesta dos responsábeis municipais pode explicarse esta situación. O goberno de Julio Sacristán está a amosarse incapaz de cumprir as súas obrigas legais"*.

Para o voceiro nacionalista esta situación supón un novo incumplimento das funcións propias do Goberno Municipal, *"a xestión pública está suxeita ao marco legal igual que a do resto dos cidadáns, e agora mesmo os orzamentos municipais destinan máis de 1.200.000€ a servizos prestados sen contrato. Non sabemos a que se dedica o Goberno Municipal. A calquera cousa menos a gobernar este Concello"*.

Tono Chouciño expresou a súa comprensión con Julio Sacristán xa que *"33 anos no cargo son moitos anos, todo cansa, pero debe entender que é hora de dar un paso ao fronte e asumir que Culleredo precisa abrir un tempo novo, con xente nova con ganas de traballar para axudar aos seus veciños e veciñas a sacar este Concello adiante"*.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

Falta de información na apertura do Centro de Saúde do Portádego

18 Abril 2017

Despois de 8 anos esperando a súa apertura, parece que por fin o vindeiro luns, día 24 abrirá o Centro de Saúde do Portádego, dacordo coas informacións aparecidas na prensa. O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo lamenta a falta de información oficial por parte do SERGAS tanto ás persoas directamente afectadas polos cambios dos profesionais como á poboación en xeral.

"A Xunta comprometérase a informar dos cambios por carta e a reducir os cupos a 1500 persoas, pero a falta de 5 días aínda non se sabe nada", afirma Tono Chouciño. "Chégannos informacións de que van trasladarse ao Portádego varios dos profesionais de medicina de familia e pediatría dos cupos de tarde de Acea de Ama. Se isto é certo, que pasa coas persoas que tiñan xa cita para a vindeira semana? están avisadas dos cambios nas súas citas?"

Para o voceiro nacionalista débese garantir que as persoas que precisan médico ou pediatra en horario de tarde, por razóns laborais ou escolares, poidan seguir téndoo, *"non pode ser que coa apertura do centro do Portádego empeore o servizo en lugar de mellorar, e esas persoas ás que se lles cambia para un cupo de mañá sen posibilidade de optar a un profesional en horario de tarde son as que despois se ven obrigadas a acudir aos Servizos de Urgencias, o que á súa vez deriva na súa saturación"*.

Tono Chouciño amosa tamén a súa preocupación polas dificultades de acceso ao novo Centro para os peóns, *"dende a N-550, Avenida de Vilaboa e Avenida Miguel González Garcés, onde está a parada de bus máis próxima ao Centro, é imposible chegar a pé a el usando as beirarrúas e cruzando por pasos de peóns, moito menos en cadeiras de rodas"*.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O novo colexio non abrirá para o próximo curso 2017/2018

22 Abril 2017

Despois de negar en reiteradas ocasións os evidentes retrasos na construción do novo colexio de educación infantil e primaria proxectado pola Consellería de Educación, o goberno do Concello de Culleredo admitiu finalmente no último pleno municipal que o centro non entrará en funcionamento para o próximo curso 2017/2018.

Tras comprobar que o novo colexio non se atopaba entre os centros ofertados pola Consellería de Educación para novas matriculacións, o goberno local non pudo máis que admitir o evidente ante unha pregunta formulada polo portavoz e concelleiro do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo Tono Chouciño. En anteriores ocasións o goberno socialista do Concello de Culleredo negou e rexeitou a preocupación amosada polo BNG ante os prazos propostos pola Xunta de Galicia para a construción desta nova instalación educativa que, cando menos, retrasaban a súa apertura ata a primavera de 2018.

Durante a visita do Conselleiro de Educación Román Rodríguez o pasado mes de xullo, o Alcalde de Culleredo chegou a declararse satisfeito co avance do proxecto e coa axilidade das iniciativas da Consellería de Educación no Concello, remarcando que o novo CEIP era unha necesidade debido ao crecemento da poboación do concello. Segundo sinala Tono Chouciño, "o goberno municipal fachendaba despois daquela visita de

ter o compromiso da Consellería para poñer en funcionamento o centro no próximo curso, pero agora se evidencia o valor da palabra dos responsables autonómicos e a nula capacidade do señor Sacristán para facer valer esa palabra en defensa dos dereitos da veciñanza de Culleredo".

Agora o goberno municipal admite a posición e as excusas da administración autonómica para retrasar a apertura do centro ata o curso 2018/2019, baseándose unicamente nas cifras de matriculación para o próximo curso. "O goberno municipal non quere facer fronte á saturación das aulas nos colexios de educación infantil e primaria de Culleredo, con 20 das 88 aulas superando o límite máximo de 25 alumnos, e outras 25 aulas cheas ata a máxima capacidade. Ademais, neste curso 2016/2017, Culleredo conta nos seus colexios con 10 aulas habilitadas de forma extraordinaria polo exceso de matrícula, ocupando espazos que deberan ser destinados a bibliotecas, laboratorios, talleres... Desde o BNG consideramos esta situación suficientemente grave como para reivindicar a apertura do novo colexio no próximo curso".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Caos na apertura do novo Centro de Saúde

25 Abril 2017

A falta de información que xa denunciabamos a semana pasada, e a improvisación, derivaron este luns nun caos na apertura do novo Centro de Saúde, con longas colas de persoas que se acercaron ao Portádego e Acea de Ama a informarse e tramitar cambios de cupo.

Para Tono Chouciño, "unha vez que non informaron con antelación suficiente, o mínimo que deberían ter feito é prever a grande afluencia dos primeiros días aos centros para tramitar os cambios, reforzando o servizo de atención, e así aforrarnos estas colas e esperas, que son resultado da súa incompetencia".

O voceiro nacionalista amosou tamén a súa preocupación pola creación dun só cupo novo de medicina de familia "cando o alcalde nos afirmara que se ían crear dous novos cupos. Xa sabemos que non é competencia súa, pero a súa obriga era vixiar o cumprimento por parte da Xunta das súas promesas, cousa da que non se acordaron até o último intre".

"A consecuencia deste incumprimento é que a ratio de pacientes por médico en Acea de Ama e no Portádego vai seguir a ser superior aos 1500, incumprindo o seu propio obxectivo, e tamén se reduce a atención pediátrica en horario de tarde, dificultando a conciliación da vida laboral e familiar".

Tono Chouciño lamentou tamén a improvisación do Goberno Municipal cos

accesos peonís dende a N550 e cos aparcamentos, "teñen a aprobación dende agosto para construír un aparcamento no campo de fútbol e non só non está feito, senón que esperaron á apertura do centro para improvisar unhas rampas para o acceso dos vehículos, habilitando un espazo para as ambulancias totalmente inadecuado".

O representante do BNG-Asembleas Abertas lamentou estas incidencias, e pediu a ambas administracións "un mínimo de interese" en facilitar o acceso dos usuarios aos servizos sanitarios, "as cousas, querendo, pódense facer un pouquiño mellor, un pouquiño bastante".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG pregunta polo cumprimento das obrigas tributarias das construcións ilegais

1 Maio 2017

No pleno do pasado xoves o BNG-Asembleas Abertas de Culleredo interesouse por terceira vez polo cobro do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) ás obras incluídas nos expedientes requeridos recentemente polo Xulgado, xa que nas dúas ocasións anteriores os representantes do Goberno Municipal non puideron confirmar o pago de dito imposto.

Nesta ocasión, tralas preguntas do voceiro nacionalista, Tono Chouciño, comprometéronse a facilitar unha relación coa liquidación do ICIO naqueles casos nos que este era preceptivo.

Tal e como se dixo no Pleno, o ICIO é un imposto que carga a realización de todo tipo de obras ou construcións, formalizándose a través dunha autoliquidación que debe presentar a persoa interesada, calculada sobre o importe das obras feitas. No caso de non terse presentado a autoliquidación, corresponde ao Concello a tramitación da liquidación de oficio.

Para o representante nacionalista "o Concello debería poder acreditar facilmente que todas as obrigas tributarias están sendo esixidas a todos por igual, e debería tamén ter establecido un procedemento de comunicación entre os Servizos municipais de Urbanismo e Facenda, para liquidar de oficio este tributo. O contrario é beneficiar ao infractor"

Tono Chouciño lembrou que entre eses expedientes hai obras con importes de 200.000 e 1.000.000 de euros, e algunha prescribe no 2018, polo que "no caso de que non se tivese liquidado o imposto, procedería facelo á maior brevidade posíbel".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG pregunta ao Concello polo Patrimonio municipal

8 Maio 2017

O BNG-Asemblas Abertas de Culleredo formulou unha pregunta ao Goberno Municipal sobre as parcelas que forman parte do Patrimonio do Concello, a súa edificabilidade, e cal ten sido a súa evolución nos últimos anos.

Esta pregunta ten a súa orixe na sentenza que obriga ao Concello a pagar máis dun millón e medio de euros polos terreos do Colexio Ría do Burgo, por non poder entregar ao propietario terreos coa edificabilidade que figuraba no convenio asinado entre ambas partes, que era de 3098 metros cadrados.

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo quere saber que parcelas edificábeis ten neste momento o Concello no seu Patrimonio, e cales tiña no momento de asinar o Convenio, así como cal foi a evolución deste tipo de propiedades neste período.

Para Tono Chouciño, voceiro nacionalista, "parece difícil que Culleredo, cun grande crecemento urbanístico nas últimas décadas, non tivera no seu patrimonio parcelas destas características, xa que o desenvolvemento de polígonos urbanísticos obriga a ceder ao Concello o 10% da edificabilidade, a maiores das parcelas para equipamentos, viais, zonas verdes e demais estipuladas legalmente".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG pregunta pola situación da vivenda de tránsito.

11 Maio 2017

A noite do 8 de Maio perto da media noite, houbo un incendio en Fonteculler presenciado por varios veciños que transitaban pola zona. Acudiran con prontitude e eficacia os bombeiros, a policía local e a garda civil. Unha persoa que vivía nun pequeno galpón nun solar, sufrira un incendio. Non houbo danos persoais, pero perdeu todo o que tiña alí.

Os funcionarios intentaban buscar unha solución de aloxamento para esta persoa, pero ante o interese do concelleiro do BNG pola vivenda de tránsito, a resposta foi que leva anos sen que poida dispoñerse dela por estar habitada de forma continuada pola mesma xente. Finalmente a solución foi unha institución de beneficencia noutro concello limítrofe.

Esa tarde xa houbera outra situación parecida que tamén houbo que resolver de forma allea aos recursos municipais.

A solución da vivenda de tránsito, debe ser, como o seu nome di, transitoria no tempo, e non permanente.

Entendemos que é inadmisíbel que o goberno municipal teña os recursos utilizados desta forma, privando aos funcionarios públicos das ferramentas para dar solución aos problemas. E máis aínda, que se teña que acudir a institucións benéficas, mesmo doutros concellos, para resolver situacións de

emerxencia, cando reiteradamente o goberno municipal gábase de ter superávit nas súas contas.

Con este motivo, o voceiro municipal do BNG, Tono Chouciño, ven de rexistrar unha pregunta aos responsables municipais, para que aclaren a situación e para que dunha vez por todas se estableza un protocolo ben definido, que conte con un sistema de asignación claro e axil dos recursos dispoñibles.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG pregunta pola organización da Feria de Artesanía do Burgo

16 Maio 2017

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo registrou unha pregunta ao Goberno Municipal pola organización da Feira de Artesanía que tivo lugar este mércores, 17 de maio, no Burgo, ante as queixas recibidas de persoas interesadas e que non obtiveron permiso para instalar o seu posto.

Tono Chouciño, representante nacionalista, indica que *"non nos consta que houbera mecanismo algún para o reparto do espazo público entre os solicitantes, o que nos contan é que se lles indicaba que mandarían un correo electrónico e, cando chamaron para saber se podían montar os postos, dicíanlles que xa estaban todos adxudicados"*.

Á vista destes feitos, o voceiro nacionalista pregunta ao Goberno Municipal de que maneira se publicitou a convocatoria para a instalación de postos na feira e cal foi o mecanismo de asignación do espazo público.

"Sendo un espazo público, e sendo unha actividade que implica un lucro para os beneficiarios, o proceso de adxudicación dos postos precisa da máxima transparencia, de cara a garantir a igualdade de oportunidades", manifestou o voceiro do BNG.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG reclama información sobre incidencias nas terrazas

20 Maio 2017

O Goberno Municipal de Culleredo ten actualmente sometida a información pública a proposta de Ordenanza que regula o uso de espazo público por locais de hostalaría para a instalación de terrazas e veladores, aprobada inicialmente no pleno de Abril.

Aínda que no período inicial non se rexistraron alegacións á mesma, o BNG-Asembleas Abertas de Culleredo ten recibido numerosas queixas do funcionamento destas instalacións, polo que Tono Chouciño rexistrou unha petición de información sobre as demandas recibidas pola Policía Local nos últimos 4 anos sobre este tema.

"O primeiro que hai facer á hora de reformar calquera ordenanza é avaliar como funcionou a actualmente en vigor, para corrixir os defectos que puidera haber".

O voceiro nacionalista manifestou a súa estrañeza pola ausencia de alegacións nunha ordenanza que regula unha actividade que regularmente é obxecto de queixas públicas, *"demóstrase, máis unha vez, a escasa publicidade e transparencia do Goberno Municipal nos asuntos que lle afectan a toda a veciñanza, ogallá lle adicasen a metade de recursos que lle adican á autopropaganda".*

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG demanda solución ao tráfico na Laxe

27 Maio 2017

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo solicitou no Pleno do pasado xoves solución ao tráfico no núcleo da Laxe, na estrada que vai dende a N550 á Zapateira, polo gran volume de tráfico que soporta dende a apertura da terceira ronda.

Tono Chouciño lembrou a existencia dun proxecto para a realización dunha circunvalación, incluído no PXOM en trámite, "pero na Laxe existe un problema que non pode estar eternamente á espera da aprobación do Plan ou de que ocorra unha desgraza".

O BNG-Asembleas Abertas ten recibido numerosas queixas dos veciños e veciñas, que manifestan a súa preocupación polo contínuo paso de vehículos por unha estrada estreita, algúns a grande velocidade, que se agrava durante o curso cos autobuses escolares, que as veces provocan retencións pola súa necesidade de manobrar para poder pasar entre as vivendas.

Para Tono Chouciño "é urxente reforzar as medidas de seguridade na estrada e ao tempo avanzar na execución da circunvalación prevista no novo PXOM".

O voceiro nacionalista lembrou tamén que o proxecto de circunvalación coincide no seu trazado co proxecto do Vial 18, entre a autoestrada AP9 e a terceira ronda, que se encontra paralizado polas deficiencias do

primeiro proxecto presentado e sen data para a súa realización, tal e como manifestou o Alcalde no Pleno.

"Existindo estes dous proxectos, debera buscarse o xeito de facelos coordinadamente, evitando molestias e duplicidades nas obras e nas expropiacións, xa que as infraestruturas deben beneficiar á comarca pero nunca en perxuízo da poboación local, que é a que sofre obras que ao final non repercuten na vertebración de Culleredo".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

É preciso facer melloras na contorna dos Centros de Saúde

1 Xuño 2017

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo preguntou ao Goberno municipal polos accesos dos Centros de Saúde do Portádego e de Acea de Ama, e a súa adaptación ao Plano de Mobilidade do Concello.

Tono Chouciño manifestou a súa preocupación, pola situación das beirarrúas na Avenida do Portádego, que impiden itinerarios peonís seguros e accesíbeis e polo tamaño das prazas reservadas ás ambulancias, demasiado pequenas para estes vehículos.

O voceiro nacionalista preguntou tamén polas condicións de seguridade e accesibilidade do solar que fai esquina entre a Avda do Portádego e a de González Garcés, que está a ser empregado dende hai moito tempo como aparcadoiro.

No caso do Centro de Saúde de Acea de Ama amosouse a preocupación polo acceso posterior a Urxencias, e a súa compatibilidade coa zona de carga e descarga do supermercado veciño.

"Temos visto camiións de gran tonelaxe circulando marcha atrás, en dirección contraria, e realizando manobras que obstaculizan a entrada a Urxencias. Que pasa se nese momento chega unha ambulancia?"

O voceiro nacionalista preguntou ao Goberno Municipal se ese acceso contaba con licenza municipal e se se axustaba á mesma.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Protestas polo funcionamento dos semáforos en Vilaboa

5 Xuño 2017

Un grupo de veciñas e veciños de Vilaboa, que presentaron hai meses no rexistro municipal unha petición pedindo a mellora da regulación semafórica da N-550 ao paso por Vilaboa, dirixíronse ao BNG-Asembleas Abertas de Culleredo para indicarnos que non teñen recibido contestación e tampouco advertiron que se tivera feito nada para resolver os problemas denunciados.

Lamentamos, máis unha vez, que non se contesten as reclamacións veciñais e que se desafíe a paciencia dun grupo de veciñas e veciños que civicamente están participando coas súas achegas na mellora da calidade de vida local.

Tono Chouciño lembrou que, malia os reiterados anuncios da súa cesión ao Concello, esta vía aínda non é de competencia municipal, *"pero entendemos que o Goberno municipal debe interesarse por esta petición, xa que afecta á seguridade dos seus veciños e veciñas, pedindo informe dos servizos municipais e, se procede, sumarse á petición ao organismo competente para facer as correccións precisas"*.

O voceiro nacionalista lembrou que o BNG solicitou en repetidas ocasións o soterramento da AP9 en Vilaboa, no cruce coa N550, ao igual que o das vías do tren no Burgo, *"levamos estas peticións en forma de emenda aos orzamentos do Estado porque cremos que melloraría a seguridade e a fluidez do tráfico, nas*

proximidades dun colexio e de varias instalacións deportivas, eliminando o tapón existente no treito final da Rúa Vicente Risco, na entrada do CEIP Sofía Casanova".

"Calquera actuación de ampliación que se realice na AP9 debe estar condicionada a que se solventen as servidumes e os atrancos que esta infraestrutura nós impón na vida diaria, e ser costeada polos responsábeis da mesma, non polos veciños e veciñas de Culleredo como se vai facer no Burgo" afirmou Tono Chouciño.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Reunión para avanzar na convivencia cotiá coas mascotas

12 Xuño 2017

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo mantivo unha xuntanza con representantes veciñais e de asociacións protectoras de animais para tratar de avanzar na creación de zonas específicas para o xogo e alivio destes animais. Esta problemática revelouose como unha preocupación recorrente nas recentes reunións dos Consellos de Participación, tanto pola suciedade como pola xeración de conflictividade en espazos públicos.

Tono Chouciño lembrou que a creación destas instalacións incorporouse á redacción das cláusulas para a concesión do novo Contrato de Limpeza Viaria, que se encontra paralizada dende o ano pasado.

Para o voceiro nacionalista *"é preciso cubrir as necesidades das persoas propietarias destes animais e ao tempo garantir as condicións xerais de seguridade e limpeza do conxunto da zona urbana de Culleredo, algo que actualmente non sucede"*.

O contido da xuntanza plasmarase nunha moción que será levada próximamente ao Pleno, na que se recollan as achegas de ambas partes, para saír da parálise actual.

"Malia as reiteradas promesas e anuncios do Goberno Municipal nada se fixo. Procuraremos elaborar un texto de consenso e que non caia no caixón do esquecemento, como adoita pasar con moita frecuencia en Culleredo" indicou Tono Chouciño.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG pide mellorar o mantemento e seguridade dos espazos públicos

17 Xuño 2017

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo demanda do Goberno Municipal a mellora no mantemento e na seguridade dos espazos públicos, como beirarrúas e parques públicos, que sofren un deterioro e abandono que nalgúns casos poñen en perigo a seguridade das persoas.

Tono Chouciño manifestou que "*son constantes as queixas que recibimos dos nosos veciños e veciñas por cousas como beirarrúas intransitábeis ou fontes nos parques que non funcionan, que lle transmiten ao Concello e non ven que este faga nada por amañalo*".

A preguntas do BNG no Pleno municipal, polos semáforos de Vilaboa, o propio alcalde recoñeceu que as queixas veciñais non se estaban a contestar, obviando as normas do procedemento administrativo, e facendo que aumente a desesperación veciñal pola falta de calquer tipo de resposta.

O voceiro nacionalista lembrou como nas últimas festas do Santiago no Burgo houbo danos no Paseo Marítimo que aínda están sen arranxar, ou o caso do Paseo do Río Trabe, anunciada a súa reparación urxente e aprazada sen data.

Tono Chouciño contrapuxo este abandono cos constantes anuncios de superávit, "*é unha escea que se repite todos os anos e que non é*

máis que presumir do propio fracaso. A finalidade do Concello non é repartir beneficios, é asegurar uns servizos aos veciños e veciñas, e neste caso vemos que non se está a facer".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG demanda responsabilidade do Goberno Municipal

25 Xuño 2017

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo rexeita as excusas expostas polo Goberno Municipal perante a súa falta de control na limpeza de soares e nas distancias das plantacións de especies pirófitas ás vivendas e industrias.

"Levamos anos insistindo no desbroce das cunetas e en que se requira dos particulares a limpeza das fincas, e sempre escoitamos as mesmas excusas", manifesta Tono Chouciño.

Na opinión do voceiro nacionalista esta inactividade leva a que a situación se agrave ano a ano, *"din que non poden localizar aos propietarios, cantos anos se pode tardar en localizalos? porque hai fincas coas que sempre hai problemas e é a inactividade do Goberno Municipal, que só actúa a denuncia dos veciños e veciñas, a que fai que cunda o mal exemplo e a sensación de impunidade".*

O representante do BNG alertou sobre o requerimento de AENA para cortar árbores na zona de afectación do aeroporto, preguntándose se estaba a ser atendida coa dilixencia debida.

"A seguridade debe entenderse un sentido amplo e tomarse en serio desde as autoridades responsábeis. Tamén polo noso goberno municipal."

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Solicitamos o cumprimento da Lei de Memoria Histórica

28 Xuño 2017

Os grupos municipais de Alternativa dos Veciños, BNG-Asembleas Abertas, Marea Veciñal e a concelleira non adscrita, presentaron para o seu debate no pleno deste xoves día 29 unha moción conxunta solicitando o cumprimento da Lei de Memoria Histórica.

Tono Chouciño lembrou a existencia de numerosas placas e símbolos da ditadura en espazos públicos do noso Concello, *"en 40 anos non fomos quen de erradicar estos restos que pública e notoriamente perviven á vista de calquera"*.

A moción insta ao goberno municipal á elaboración dun catálogo de escudos, insignias, placas e outros obxectos, así como de nomes de rúas, que supoñan conmemoración ou exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar e da represión da ditadura.

O voceiro nacionalista, impulsor da iniciativa, agradeceu ao resto dos grupos asinantes o seu apoio, manifestando que *"xa é hora de que estas rémoras da ditadura, que noutros países non estarían permitidas, sexan retiradas do noso rueiro"*.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG presenta alegacións á ordenanza de terrazas

8 Xullo 2017

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo registrou unha alegación á Ordenanza Municipal de Terrazas e Veladores, na súa fase de exposición pública trala aprobación inicial no Pleno.

O BNG entende que a nova ordenanza, lonxe de solucionar os problemas existentes, só serve para botar unha cortina de fume para tentar cubrir a inoperancia, e mesmo complicidade do Goberno Municipal, no mal desenvolvemento e nulo control do cumprimento da ordenanza actual.

Tono Chouciño manifestou ter constancia "*de comunidades veciñais que tiveron que recorrer ao Valedor do Pobo pola falta de resposta do Goberno Municipal ás denuncias de incumprimentos da ordenanza actual, e iso non se soluciona coa ordenanza nova, soluciónase con vontade política de que as ordenanzas non queden en papel mollado, algo bastante habitual en Culleredo*".

O voceiro nacionalista fixo fincapé na pouca claridade do texto, que incorre en incongruencias en varios apartados, expondo a necesidade de incluír un glosario que aclare os termos empregados e mesmo dun catálogo de rúas peonís e de tráfico compartido "*se a ordenanza distingue varios tipos de rúas, debemos saber cales son para saber cales son os nosos dereitos en cada unha das categorías*".

Para o BNG a elaboración desta ordenanza é un bo exemplo de asunto que debería ser tratado no marco dos Consellos de Participación Cidadá. Tono Chouciño lamentou a burocratización destes órganos, xa que ao seu entender "*en vez de ser verdadeiros órganos de participación o Goberno Municipal parece querer afogalos limitando as súas posibilidades como foros de discusión onde os veciños e veciñas poidan realizar as súas achegas de xeito directo*".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG solicita mellorar a xestión dos eventos en espazos públicos

13 Xullo 2017

O BNG considera que é importante avanzar nunha regulación que dea claridade aos procedementos de contratación destes eventos públicos e garanta a igualdade de oportunidades. Débese garantir tamén, en todo caso, a seguridade e as condicións de hixiene e seguridade tanto para as persoas que acudan a eses eventos como para o conxunto da poboación.

Para Tono Chouciño *"mentres outros Concellos teñen regulada a organización de espectáculos en espazos públicos de acordo coa lei de contratación pública, en Culleredo seguiremos recorrendo ao "como se fixo sempre", aínda que ese "sempre" non teña respaldo normativo ningún, con actividades que se promocionan antes de ter licenza ou autorización algunha, procurando sempre esquivar todo tipo de control e/ou fiscalización"*.

O voceiro nacionalista reclamou unha maior implicación do Goberno Municipal na organización das festas populares, en liña co que tamén se fai noutros concellos. *"Culleredo ten ido nos últimos anos cara un modelo de festas de macrobotellón, que son todo o contrario do que o Concello debe fomentar"*.

Tono Chouciño chamou a atención sobre a relaxación no cumprimento das normativas municipais nestes actos, *" cousas que a calquera veciño suporíanlle unha multa, como a descarga*

de augas sucias na rede de pluviais, nestes eventos públicos fanse sen nengún tipo de reparo. Se a lei é igual para todos e todas, porque non se aplica?".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Queixas veciñais pola mala xestión das festas

17 Xullo 2017

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo está a recibir numerosas queixas da veciñanza de Vilaboa polos resultados das festas da parroquia, así como de xente que se preocupa por como van ser as próximas do Burgo. Xa ninguén parece crer nos anuncios do goberno municipal de cambiar os límites de horarios e ruidos posto que xa o ano pasado fixeron o mesmo: anuncio no período de entre festas para acalmar os ánimos, incumprimento das promesas e deixar arrefriar o asunto ate o seguinte ano.

O BNG sería o primeiro en alegrarse de que se cambie o paradigma de festas, pero o goberno municipal debería explicar que foi o que cambiou nesta semana para que volvan anunciar un ano máis, neste preciso momento, que as festas do Burgo contarán cunhas garantías á convivencia que non houbo nas festas de Vilaboa hai unha semana, e dicirnos porqué debemos crelos despois de que o ano pasado fixeran o mesmo e non o cumpriran.

O voceiro nacionalista, Tono Chouciño, incrementa o seu escepticismo cando é a propia comisión de festas a que traslada a prensa que esas restricións conlevarían perdas. *“E logo estas condicións non as coñecía a comisión de festas cando asumiu a organización? A quen engana o alcalde? aos veciños? á comisión de festas? A todos simultaneamente?”*.

O BNG-AA ofreceu no último pleno ao resto de grupos políticos municipais acordar un texto para que a xestión de eventos no espazo público que leven a aproveitamento económico, se licite de acordo á lei de contratos e non como está sucedendo cada vez máis, como o caso das festas da zona urbana, de importante movemento económico sen control, a feira medieval, ou o parque acuático de Albedro; polo que volverá insistir na necesidade de aprobar un texto que implique o cumprimento da lei por parte do goberno municipal.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O Concello de Culleredo obrigado pola Valedora do Pobo a cambios na ordenación das festas

21 Xullo 2017

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo mantivo unha reunión o pasado mércores con persoas afectadas polo descontrol nas festas na zona urbana do Burgo e Vilaboa, para coñecer a súa problemática e pór en común todas as actuacións que, illadamente, tiñan dado.

Nesta xuntanza tivemos coñecemento da existencia de queixas perante a Valedora do Pobo dende o ano 2014, despois de que o Concello lles dera a calada por resposta ás persoas reclamantes.

Segundo a documentación aportada, a Oficina da Valedora ten reclamado información sobre "as autorizacións dadas, as súas condicións a vixilancia do seu cumprimento e a conclusión do seu estrito cumprimento [...] os horarios das actividades máis molestas, os niveis de ruídos que non se poden exceder e os controis que garantan que as molestias son limitadas e proporcionadas". A Valedora remata facendo un requerimento á administración local para que cumpra e faga cumprir a lexislación en materia de ruídos e de protección do medio ambiente.

As persoas presentes lembraron as máis de 400 sinaturas recollidas o ano pasado pola veciñanza de Vilaboa, presentadas ao Alcalde, demandando unhas festas onde se conciliara a diversión co descanso, e que foran desoídas dende o Goberno Municipal.

Para o voceiro nacionalista "o Concello despreza ás veciñas e veciños non só pola súa inacción ante as reiteradas faltas de civismo e incumprimentos da lei que impiden que podan desfrutar das súas festas, senón que despreza a súa mobilización ante ditos incumprimentos, obrigándoas a acudir a outras instancias".

Tono Chouciño lamentou que "en Culleredo padezamos un Goberno Municipal que pretende ocultarnos o verdadeira causa dos cambios anunciados nas festas, negando as evidencias e desprezando as reclamacións veciñais e as chamadas á Policía Local durante a celebración das festas, até o punto de que a propia Valedora lle indica cales son as súas obrigas".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG pide claridade ao Goberno Municipal na tramitación do PXOM

29 Xullo 2017

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo solicita ao Goberno Municipal maior clareza e transparencia na tramitación do Plan Xeral de Ordenación Municipal, tras ter coñecemento pola prensa da reunión do Alcalde con representantes da Xunta de Galiza.

"Non pode ser que, dous días despois do Pleno Municipal, onde se supón que o Goberno Municipal dá conta pública dos temas que afectan aos nosos veciños e veciñas, non teñamos que enterar pola prensa da reunión do Alcalde uns días antes, e das novas esixencias da Consellaría, sen que os reponsábeis municipais informasen delas nen no Pleno nen nas Comisións Informativas, convertidas, por desgraza, nun mero trámite administrativo", manifestou Tono Chouciño.

O voceiro nacionalista solicitou a convocatoria da Comisión de Seguimento do PXOM, onde todos os grupos poidan ter coñecemento das últimas novidades e, ao mesmo tempo, a publicación na web municipal dos informes que xa constan.

Segundo Tono Chouciño "hai 1100 alegacións de veciños e veciñas de Culleredo agardando por unha constestación dende hai 4 anos, sen que esas persoas aprecien os avances na tramitación polo obscurantismo na tramitación do Plan. A información contida na web sobre o PXOM apenas se actualizou en todo este tempo, cando é unha ferramenta totalmente axeitada e necesaria para que manter á cidadanía informada".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG demanda melloras no Camiño Inglés

5 Agosto 2017

O BNG-Asembleas de Culleredo demandou no último Pleno municipal a mellora do Camiño Inglés que pasa por Culleredo, por ser un elemento patrimonial, cultural, turístico e económico a ter en conta e que precisa ser posto en valor.

Tono Chouciño chamou a atención sobre o abandono deste treito, *"con valos publicitarios tapando a igrexa do Burgo, prohibidos segundo a lexislación do Camiño, numerosos cableados eléctricos ao aire e nas fachadas das vivendas, e sen sinalización informativa dos lugares de interese polos que pasa, como o castro de Albedro, en total abandono"*.

O voceiro nacionalista reclamou un maior impulso por parte do Concello de Culleredo, lembrando que *"o ano pasado tivo que ser o BNG quen pedira ao goberno municipal a convocatoria de charlas informativas sobre as axudas para rehabilitación de vivendas no Camiño, cando a súa celebración estaba establecida na normativa"*.

O BNG resaltou a contradición do Goberno Municipal que nos quere meter nunha Asociación de Concellos que non se sabe para que serve cando ten múltiples cuestións do Camiño sen abordar.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

Convocada a comisión de seguimento do PXOM

12 Agosto 2017

O vindeiro día 30 de agosto reunirse a Comisión Especial do PXOM, trala petición feita polo BNG-Asembleas Abertas de Culleredo e a publicación da Memoria Ambiental do proxecto do novo plan pola Consellaría de Medio Ambiente.

Tono Chouciño chamou a atención sobre que esta será a Sesión Constitutiva desta Comisión "*cando xa pasou máis da metade do mandato, toda unha demostración do interese que ten o Goberno Municipal por sacar o PXOM adiante*".

Esta deixadez do Goberno de Julio Sacristán contrasta coas numerosas consultas veciñais recibidas polo BNG sobre que vai pasar co Plan, que se intensificaron a raíz das novas coñecidas as últimas semanas.

O voceiro nacionalista lamentou que na convocatoria non estea prevista a asistencia técnica do Servizo de Urbanismo e do equipo redactor do Plan, tal como solicitara no escrito rexistrado dada a complexidade das cuestións a tratar.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG demanda información completa do PXOM

30 Agosto 2017

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo demanda do Goberno Municipal que facilite información completa do estado no que se encontra o novo PXOM, para o que sería necesario a asistencia á Comisión Especial do PXOM, que se constituirá este mércores 30, tanto de técnicos municipais de Urbanismo como de representantes do equipo redactor.

Tono Chouciño lembra que na solicitude rexistrada xa figuraba a necesidade de asistencia por persoal técnico "*dada a cantidade de información a analizar e a súa complexidade*".

O voceiro nacionalista lembrou tamén que tras solicitar no Pleno de setembro, entre outras cousas, unha copia de toda a documentación ao PXOM, "*incluídas as modificacións que puideran ter habido desde a aprobación inicial, se nos facilitou un CD que apenas tiña os documentos da aprobación inicial, sen sequera as modificacións aprobadas no pleno de agosto de 2013*".

"Despois de comprobar a Memoria Ambiental aprobada pola Xunta, sóprendenos atopar os grandes cambios que parece se produciron dende a aprobación inicial de marzo de 2013. Na Zapateira algún ámbito pasa de 65 hectáreas a 77, un incremento de 120.000m² nunha zona cunhas infraestruturas de comunicación e de subministracións deficitarias para o crecemento

que se lle pretende dar", manifestou o representante do BNG, que agarda poder coñecer na reunión do mércores como se van incorporar as rectificacións propostas pola Xunta ao PXOM.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG reclama a ampliación das beirarrúas na ponte do tren do Burgo

2 Setembro 2017

O representante do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo, Tono Chouciño, volveu reclamar no pleno do pasado xoves a mellora da accesibilidade na ponte do ferrocarril no Burgo, na rúa Alfonso VII, que foi rexeitada polos votos do PSOE e a abstención da Marea, PP e Ciudadanos.

O voceiro nacionalista lembrou que esta demanda xa foi transmitida ao Goberno Municipal en varias ocasións, contestándonos o Sr. Alcalde en xuño de 2016 que estudarían a nosa proposta, sen que a día de hoxe saibamos aínda se se produxo algún avance nesta petición.

Preguntado nas comisións informativas o Tenente de Alcalde sobre esta cuestión, por estar ocupando o posto de Alcalde en funcións, a súa resposta foi que ese asunto o levaba o Alcalde en persoa.

Tono Chouciño fixo un chamamento á responsabilidade, á transparencia e á coordinación do Goberno Municipal, xa que esta ponte supón un nexo de unión entre dúas zonas densamente poboadas do Burgo, con importantes limitacións ao tránsito tanto de vehículos como de peóns, con beirarrúas estreitas e pendentes moi elevadas que supoñen un risco para o paso de persoas en cadeiras de rodas ou con carritos de bebés.

"Máis dun ano despois de comprometerse a estudar unha solución para garantir a seguridade dos peóns seguimos coa retahíla habitual de excusas, cando incluso se podía ter optado ás subvencións da Xunta para a eliminación de barreiras arquitectónicas. Pero este Goberno Municipal nunca ten presas, até que un día teñamos que lamentar unha desgraza".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG lamenta a actitude do Alcalde de Culleredo cos ruídos da AP9

16 Setembro 2017

O representante do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo amosou a súa sorpresa ante o inusitado interese do Alcalde de Culleredo, Julio Sacristán, polos ruídos derivados do intenso tráfico da autoestrada AP9, ao seu paso por Culleredo, despois de anos de deixadez e desinterese.

Tono Chouciño lembrou que el mesmo manifestou no Pleno de xullo de 2015 a necesidade da *"incorporación dun conxunto de melloras ás que consideramos que está obrigada a concesionaria da autoestrada, pola repercusión da súa actividade no noso Concello, en particular a incorporación de medidas de insonorización, ao paso da AP-9 polos núcleos urbanos de Culleredo, habituais hoxe neste tipo de infraestruturas, e a mellora e ampliación dos pasos inferiores e superiores, que permanecen nas mesmas condicións que cando a se inaugurou a autoestrada, dotándoos de beirarrúas transitábeis"*, sen obter resposta do Goberno Municipal.

Lembrou tamén que o BNG demandou a introdución destas melloras ao Congreso dos Deputados, cando tiña representación nesa institución, mediante a introdución de emendas aos Orzamentos Xerais do Estado.

Para o voceiro nacionalista é paradigmático que o Goberno Municipal só reaccione despois que a Xunta, na Avaliación Ambiental do proxecto do PXOM, estableza limitacións ao

desenvolvimento de diversas áreas por superarse nelas os niveis de ruído legalmente establecidos. *"Esta actitude ratifícanos na impresión de que urbanísticamente o executivo municipal ve Culleredo como un gran solar urbanizable, e que moitos dos problemas cotiáns dos seus veciños e veciñas non lles molestan entanto non entorpezan o seu proxecto construtivo"*.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Solicitamos explicacións sobre a situación do Complexo Deportivo da Garrocha

21 Outubro 2017

Perante as numerosas queixas recibidas de persoas usuarias das instalacións, o BNG-Asembleas Abertas de Culleredo, interesouse ante os responsábeis municipais pola situación das instalacións do Complexo Deportivo da Garrocha e polas actuacións levadas a cabo para esixir o cumprimento das súas obrigas pola concesionaria.

As instalacións, que son propiedade municipal, están a ser explotadas en réxime de concesión, tendo a concesionaria a obriga do seu correcto mantemento e comprometéndose ao pagamento dun canon que os 5 primeiros anos era de 2 millóns de pesetas (aproximadamente 12.000€) e os restantes de 4 millóns de pesetas (aproximadamente 24.000€).

Logo de solicitar acceso ao expediente, o voceiro nacionalista non puido comprobar a efectividade dos pagamentos, nen documentación que acredite as comprobacións do correcto mantemento das instalacións, o que viría amosar o "*pouco interese do Goberno Municipal por unhas instalacións que poderían ser punteiras na área metropolitana, máxime co déficit de instalacións deportivas que temos en Culleredo*".

Para Tono Chouciño "*é paradoxal que haxa clubs de natación de Culleredo que se teñen que desprazar a concellos limítrofes, mentras nos permitimos o luxo de ter unha piscina de 25 metros na Garrocha en estado de total abandono*".

O representante do BNG solicitou a publicación de todos os documentos da licitación na web municipal "*para que todo o mundo teña acceso a comprobar as condicións que debe cumprir a concesionaria. Non sería a primeira vez que o Concello ten que devolver as garantías a un concesionario que claramente incumpría as súas obrigas. Non queremos que se repita*".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Novo verquido no Río Valiñas

22 Setembro 2017

Hoxe detectouse un novo verquido no Río Valiñas, entre las localidades de Rumbo e Ledoño.

É a segunda vez en 10 días que veciños da zona se poñen en contacto co BNG-Asembleas Abertas de Culleredo denunciando feitos similares, dos que se deu traslado ao SEPRONA, á Policía Local e ao 112, así como a asociacións de defensa da natureza.

Segundo testemuños de persoas que viven nas proximidades deste río, dende hai algún tempo "*unha vez á semana a auga baixa turbia e con espuma, coma se levara xabron*", sendo os destas dúas últimas semanas moito máis intensos, ao seu parecer.

O voceiro nacionalista, Tono Chouciño, agradeceu a información facilitada por estas persoas e polas que denunciaron os verquidos e facilitaron fotos dos mesmos.

"Onte mesmo preguntei nas Comisións Informativas sobre estes verquidos, por se constaban máis denuncias, sen outra resposta do Alcalde que as evasivas habituais. Agardamos que as autoridades tomen cartas no asunto e cheguen até a orixe destes verquidos".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG demanda a revisión do PXOM

4 Novembro 2017

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo solicita a revisión das cifras de crecemento da poboación municipal, por estimar que as que figuran nos documentos do novo PXOM son totalmente desproporcionadas.

O documento aprobado inicialmente no 2013 xa se baseaba nunhas previsións de crecemento optimistas, e as posteriores modificacións aínda agravaron a magnitude do problema. Así, fronte a previsión de que Culleredo chegara aos 35.000 habitantes a finais desta década e aos 40.000 en 2025, agora mesmo aínda non chegamos aos 30.000.

Para Tono Chouciño, voceiro nacionalista, *"nun concello onde as estatísticas din que hai máis de 3000 vivendas baleiras, as previsións sobre as que se basea o PXOM parecen totalmente desacertadas"*.

O representante do BNG-Asembleas Abertas entende que os novos crecementos deberían partir dos núcleos xa existentes, *"a prioridade debería ser completar a trama urbana e completar a dotación de servizos públicos necesarios en todos os núcleos. As recalificacións de grandes extensións de terreos, onde até agora só hai monte, parece atender máis a intereses de grandes promotoras que aos da poboación en xeral"*.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Dúbidas sobre as obras do río Trabe

8 Novembro 2017

O BNG de Culleredo remitiu escrito á Consellería de Medio Ambiente e a Augas de Galiza coa situación da obra que se está a facer na beira do río Trabe. A pendente do muro de contención ten unha pendente moi superior ao establecido no proxecto. Para facelo, talaron a fila de árbores de ribeira da marxe dereita.

Ao ver o proxecto técnico compróbase que o proxectado non era unha pendente superior aos 45° tal como é a que se está a facer. Sendo así, o BNG-Asembleas Abertas de Culleredo entende que a autorización preceptiva do organismo autónomo Augas de Galiza, non valida esta obra, de aí que nos remitamos a ese organismo para que o comprobe.

Na obra orixinal o treito de carril bici que discorría por alí tiñase afundido de forma ben visíbel. Para Tono Chouciño, "é unha evidencia que a obra anterior xa fora unha chapuza, e parece que agora a obra que pretende reparalo volve ser outra".

Os documentos da licitación desta obra non están dispoñibles no perfil do contratante do Concello de Culleredo, unicamente o documento de formalización. Segundo nos contestaron no servizo de contratación non tiña porqué por tratarse dun procedemento negociado. O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo pedirá unha vez máis que se publicite o proxecto técnico, así como o resto da documentación para que todos poidan comprobalo.

O resultado de ser un procedemento negociado, dou lugar a que partindo dun orzamento de 160.000€, baixara só ate 141.000€, cando as adxudicacións por concurso adoitan baixar en maior medida. A obra acumula un notorio retraso, xa que a formalización foi a principios de Xaneiro cun prazo de execución de 42 días e a día de hoxe aínda non rematou.

Para Tono Chouciño, voceiro nacionalista, "chama a atención que esta obra coincida co desvío do carril bici que pasaba por alí, para dar a volta pola avenida de Ribados até a rotonda, cunha nova obra de elevado importe que curiosamente tamén se está demorando pois debería terse rematado a primeiros de setembro. Ao tempo ábrense novas interrogantes, como a de cal foi o verdadeiro motivo para cambiar o trazado do carril bici ou se se desafectou o uso dos terreos que ocupaba o anterior".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG urxe solucionar os problemas do subministro de auga potábel

11 Novembro 2017

Esta semana volveron producirse en Culleredo problemas pola turbidez da auga da traída, que orixinou numerosas queixas de veciños e veciñas do noso Concello.

Estas incidencias repítense con moita asiduidade e dende o BNG-Asembleas Abertas de Culleredo xa se lle trasladou ao Goberno Municipal a necesidade de atopar a súa orixe e pórle remedio. Até o de agora os responsábeis municipais limitáronse a afirmar que a salubridade da auga subministrada estaba asegurada, mentras que as empresas encargadas do subministro afirman descoñecer a orixe destes problemas.

Tono Chouciño lembra que o servizo de subministro de auga potábel está a prestarse en precario "dende xuño de 2015, despois dunha prórroga xa cualificada de ilegal pola secretaría e a intervención municipais, a empresa encargada do subministro está a prestar o servizo sen contrato, o que nos ofrece dúbidas sobre o uso dos datos dos veciños e veciñas na xestión diaria".

Para o voceiro nacionalista é moi difícil que nesta situación de precaridade se poida planificar e prestar un servizo desta magnitude nas condicións axeitadas, "é preciso rematar dunha vez con esta situación na que ninguén sabe nada, ninguén parece ser responsábel, e que, como estamos a ver, só provoca prexuízos e inseguridade aos nosos veciños e veciñas".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Pleno Extraordinario, gasto inútil

25 Novembro 2017

Este mércores tivo lugar en Culleredo un Pleno Extraordinario para tratar o novo reparto de competencias no Goberno Municipal e os asuntos aprazados no pleno ordinario de outubro, pola demisión do até daquela alcalde, Julio Sacristán.

Sobre estes asuntos, Tono Chouciño puxo de manifesto que se deixaban de lado propostas xa formuladas polo BNG mentras se anunciaban reducións fiscais que non entrarán en vigor até 2019 debido á demora na súa aprobación. *"Para a súa entrada en vigor teñen que transcorrer 30 días hábiles dende a súa aprobación en Pleno, prazo que remata co exercizo 2018 xa comezado, polo que debido á incompetencia dos responsábeis municipais para algo tan sinxelo como contar días hábiles, non terán efectividade até o exercizo seguinte"*.

Para Tono Chouciño *"o Goberno Municipal renuncia a facer unha política fiscal que favoreza aos veciños e veciñas, ás empresas e residentes no rural, nin ao pequeno comercio, contribuíndo á reactivación da economía municipal, e non parece que a súa nova configuración vaia sacalo da inacción pois non se aprecia intención de dar prioridade á busca de solucións aos graves problemas que ten que afrontar Culleredo"*.

Nengún dos puntos da orde do día xustifica o gasto realizado na celebración deste Pleno Extraordinario, nen os cambios na estrutura

municipal, nen a modificación das ordenanzas fiscais, nen o aumento do orzamento, que se podía ter aprobado no pleno ordinario da semana que ven.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Solicitamos o cambio na periodicidade das Xuntas de Goberno

29 Novembro 2017

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo presentou, para o seu debate no Pleno que terá lugar mañán xoves, unha proposta de variación da periodicidade das Xuntas de Goberno Local, pasando de ser semanais, como até agora, a quincenais.

Este cambio está motivado polo reducido número de temas susceptíbeis de tratar e deliberar nesas xuntas, o que deriva que a gran maioría delas teña unha duración de entre 5 e 10 minutos, e cada unha ten un coste de 1000€ para as arcas públicas.

Para Tono Chouciño, portavoz nacionalista, este cambio permitiría un importante aforro económico que podería repercutir positivamente nos servizos que se prestan aos nosos veciñoa e veciñas, estaría na liña que sucede en outros concellos de tamaño similar a Culleredo, e permitiría *"facer unha revisión da organización municipal nun momento en que se produciu un cambio na alcaldía, para que non se quede nunha mera sucesión coma se esto fose unha monarquía"*.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG pide explicacións polas obras do Río Trabe

2 Decembro 2017

O portavoz do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo, Tono Chouciño, preguntou no pasado pleno municipal pola situación das obras do Río Trabe, na zona de Carcabelos, a carón do CEIP Isaac Díaz Pardo e do campo de fútbol, por un importe superior aos 140.000€, feitas para corrixir unha obra anterior que xa resultou mal e da que non se reclamaron as garantías establecidas.

Na consulta do expediente tívose ocasión de comprobar como a obra non se axustaría ao proxecto aprobado, algo que o Goberno Municipal non foi quen de negar a preguntas do representante do BNG, pois aínda que pediron a súa modificación por "razóns de urxencia", esta petición non prosperou.

Atopariámonos pois perante unha contratación pública, polo procedemento negociado, realizada nunhas determinadas condicións, na que se introducirían modificacións non autorizadas durante a súa realización, o que podería vulnerar tanto normativas de construción, como mediambientais como de contratación pública, e para o que a única resposta do Goberno Municipal é un lacónico "xa falaremos cando remate a obra".

O representante do BNG tamén se fixo eco das numerosas queixas recibidas de pais e nais do colexio Díaz Pardo, polos graves problemas de circulación que orixinan os camións e maquinaria das obras circulando nos horarios de entrada e saída do centro.

Para o portavoz nacionalista "os veciños e veciñas de Culleredo merecen unha explicación de como se está a desenvolver esta obra tantas veces demandada e cun importe de cartos para o erario municipal tan elevado. O BNG seguirá a reclamalas tanto do Goberno Municipal, que parece actuar cunha sensación de total impunidade, como das demais administracións implicadas".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Culleredo, o goberno do caos

23 Decembro 2017

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo amosa a súa preocupación polo caos que no parece estar instalado nos últimos meses o Goberno Municipal de Culleredo despois do último episodio, vivido esta semana, coa convocatoria dun pleno extraordinario e urxente para aprobar as obras a incluír no POS+2018 horas antes de que acabase o prazo de presentación de propostas ante a Deputación Provincial.

A convocatoria do Pleno foi realizada ás 14.00 do mediodía do martes e o Pleno fixouse ás 9.30 da mañá do mércores, polo que as persoas que representan as distintas forzas políticas no Pleno Municipal dispuxeron de menos de 24 horas para estudar a documentación dun expediente que ten un importe próximo ao millón e medio de euros. Ao mesmo tempo, desconvocaron as Comisións previstas para o xoves e notificaron que tampouco se celebrarían a Xunta de Voceiros nen o Pleno ordinario.

Isto supón eliminar de facto a posibilidade de que a oposición controle a labor do Goberno Municipal, de que realice aportacións que beneficien aos veciños e veciñas do Concello, e tamén supón a eliminación do dereito fundamental, recoñecido pola Constitución, deses veciños e veciñas a participar e coñecer directamente o estado dos asuntos do Concello asistindo á sesión plenaria ordinaria, que ten fixada unha periodicidade mensual.

Xa o mes pasado se celebrou un Pleno Extraordinario, para a aprobación de modificacións nas ordenanzas fiscais, que era totalmente prescindíbel, pois esas modificacións non poderán entrar en vigor até o exercizo 2019 por non ter sido presentadas a tempo. Podían terse aprobado no seguinte pleno ordinario sen que supuxeran un gasto a maiores para os contribuíntes do noso Concello.

Tono Chouciño manifestou a súa preocupación por este xeito de proceder e a súa sorpresa pola convocatoria urxente dun pleno "*para un asunto perfectamente coñecido e previsíbel, que contou cun prazo de presentación de propostas de 2 meses do que todo o Goberno Municipal era plenamente coñecedor, porque non chegaron aí hai dous días, levan xa tempo, o actual alcalde era até hai pouco primeiro tenente de alcalde e responsábel do departamento municipal de obras. Un expediente desta complexidade e deste importe económico non se pode estudar e valorar coa premura de tempo que se nos exixiu, que dá idea da falta de rumbo e da improvisación que reina agora mesmo en Culleredo, que chega ao caos*".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG exige un novo período de información pública do PXOM

6 Xaneiro 2018

O BNG-Asembleas Abertas distribuirá os vindeiros días un novo número do seu Voceiro de Culleredo, centrado esta vez no novo PXOM de Culleredo, que acumula tantos retrasos como anuncios de pronta publicación. Este demostrou ser un tema de grande interese entre as persoas que acudiron á xeira de Asembleas Abertas desenvoltas polo BNG nas últimas semanas, que demandaron máis información sobre o seu estado.

No momento actual, a Comisión Especial do PXOM, constituída logo da solicitude do BNG-Asembleas Abertas, tan só se reuniu en dúas ocasións, levando case catro meses sen ser convocada. As únicas noticias dos avances na introdución das correccións exixidas pola Xunta na Memoria Ambiental son apenas a través dos anuncios do Goberno Municipal na prensa.

Tono Chouciño insistiu na necesidade de abrir un novo período de información pública antes da aprobación definitiva do Plan, "falar de que ese trámite vai supor un retraso na elaboración do PXOM, nin de 15 nin de 5 anos como din algúns segundo lles cadra, só responde á intención de presionar e meter medo aos veciños e veciñas de Culleredo, escamoteándolles o seu dereito a unha información completa e veraz sobre un documento tan importante". A Memoria Ambiental lembra a necesidade desta nova exposición para o caso modificacións

substanciais entre a aprobación inicial e o que se someta a aprobación provisional, como é incuestionábel que acontece neste caso.

O representante nacionalista amosou a súa coincidencia co informe da Xunta no rexeitamento á "promoción de macrourbanizacións en terreos que carecen de accesos e de servizos básicos, que despois teremos que pagar entre todos", e apostou por potenciar o desenvolvemento e completar a dotación de servizos nos núcleos tradicionais de Culleredo.

"A nosa obriga é que o PXOM serva para mellorar as condicións de vida de todos os nosos veciños e veciñas por igual, sen crear desigualdades nos servizos públicos que se lles presta en función de onde viven e sen favorecer pelotazos coas grandes bolsas de terreos que se pretenden urbanizar lonxe dos núcleos tradicionais, destruindo o medio natural. Os cambios que vimos coñecendo teñen entidade máis que suficiente para xustificar un novo período de exposición pública, hai precedentes que así o amosan. Pelexaremos porque se leve a cabo e apoiamos as iniciativas cidadás que así o demandan".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Queixas polas talas no recinto da Laboral

13 Xaneiro 2018

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo recibiu nos últimos días numerosas queixas pola tala de numerosas árbores no Complexo Deportivo de Acea de Ama, no recinto da antiga Universidade Laboral.

Varias destas queixas fan fincapé na deterioración dun espazo natural que facía de pulmón verde dunha das zonas máis poboadas do noso Concello, con varios centros educativos ao seu redor, e onde numerosos veciños e veciñas acuden a diario a practicar deporte.

A principios do ano pasado, trala caída dunha sobre varios coches aparcados, a Xunta anunciou a realización dunha avaliación do estado de saúde das árbores. O BNG rexistrou un escrito interesándose polas conclusións dese exame, para comprobar se a recente tala, a terceira da que temos constancia nos últimos tempos, se axusta a elas.

Tono Chouciño, portavoz do BNG en Culleredo, lembrou a necesidade de compatibilizar *"a debida seguridade dos usuarios e usuarias das instalacións deportivas co coidado do noso medio natural"*.

O BNG de Culleredo defenderá a necesidade dun plan para preservar a biodiversidade no recinto, que debe incluír a compensación das árbores taladas e a substitución de especies

foráneas presentes no recinto, como son os eucaliptos, coa plantación de especies autóctonas.

"Temos un recinto privilexiado, rodeado de centros educativos e adicado fundamentalmente á práctica deportiva, pero a día de hoxe moi deteriorado. Debemos traballar por recuperalo e poñelo en valor como espazo natural para o lecer dos nosos veciños e veciñas".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Pedimos amparo á Valedora do Pobo

19 Xaneiro 2018

Tono Chouciño, concelleiro do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo, presentou unha petición de amparo perante a Valedora do Pobo pola actitude do Goberno Municipal respecto ao dereito de participación nos asuntos públicos dos concelleiros da oposición.

A petición ven motivada polas múltiples ocasións nas que as preguntas e peticións de información realizadas quedan sen resposta algunha, e as demoras reiteradas na concesión de acceso aos expedientes solicitados. Entre estes expedientes aos que aínda non se nos concedeu o acceso, malia solicitalo en varias ocasións, están os convenios urbanísticos asinados polo Concello, de moita importancia pois poden condicionar o PXOM actualmente en tramitación.

Outro dos motivos polo que se decidiu acudir á Valedora do Pobo foi a supresión do pleno ordinario, das comisións informativas e da xunta de voceiros que se deberían ter celebrado no pasado mes de decembro, tal e como establece o Regulamento Orgánico Municipal. Esta supresión foi comunicada mediante un correo electrónico da Alcaldía o 19 de decembro, dou días antes do que correspondería a celebración das comisións informativas.

Ao tempo que se suprimía o Pleno ordinario, convocouse un Pleno Extraordinario Urxente para aprobar os proxectos para o Plan Único

da Deputación POS+2018, dando menos de 24 horas para avaliar un expediente con obras con importe superior ao millón e medio de euros.

“Os concelleiros e concelleiras da oposición non temos dedicación exclusiva e é moi difícil buscarmos tempo para acudir á Casa do Concello e consultar unha documentación tan extensa e complexa, máxime se dende o Goberno Municipal se apuran os prazos ao máximo e non se facilita o acceso á información, algo fundamental para desempeñar debidamente a labor de control que nos corresponde”, explica Tono Chouciño.

O representante nacionalista pide á Valedora que inste ao Alcalde a corrixir a vulneración dos dereitos fundamentais dos restantes membros da Corporación, e que se lle facilite, ademais da copia dos convenios urbanísticos que ten establecidos o Concello, unha copia en formato dixital do PXOM, tanto da documentación remitida á Dirección Xeral de Medio Ambiente como da que se presentará a ditame e aprobación do Pleno.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG demanda a salvagarda do recinto deportivo de Acea de Ama

21 Xaneiro 2018

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo pide o cumprimento do Plan Especial aprobado no ano 2012 para o recinto, onde se establecen os usos permitidos para cada parcela e o grao de protección ambiental aplicábel, para salvagardalo dos continuos recortes e da deterioración que está a padecer nos últimos anos.

Este sería o caso da eliminación de dúas pistas deportivas e a súa conversión en áreas de aparcamento, para o que se debería previamente ter modificado o Plan Especial. Tamén houbo un recheo no humidal situado ao sueste do ámbito, catalogado como elemento merecedor de especial protección, e no que se prohíbe expresamente "calquera acción que poña en perigo a súa existencia".

Tono Chouciño, portavoz do BNG, chama a atención sobre a eliminación das pistas deportivas exteriores, "e a falta de mantemento das aínda existentes, parece que só lles preocupan, e pouco, as instalacións de pago".

O representante nacionalista reitera o seu convencimento de que *"cómpre recuperar e pór en valor este recinto como un gran espazo para o lecer e a práctica deportiva ao aire libre dos nosos veciños e veciñas. A Xunta e o Concello teñen a obriga de vixiar o bo estado do recinto e compensar tanto as árbores taladas como as instalacións deportivas eliminadas"*.

En Culleredo temos, por desgraza, o precedente do Portádego, onde xa se eliminou un campo de fútbol para facer aparcamentos e xa daquela se prometeu dende o Goberno Municipal compensar a súa perda, pero os veciños e veciñas seguen esperando.

Tono Chouciño lembrou a importancia da loita contra o sedentarismo e a importancia da promoción do deporte para o coidado da boa saúde das persoas, *"de pouco valen todas as campañas informativas que se poidan facer dende os departamentos de Sanidade e Educación se despois nos permitimos o luxo de prescindir das instalacións deportivas ao aire libre para facer aparcadoiros"*.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O Goberno local de Culleredo sen alternativas para a conexión entre a AP9 e o aeroporto

27 Xaneiro 2018

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo, á vista das últimas noticias sobre as infraestruturas na Comarca, preguntou no último Pleno ao Goberno Local cal era a súa alternativa para a conexión entre a autoestrada AP9 e o aeroporto, principal reto a curto prazo no noso Concello, agora que o proxecto do Vial 18 tramitado polo Ministerio de Fomento, devolto e arquivado polo Ministerio de Medio Ambiente hai case un ano, parece estancado.

A vaga resposta do Sr. Alcalde, D. José Ramón Rioboo non só está lonxe de aclarar a postura deste Goberno nas xuntanzas que tiveron e terán lugar, senón que tampouco deixa ver se o Goberno Municipal vai a esas xuntanzas con algún tipo de postura ou proposta.

Tono Chouciño lembrou no Pleno que o anterior Alcalde, D. Julio Sacristán, informara de que volvía a estar en estudio a conexión do aeroporto á autoestrada AP9 a través da área de servizo de Almeiras, polo que o proxecto de Vial 18 parece carecer de xustificación.

A conexión por Almeiras estaba prevista xa no Plan Move 2010-2015, cunha lonxitude de medio quilómetro e un custe previsto de 2,2 millóns de euros, dotando a Culleredo dun acceso directo á autoestrada. Pola contra, o proxecto do Vial 18 prevía unha vía de 1,5 quilómetros que custaría perto de 20 millóns de euros e suporía o derrube de polo menos 5 vivendas e afeccións de diverso tipo a outras vivendas e ao medio ambiente.

O representante nacionalista lembra a ligazón existente entre o Vial 18 e o PXOM en trámite, "houbo que incluír unha reserva de solo para o proxecto. Agora parece carente de toda lóxica que se siga mantendo e non sabemos se na última versión do PXOM é así. O Goberno Municipal debería sabelo, pero dá a calada por resposta.

Para Tono Chouciño "non debemos estar por regalarlles os nosos cartos nin aos donos de Audasa nin aos grandes promotores que están esperando que lles fagamos entre todos os accesos aos desenvolvementos urbanísticos que pretenden facer na Zapateira", polo que é necesario que o Goberno Municipal defina e defenda a alternativa que máis beneficie ao conxunto da sociedade de Culleredo.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

Campana informativa polo deficiente funcionamento do subministro de auga potábel

3 Febreiro 2018

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo desenvolveu esta semana unha campaña informativa sobre o deficiente funcionamento do servizo de subministración de auga potábel, á vista dos problemas que se veñen repetindo nos últimos meses pola turbidez coa que, con demasiada frecuencia, chega aos fogares.

Tono Chouciño, representante nacionalista, trasladoulle ao Goberno Municipal en reiteradas ocasións a necesidade de pórle remedio a esta situación, sen atopar máis que excusas e respostas evasivas. *"Os problemas seguen a producirse e, como consumidores, temos dereito a reclamar e a ter unha compensación polas deficiencias na prestación do servizo, inclusive mediante unha rebaixa nos seus recibos"*.

No boletín distribuído entre os veciños e veciñas lémbrese que a subministración de auga potábel se está a prestar no noso Concello sen contrato dende xuño de 2015, situación que ofrece múltiples dúbidas na xestión dun servizo de move un volume de negocio superior ao millón de euros, sen contraprestación algunha para o erario municipal.

O concelleiro do BNG resaltou e agradeceu a boa acollida que está a ter o escrito, *"o que dá mostra da gran cantidade de persoas afectadas. Nel se inclúe un modelo de reclamación que*

poden empregar se o precisan. Se aínda non tiveron ocasión de consultalo, convidámosos a descargalo directamente da nosa web".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

A burla dos orzamentos

9 Febreiro 2018

Este xoves o Goberno Municipal de Culleredo conseguiu a aprobación de xeito inicial dos orzamentos para o ano 2018, nun Pleno Extraordinario no que tiveron o apoio acrítico da Marea e Ciudadanos. As contas presentan importantes eivas de participación, falla de explicación do destino das partidas, e contan con precedentes de incumprimentos de compromisos adquiridos e non executados nos anos anteriores.

O representante nacionalista lembrou como na reunión de decembro do Consello Xeral de Participación Cidadá, que ante a ausencia do alcalde foi presidida pola concelleira de Educación e Cultura, esta foi totalmente incapaz de explicar a escolla dos investimentos realizada dende o Goberno Municipal para o vindeiro ano, na que se obviaron as realizadas polas asociacións veciñais sen dar nengún tipo de explicación.

Tampouco na Comisión Extraordinaria de Orzamentos, á que tamén faltou o alcalde cando debería presidila, a Concelleira de Facenda soubo explicar unha soa cuestión relativa á previsión de gastos e ingresos. Este ano, como novidade, as partidas de gasto vincularán a nivel de capítulo, o que deixará as mans practicamente libres ao Goberno municipal para cambiar o destino dos cartos sen ter que dar explicacións.

O BNG de Culleredo presentou por rexistro en decembro unha relación de propostas para incluír nos orzamentos e tamén realizou propostas para mellorar os ingresos, como o cobro do ICIO ás construcións ilegais denunciadas pola policía local ou sancionadas dende o departamento de Urbanismo, ou a de cobrar o IBI aos inmobles de confesións relixiosas non afectos a usos relixiosos.

Para Tono Chouciño "o actual goberno municipal é un lastre para o desenvolvemento de Culleredo. O que empezou anunciándose como o goberno da transparencia e da participación volveuse o máis opaco dos gobernos. Nada queda daquel compromiso de que un 25% do orzamento de investimentos fora decidido polos veciños e veciñas, que son os que aportan directamente máis do 50% do orzamento. Sen esquecer que este ano serán xa 7 os servizos públicos que se estar a prestar sen contrato, ao tempo que as partidas destinadas a traballos realizadas por outras empresas medran sen cesar. Aprobar estes orzamentos é darlles un cheque en branco, que o BNG, vistos os precedentes, non está disposto a asinar".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

En que situación se atopa A Garrocha?

10 Febreiro 2018

O pasado xoves, no Pleno Extraordinario para a aprobación dos Orzamentos, o Goberno foi incapaz de aclarar por que na previsión de ingresos a cantidade prevista por canons era significativamente inferior ao canon que tiña que pagar unha soa empresa adxudicataria, a que está ao cargo do Complexo Deportivo da Garrocha.

Esta concesionaria está obrigada ao pago dun canon de 24.000€ anuais, e a cantidade prevista nese apartado (que tamén inclúe o xuro das contas correntes) é de apenas 18.000€ para 2018.

Parece patente que o mantemento é inexistente, mesmo en cuestións relativas á seguridade das persoas, usuarias ou non das instalacións. Este cúmulo de incumprimentos deberían dar lugar a sancións e poderían ser motivo da reversión da concesión, pero parece que o Goberno Municipal non ten vontade de avanzar nese camiño.

Tono Chouciño pregúntase "por que se consinte esta situación, cando o Complexo Deportivo da Garrocha conta cunhas instalacións, que incluían piscina, sauna, restaurante, canchas de tenis... e que son patrimonio de todos os veciños e veciñas de Culleredo. Dado o déficit que temos no noso Concello de instalacións deportivas, poden prestar un servizo moi importante e ser un referente para toda a Comarca, en lugar se seguir no abandono".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

O BNG apoia a recuperación ambiental da península de BUNGE

17 Febreiro 2018

O BNG de Culleredo reuniuse con diversas asociacións ecoloxistas, entre elas a Sociedade Galega de Historia Natural, para estudar as medidas a adoptar para a recuperación ambiental da ribeira do río Mero. Nesas reunións decidiuse trasladarlles esa necesidade tanto aos concellos implicados como a outros organismos con competencias na materia, nomeadamente Costas, Medio Ambiente e Augas de Galiza.

Entre as aportacións recollidas nestas xuntanzas destaca a necesidade de ampliar o ámbito do deslinde costeiro até a Telva, pois é onde o nivel do río permite que fluctúe a marea, polo que estase a valorar a presentación de alegacións ao deslinde marítimo costeiro de Cambre. Esa alegación incluíría a petición de revisión na marxe correspondente a Culleredo.

Para Tono Chouciño, é necesario recuperar ese humidal anegable *"en liña co que xa está a facer a Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas, da que formamos parte, unha infraestrutura verde que sirva de filtro natural para os lodos que hoxe en día van dar directamente á Ría"*.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O Goberno Municipal de Culleredo tenta fuxir das súas responsabilidades

25 Febreiro 2018

O Goberno Municipal, co alcalde José Ramón Rioboo á cabeza, protagonizou o pasado xoves unha fuxida á carreira do Pleno Municipal, ante a súa incapacidade para contestar as preguntas que se lle prantexaron polo voceiro do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo, referidas ao Clube Deportivo da Garrocha e ao muro de contención erguido no río Trabe.

As preguntas, moi concretas, que se lle prantexaron foron, no caso da Garrocha se o concesionario está ao corrente do pago do canon (24.000€/ano), se non o está canto debe a día de hoxe, e porque non se proseguíu co expediente de reversión iniciado en 2012.

No caso da obra no río Trabe, o voceiro nacionalista preguntou porque non se fixo aínda o acto de recepción da obra, obrigatorio por lei. Trátase dun contrato cualificado de "urxente", por valor de 140.000€ e cun prazo de execución de 42 días, que entrou en vigor o 30 de decembro de 2016, pasando máis dun ano sen que aínda se dera por rematado.

As únicas respostas obtidas do Goberno Municipal foi que a situación da Garrocha "*está a ser estudada polos técnicos municipais*", e que a obra do río Trabe non se puido rematar "*pola chuvia*". Ambas respostas, a preguntas que o BNG ven formulando en reiteradas ocasións durante os últimos meses, en distintos Plenos e comisións informativas, son totalmente vagas e insuficientes.

Para Tono Chouciño, a actitude do Goberno Municipal evidencia que "*a situación debe ser peor incluso do que pensamos*", polo que é preciso aclarar o que pasa con estas dúas contratacións públicas e depurar as conseguíntes responsabilidades, se as houber.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Aportacións do BNG ao plan de infraestruturas verdes

10 Marzo 2018

O BNG-Asembleas Abertas de Culleredo trasladou ao Grupo de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betantos, no taller de infraestruturas verdes que tivo lugar o pasado 1 de marzo, as numerosas necesidades do noso Concello nesa materia.

A primeira delas foi a necesidade de devolver a zona da península da Bunge ao seu estado natural, ampliando a protección até A Telva. Isto permitiría protexer un entorno natural fortemente degradado e sometido a unha grande presión, e recuperar o tramo final do río como decantador natural dos lodos arrastrados pola corrente. Evitaríase así que vaian parar ao fondo da Ría do Burgo, que segundo estudos do Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC, supoñen un incremento dun centímetro de lodos anual.

Tamén fixemos fincapé na necesidade da recuperación ambiental do Monte Costa e da canteira de Sésamo, dun proxecto de reforestación do parque de Acea de Ama, a loita para a eliminación de especies invasoras, con especial mención á vespa velutina, así como o control de plantacións forestais de acordo coa lexislación actual.

Tono Chouciño lembrou que na actualidade estamos pendentes de proxectos de gran envergadura que ameazan con degradar, aínda máis, o entorno natural de Culleredo, como son o trazado dunha liña de alta tensión sobre os

montes Xalo e da Zapateira, e o Vial 18 tamén na Zapateira, ambos con alternativas máis económicas e menos agresivas. Tamén prantexou a necesidade de incorporar ao PXOM en trámite as anotacións medioambientais da revisión da Xunta.

Para o voceiro nacionalista "*as administracións deberían tomar boa nota das aportacións que alí fixeron as asociacións e persoas a título individual que participaron, para deseñar unha estratexia que realmente axude a restituír e impulsar un medio ambiente de calidade que poder deixarmos ás vindeiras xeracións*".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O Goberno Municipal segue a ocultar os convenios urbanísticos

18 Marzo 2018

En escrito con data de saída do 8 de marzo, a Valedora do Pobo dirixiuse ao concelleiro do BNG para informar de que transcurridos dous meses aínda non recibiu contestación sobre o requerimento pola petición de amparo formulada por Tono Chouciño pola falta de acceso a información do Concello.

No escrito, a Valedora do Pobo comunica que se poñerá de novo en contacto co Concello para recordarlle expresamente que está obrigado pola lei a contestar ás súas peticións de información.

A petición de amparo ante a Valedora do Pobo foi motivada pola negativa do Goberno Municipal a facilitar os convenios urbanísticos que ten establecidos o Concello, información imprescindible para que os grupos da oposición poidan conformar a súa opinión sobre un asunto tan complexo

A súa importancia vese claramente no caso do Colexio Ría do Burgo, no que o Concello de Culleredo foi obrigado ao pagamento dunha indemnización de máis dun millón e medio de euros por un convenio urbanístico incumplido, que o Concello rematará de pagar este ano.

Para o voceiro nacionalista, é sumamente importante coñecerlos para saber se están a condicionar o proxecto de PXOM en trámite. A negativa a facilitalos mostra o desprezo do Goberno Municipal ao control das súas

actuacións, "tal e como comprobamos no último Pleno cando preguntamos pola Garrocha. Este alcalde anunciou unha nova etapa de transparencia pero en 4 meses ultrapasou calquera marca anterior de opacidade e ocultación da información".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Apoiamos a proposta da veciñanza para esixir unha nova exposición pública do PXOM

23 Marzo 2018

O Voceiro do BNG en Culleredo, Tono Chouciño, acudiu á reunión convocada onte por unha representación dos veciños que presentaron ao Concello a súa reclamación dunha nova exposición pública do PXOM. Nesta xuntanza foron expostas diversas argumentacións polas que se considera que o documento precisa dunha nova exposición pública para que a veciñanza poda coñecer a realidade que agocha o documento que será presentado ante o Pleno Municipal para a súa aprobación provisional.

A pesar da falta de información por parte do Goberno Municipal, os veciños realizaron a labor de comparar o proxecto presentado en 2013 co Informe de Impacto Medioambiental publicado pola Xunta de Galicia, demostrando a realización de modificacións substanciais no documento presentado á Consellería de Medio Ambiente para a súa valoración e que son totalmente descoñecidas pola veciñanza.

No próximo Pleno Municipal, o BNG de Culleredo apoiará a presentación do texto proposto polos veciños que esixen unha nova exposición pública, esperando que o resto dos grupos municipais se sumen a esta iniciativa.

Chouciño destaca e valora que "*pese as promesas de transparencia formuladas polo novo Alcalde durante a súa investidura, será froito da acción veciñal que a cidadanía conte con toda a información sobre o proxecto antes*

da aprobación do documento máis importante para o futuro de Culleredo".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Solicitamos protección para as quintas históricas do Portádego

31 Marzo 2018

O BNG de Culleredo ven de dirixirse á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta e ao Concello de Culleredo para que inclúan as quintas históricas que perviven no Portádego, á beira da Nacional 550, nos seus catálogos de bens protexidos, pola súa singularidade arquitectónica e histórica, tratándose ademais de edificacións á entrada do Camiño Inglés no noso Concello.

Son vivendas de unha ou dúas alturas, restos dunha arquitectura popular que en Culleredo sufriu fortemente o embite da piqueta durante o boom inmobiliario, entre as que aínda perviven algunhas vilas e quintas, con belas galerías, nas que durante os séculos XIX e XX veraneaban familias da burguesía coruñesa. Na actualidade, estas edificacións presentan un pésimo estado de conservación e, nalgúns casos, chegan a supoñer un perigo para peóns e vehículos.

Tono Chouciño, Concelleiro nacionalista en Culleredo, lembra que a N550 adopta alí o nome de Avenida Miguel González Garcés porque *"nunha desas quintas pasaba longas temporadas este autor, e alí recibía a coetáneos como Urbano Lugrís, Avilés de Taramancos ou Álvarez Torneiro"*.

Para o Bloque Nacionalista Galego calquera tentativa de relanzar turisticamente o noso Concello pasa polo cuidado do noso patrimonio, compaxinando o progreso co

cuidado e a recuperación do noso legado histórico.

Neste senso, o portavoz nacionalista fai fincapé en que *"sendo a porta de entrada en Culleredo do Camiño Inglés, un reclamo turístico a nivel mundial, debemos cuidar con cariño o pouco patrimonio que queda xa no seu ámbito"*, polo que reclamou a implicación da Xunta e tamén do Concello na preservación deste conxunto de vivendas.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O goberno municipal segue instalado no obscurantismo

8 Abril 2018

No pleno municipal ordinario celebrado o pasado luns, correspondente ao mes de marzo, o goberno municipal volveu retratarse por tres veces no seu empeño de ocultar aos veciños e veciñas de Culleredo información sobre asuntos de máxima importancia do seu Concello.

A primeira ocasión foi ao rexeitar as alegacións aos orzamentos con argumentacións totalmente absurdas. Así á alegación de que non contemplan o cumprimento da obriga legal de ter un cemiterio municipal responderon que esa obriga pode ser cumprida de forma indirecta, como así é, pero non foron quen de xustificar a existencia dun contrato ou convenio, asinado polo Concello de Culleredo con terceiras persoas, que dea cumprimento a esa obriga.

A segunda ocasión perdida por este Goberno Municipal para demostrar a súa transparencia foi ao rexeitar unha nova exposición do PXOM antes da súa aprobación, para o que contaron coa colaboración inexplicábel da Marea e Cidadáns, adalides tamén noutrora da transparencia.

A terceira foi a súa negativa reiterada a contestar preguntas sobre a non recepción das obras no Río Trabe, para facer un muro de contención, e sobre o importe deixado de cobrar polo Concello á empresa concesionaria da Garrocha, durante cantos anos e se algunha desas obrigas terían prescrito.

Tono Chouciño lembrou que "no anterior pleno nos dixeron que estaban a reunir información, un mes despois seguemos sen saber cando se deixou de cobrar ese canon anual de 24.000€. A xente que paga a súa contribución, o seu imposto de rodaxe ou as taxas polas actividades municipais merece saber se todos e todas somos iguais para este Goberno Municipal ou se hai favoritismos á hora de contribuír ao mantemento dos servizos públicos". Finalizou reiterando a necesidade de identificar as persoas responsábeis desta situación e na esixencia das debidas responsabilidades.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG demanda a creación dun tren de proximidade

21 Abril 2018

O BNG de Culleredo, membro da Plataforma pola Defensa do Tren A Coruña-As Mariñas, presentou unha moción para que o Concello demande diante da Xunta de Galiza e do Ministerio de Fomento a creación dun servizo público de tren de proximidade entre A Coruña e Ferrol, aproveitando a infraestrutura existente, introducindo as melloras necesarias e que dende hai moito tempo se veñen demandando dende amplos sectores da sociedade.

Tono Chouciño sinala que as vías atravesan unha das zonas máis densamente poboadas do noso Concello, entre O Burgo e Fonteculler, e chegan até o centro da Coruña despois de pasar por diante do Materno, do CHUAC e da Universidade, existindo conexións cos polígonos industriais de POCOMACO e Agrela. Malia isto están a sufrir un abandono cada vez maior, derivado da aposta por un urbanismo baseado no formigón, no asfalto e no automóbil privado, que deriva en contínuos atascos e aumento significativo da contaminación ambiental.

Entre as actuacións que se solicitan para esta liña están a súa electrificación, a duplicación de vías, a mellora de trazados ou a modernización dos sistemas de seguridade.

O voceiro nacionalista lembra que "Galiza é a única comunidade onde non existe un sistema de ferrocarril de proximidade, e dentro de Galiza a

área metropolitana da Coruña é unha das que este sistema é máis necesario e aportaría máis beneficios ao conxunto da poboación, polo que urxe a súa creación. Temos un tren do século XIX. Queremos un tren do século XXI".

O BNG xunta esta demanda á do investimento e dun calendario para o saneamento da ría do Burgo, pedindo o acordo da Corporación para que se trasladen a xeito de alegacións a uns orzamentos do Estado que ignoran as necesidades da nosa comarca.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

A Valedora do Pobo lembra por segunda vez ao Goberno Municipal as súas obrigas

29 Abril 2018

Tono Chouciño, voceiro do BNG-Asembleas Abertas de Culleredo, recibiu unha nova notificación da Valedora do Pobo, con data de 17 de abril, na que se lle indica que o Goberno Municipal segue sen responder á petición de información realizada por ese organismo, malia ter sido urxido en dúas ocasións a enviar o informe.

Dita petición de información ven motivada pola negativa do Goberno Municipal a conceder o acceso aos convenios en materia urbanística asinados polo Concello de Culleredo, información que é imprescindible para poder analizar o proxecto de PXOM actualmente en trámite.

Tono Chouciño lembra como no caso do CEIP Ría do Burgo o Concello foi condenado a pagar máis un millón e medio de euros por incumprir un deses convenios, que polo tanto condicionan non só o desenvolvemento urbanístico do Concello senón tamén a súa estabilidade financeira.

O voceiro nacionalista lamenta a reticencia do Goberno Municipal a informar. *"Dende que o Sr. Rioboo tomou posesión como alcalde nunca máis se volveu reunir a Comisión Especial do PXOM. Hai un mutismo case absoluto entorno ao Plan, só roto por anuncios que nunca se cumpren e descualificacións a calquera iniciativa que reclame transparencia"*.

Agardamos que, como afirmou o Alcalde no último Pleno, a demanda da Valedora do Pobo teña sido xa atendida. Para o concelleiro do BNG *"é lamentábel que teñan que lembrarlle ao Alcalde en dúas ocasións as súas obrigas legais para que así sexa. A ver se por fin podemos acceder aos expedientes dos convenios"*.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

Continúan paralizadas as obras do depósito de auga en Almeiras

5 Maio 2018

As obras do depósito de auga que EMALCSA comezou hai case un ano en Almeiras, e que tiñan un prazo de execución de 6 meses, levan varios meses paralizadas sen que nin dende a empresa nin dende as administracións implicadas se dea nengún tipo de explicación.

As últimas noticias, de principios de ano, eran que a paralización das obras estaba motivada pola existencia dun cable de Fenosa que era preciso soterrar, para o que se debía contar co permiso da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galiza.

Segundo informacións á prensa do Goberno do Concello de Culleredo, o permiso para o soterramento do cable eléctrico tería sido concedido hai varios meses e estíbese pendente de que a empresa eléctrica realizase a obra.

O BNG de Culleredo e os veciños e veciñas afectadas, xa advertiran dende un primeiro momento da afectación da obra polo Camiño de Santiago, ao estar dentro da zona de protección do Camiño Inglés, o que obrigaba a unha autorización previa da Consellaría de Cultura.

Este novo retraso dun proxecto anunciado no ano 2016, supón unha nova mostra da improvisación, a opacidade e a soberbia coa que veñen actuando tanto a EMALCSA como o Concello de Culleredo, que parece que non

aprenden e tropezan unha e outra vez nas mesmas pedras.

Para Tono Chouciño, concelleiro nacionalista, *"non sabemos se o alcalde da Coruña consintiría, como fai o de Culleredo, unha fochanca aberta durante meses ao pé das casas, dunha polideportiva e dun centro cívico, como a que a Empresa Municipal de Augas da Coruña mantén en Almeiras"*.

"Os gobernos municipais da Coruña e Culleredo deben facer un exercizo de responsabilidade e pór fin dunha vez a esta situación, que está a crear sinfín de incomodidades aos veciños e veciñas, poñendo a proba a súa paciencia máis alá de toda comprensión que se lles poida demandar".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Preocupación polos problemas continuos na escolarización en Culleredo

12 Maio 2018

O BNG apoia as reivindicacións das familias afectadas polos problemas de matrícula no IES Rego de Trabe, problemas que se veñen repetindo, ano tras ano, en todos os niveis educativos, malia a apertura de novos centros. Hoxe é este colectivo como hai uns meses foron os pais e nais que se comprometeron a pór en marcha os servizos básicos no novo colexio, asumindo unha labor que debería corresponder á Consellaría de Educación.

Son problemas puntuais pero que poñen de manifesto que o problema afecta a todo o sistema escolar de Culleredo, e non se están a corrixir coa apertura dos novos centros. Lonxe de acadar o reequilibrio e unha mellora da oferta educativa, estase a afondar na desorganización existente.

O BNG reitera a necesidade de elaborar un mapa educativo axeitado para Culleredo, que planifique e concrete os estudos que se poderán seguir en cada centro, petición que se trasladou en reiteradas ocasións tanto ao Concello de Culleredo como á Consellaría de Educación, sendo até o de agora ignorada pero que non pode agardar máis á vista dos problemas de prazas de cara ao próximo ano, tanto nas escolas infantís como nos colexios e institutos. Para a elaboración deste mapa deberíase partir dunha diagnose da situación actual, por exemplo as SETE liñas de autobús que saen da zona urbana cara o Colexio de Tarrío, con todos os CEIPs por riba da

capacidade para a que foron deseñados, mentras o novo colexio, de 450 prazas, vai abrir con apenas 42 solicitudes.

Pola contra, a ESO só se imparte nos centros da zona urbana, obrigando a desprazarse aos alumnos e alumnas do resto do Concello, sen que a apertura do IES Rego de Trabe solucionase os problemas de masificación que existían no IES Eduardo Blanco Amor, debido en gran medida á inclusión do Bacharelato en ambos centros, mentras diminúen as aulas desa etapa na Universidade Laboral, anteriormente o único centro onde se impartía.

Nen a Consellaría nen o Concello poden escudarse nas decisións individuais das familias para declinar a súas responsabilidades nos problemas de escolarización. Agora, que semella que xa non é cuestión de carencia de centros, teñen que tomar as medidas precisas para, dun xeito consensuado, reordenar o plano educativo de forma que por fin poidamos escolarizar aos alumnos e alumnas nas condicións de calidade exixíbeis.

[Continúa]

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Tono Chouciño lembra que "no inicio da lexislatura aprobouse unha iniciativa nosa para a cesión dos baixos da galescola Fonta da Balsa para aumentar o número de prazas, que se fixo dende aquela por ter unha nova escola infantil?: nada. Este ano viñeron para Culleredo a metade de curso 160 escolares que houbo que escolarizar nos centros existentes, tendencia que vai á alza dado o aumento de poboación do noso Concello, onde imos meter os que veñan durante o próximo curso?".

Para o voceiro nacionalista "son situacións recurrentes, totalmente previsíbeis, das que as autoridades educativas deberían ser conscientes, e que levan anos sen resolver en Culleredo mentras os principais prexudicados, os alumnos e alumnas, pagan as consecuencias ante a indolencia ou incapacidade, non sabemos que é peor, dos responsábeis políticos. O goberno municipal debería velar pola calidade do sistema educativo no noso Concello, sen esperar unha "man invisíbel" que veña sacarlle as castañas do lume, para iso temos unha Concelleira de Educación con dedicación exclusiva e salario a costa de todos nós. Se non o considera así que renuncie."

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG pide o acceso á listaxe de convenios urbanísticos

21 Maio 2018

O representante do BNG de Culleredo, Tono Chouciño, solicitou este venres por escrito o acceso á listaxe de convenios urbanísticos asinados polo Concello de Culleredo, logo de coñecer a súa existencia pola resposta que dende o Concello se deu, por fin, á demanda de información da Valedora do Pobo.

É altamente preocupante o xeito de proceder do Goberno Municipal, que até que se viu na obriga de contestar a ese organismo autonómico nunca mencionara a existencia desa listaxe, malia as reiteradas peticións de acceso á información realizadas polo BNG e malia as reiteradas promesas de transparencia pola súa parte.

A Valedora do Pobo, no seu escrito, lémbrale ao Goberno de Culleredo a súa obriga a facilitar a información demandada polas persoas membras da corporación no exercicio das súas funcións, dentro do "*dereito fundamental de participación política inherente ao cargo de concelleiro*", e que a negativa a obter copia dos documentos, recollida na normativa de réxime local, debe ser xustificada e motivada.

O BNG de Culleredo coincide coa valoración que fai a Valedora sobre a necesidade de establecer un sistema que, sen menoscabar o funcionamento normal dos órganos municipais, permita a posta a disposición dos concelleiros e concelleiras da documentación que lles

permita desenvolver as funcións de control e fiscalización do goberno local.

Para Tono Chouciño "*hai que facer efectiva esa tan cacarexada transparencia. Do contrario facilítase o abuso dunha posición de privilexio, como neste caso coa ocultación da existencia desa listaxe de convenios urbanísticos, para dificultar e demorar o acceso certas informacións que parece que non queren que se coñezan e que poden agochar graves prexuízos para o noso Concello e os seus veciños e veciñas, como aconteceu no caso do convenio do colexio Ría do Burgo*".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG pide a revisión do contrato de Gabinete de Prensa

31 Maio 2018

O BNG de Culleredo presentou unha moción para o seu debate no Pleno de hoxe solicitando a incoación dun expediente de inicio para a revisión de oficio do contrato de Comunicación, páxina web e publicidade do Concello de Culleredo, e se proceda, de ser o caso, a declarar a súa nulidade de pleno dereito.

O contrato atópase entre os múltiples expedientes que o Goberno Municipal leva ao mesmo Pleno para o pagamento de facturas con reparos da Secretaría e da Intervención municipais, que coinciden en sinalar a irregularidade do mesmo.

O BNG tiña solicitado reiteradamente información ao Goberno Municipal sobre o vínculo contractual da persoa que ven prestando habitualmente estes servizos nas dependencias do Concello, ao non constar na plantilla de traballadores municipais.

Finalmente o Goberno Municipal facilitou un contrato mercantil, de duración anual, asinado en xaneiro de 2018, sen nengún tipo de información sobre os contratos dos anos anteriores.

Para Tono Chouciño, esta reticencia a informar deste contrato coincide co manifestado polas habilitadas estatais nos seus informes. "De acordo con eses informes, as facturas viríanse sucedendo mensualmente durante un período

superior a un ano, antes de que aparecera por arte de maxia ese contrato de inicios de 2018, cando a lei prohíbe expresamente a contratación verbal ás Administracións Públicas, constituíndo unha infracción grave, ao omitir total e absolutamente dos procedementos legalmente establecidos".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O Goberno Municipal instala Culleredo na parálise

2 Xuño 2018

No pleno do pasado xoves, o Goberno Municipal dou a obrigada conta do levantamento polo Alcalde dos reparos da Interventora e as advertencias da Secretaria, ao pagamento de facturas por un importe superior aos 600.000€, por ter detectado irregularidades nos pagos.

É o segundo mes consecutivo no que o Goberno Municipal dá conta do pagamento de facturas con reparos. En total, levamos nestes dous meses máis de 1.100.000€ en facturas con reparos, sobre un orzamento anual de 22 millóns.

Entre as facturas figuran varias do servizo do Gabinete de Comunicación, do que non parece haber contrato anterior a 2018, o que leva á Secretaría advertir da gravidade que suporía a contratación verbal do mesmo, "ó supoñer unha omisión total e absoluta do procedemento legalmente establecido e que constitúe unha causa de nulidade de pleno dereito".

Sinala tamén no seu informe que procede a revisión de oficio deste contrato, o que ratifica as sospeitas que levaron ao BNG a presentar unha moción nese sentido neste mesmo Pleno, que foi aprobada co apoio de todos os grupos agás o PSOE. Quedou en evidencia que estamos pagando entre todos a propaganda do grupo de goberno.

Figuran tamén facturas de servizos que se

están a prestar sen contrato tralo vencemento dos anteriores, como son o da subministración de auga potábel, o da limpeza viaria, o de axuda a domicilio, ou os de mantemento de diversos parques e xardíns, nunha listaxe que vai progresivamente en aumento.

A ausencia de contratación legal, redunda en prexuízo dos prezos ao non haber concorrencia de ofertas. Entre todos e todas estamos pagando un plus a aquelas empresas que non pasan pola competencia obrigada nos procesos de contratación pública.

Para o voceiro nacionalista, Tono Chouciño, "esta é unha mostra da parálise na que o actual Goberno municipal ten somerxido ao Concello de Culleredo, máis ocupado na propaganda que en traballar para sacar os temas adiante, coa axuda dos grupos que lle dan soporte cando o precisa. Non sabemos cantas veces lles escoitamos anunciar que ían licitar estes contratos ou traer a pleno a aprobación do PXOM. Eses anuncios nunca se cumpren. Este alcalde empeorou ao anterior na disposición dos cartos públicos sen control, como quen colle dun saco, e a veciñanza de Culleredo non pode estar eternamente á espera de que lles apeteza pórse a facer o traballo para o que se supón foron nomeados".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

Malestar veciñal polas obras na Avenida de Almeiras

7 Xuño 2018

O representante do BNG, Tono Chouciño, trasladou ao Pleno Municipal as numerosas queixas que se están a recibir dos veciños e veciñas polo estado no que quedan as novas beirarrúas que se fixeron na AC213 ao seu paso por Almeiras.

Culleredo dispón dende o 2009 dunha ordenanza de accesibilidade que establece os criterios básicos que se deben ter en conta para a execución de vías e espazos libres no termo municipal, e que se marca como obxectivo a progresiva diminución de obstáculos limitadores, cousa que neste caso non está claro que ocorra.

Tono Chouciño solicitou ao Alcalde que se contacte cos responsábeis das obras para convidar a persoas en cadeira de rodas a facer un percorrido polo traxecto antes da recepción da obra. Para o voceiro nacionalista "*é importante saber o parecer destas persoas, que sofren importantes restriccións na súa mobilidade, sobre o resultado das obras. Débese comprobar tamén se as obras se axustan á normativa vixente.*"

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Investigacións abertas polas obras do Río Trabe

11 Xuño 2018

Segundo puido saber o BNG, logo de examinar o expediente, a execución da obra do muro de contención no río Trabe ten un requirimento do Xulgado nº3 por unha denuncia do servizo do PACPRONA da Garda Civil, por non axustarse o executado co proxecto aprobado.

Soubemos tamén da apertura de expediente sancionador por parte de Augas de Galiza, por obras sen autorización dese organismo, obras que incumpren o autorizado no expediente tramitado polo Concello.

En ambas casos confirmaríase o que o BNG de Culleredo ven denunciando dende hai tempo: o cambio na inclinación do muro de contención. Esta modificación, sen facer novos cálculos, pode afectar á estabilidade da obra, podéndose repetir os desprendementos que se pretendían resolver.

Tono Chouciño, voceiro do BNG en Culleredo, lembra que cando se proxectou, se licitou e se empezou a executar a obra, o Concelleiro de Obras e Medio Ambiente era o actual Alcalde. *"Lamentamos que lle puidera a soberbia e non nos fixera caso, nen fixera caso dos informes contradictorios de técnicos municipais. Agora ábrenlle un expediente sancionador desde Augas de Galiza que pode derivar nunha sanción de 30.000€."*

De producirse sanción o BNG de Culleredo pedirá a repercusión patrimonial ás persoas

responsábeis e de idéntica forma no caso de que haxa que desmontar e volver facela. *"Cos cartos públicos non se pode estar a xogar. É unha obra de 140.000€ e non pode ser que se tome con tanta frivolidade"*, afirmou o concelleiro nacionalista.

O Concelleiro do BNG lamentou non ter podido acceder a toda a documentación do expediente, xa que cando foi posto á súa disposición non estaba na súa totalidade, numerado, ordeado e rubricado tal como é obrigatorio. *"Isto obríganos a volver a pedir outra vez toda a documentación en debida forma, algo típico no xogo dilatorio que leva a cabo este Goberno Municipal para dificultar a labor da oposición"*.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Demandamos un plan con medidas para solventar os problemas de escolarización en Culleredo

25 Xuño 2018

O BNG de Culleredo levará ao próximo pleno unha moción en demanda dun plano educativo para resolver os problemas de escolarización, e conseguir que esta se realice nas condicións de calidade exixíbeis. Imos un paso máis alá do mero enunciado e elaboramos unha lista de situacións ás que se debe dar resposta, froito do diálogo permanente coa comunidade educativa.

Na última Comisión de Escolarización de Culleredo volveu quedar patente a improvisación coa que se toman as decisións en materia educativa no noso Concello, tal e como ven denunciando o BNG dende hai tempo, e que os problemas, cando non se resolven axeitadamene, van a máis.

A falta dunha planificación a longo prazo leva a que un instituto recién construído, como o Rego de Trabe, sexa xa insuficiente para dar servizo á demanda existente, e o novo colexio naza con menos de 100 prazas de escolarización ocupadas, das 450 para as que foi deseñado.

Un ano máis seguirán a saír 7 liñas de autobuses dende a zona urbana cara o colexio de Tarrío, e os alumnos e alumnas da zona rural seguirán tendo que facer o percorrido inverso para desprazarse a institutos xa masificados.

Urxe elaborarmos, de xeito consensuado, o mapa educativo que Culleredo precisa para que o alumnado e as familias non teñan que

estar a sofrer, ano tras ano, as consecuencias desa falta total de previsión.

Debemos facer unha análise exhaustiva da situación actual e das previsións de crecemento poboacional do noso Concello, para acadar un mellor aproveitamento dos recursos existentes atendendo as necesidades dos alumnos e alumnas. Hai que concretar os estudos que se poden seguir en cada centro e tratar de completar a oferta educativa.

Para Tono Chouciño é hora de que o Goberno Municipal tome a iniciativa e demande á Xunta a solución aos problemas de escolarización en Culleredo. *"Non podemos quedar sentados a esperar que o sistema educativo simplemente colapse. Debemos traballar para conseguir que os rapaces e rapazas de Culleredo sexan escolarizados nas condicións de calidade exixíbeis a día de hoxe. Xa non é cuestión de carencia de centros, é cuestión de facer un exercizo de responsabilidade"*.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Solicitamos a creación dunha comisión especial de seguemento do Plan Director do Aeroporto

27 Xuño 2018

O pasado 15 de xuño publicouse no BOE o anuncio polo que se somete a información pública o Informe de Sostenibilidade Ambiental e a proposta de revisión do Plan director do Aeroporto de Albedro, cun prazo de revisión e de presentación de alegación de 45 días.

Ante a importante repercusión que ten este Plan no noso Concello, con novas expropiacións que afectan a gran número de vivendas e o aumento da contaminación tanto acústica como por partículas, consideramos necesario que se estuden en detalle os documentos publicados e se recollan as achegas de colectivos e persoas afectadas.

Desa comisión deberían facer parte todos os grupos políticos con representación no Concello de Culleredo, e debería ter a asistencia dos técnicos municipais que están a estudar o documento.

O BNG de Culleredo solicita ao Pleno que a convocatoria da Comisión Especial se faga de xeito urxente para poder comezar a traballar de xeito inmediato, dado o curto prazo de tempo para a presentación das alegacións e a complexidade dos textos.

Solicítase a súa creación e convocatoria urxente para comezar a traballar de xeito inmediato.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O Pleno aproba estudar as alternativas para o acceso á autoestrada AP9

30 Xuño 2018

O Pleno celebrado este xoves en Culleredo aprobou, de xeito unánime, a proposta do BNG para demandar á Xunta e Fomento a realización dun estudo rigoroso das alternativas para realizar un acceso á autoestrada AP9 que dea servizo ao noso Concello.

urbana de Culleredo, sen aportar nengún tipo de xustificación. Precisamos ese estudo para poder facer a mellor escolla en termos tanto económicos como sociais e medioambientais".

O estudo deberá analizar as distintas posibilidades de conexión da autoestrada co aeroporto de Albedro e a terceira rolda (AC14), e publicarse xunto coas oportunidades e ameazas que supoñería cada opción.

O voceiro nacionalista chamou a atención sobre o alto coste económico e ambiental do proxecto do Vial18, devolto polo Ministerio de Medio Ambiente a Fomento por deficiencias na súa tramitación, en detrimento doutras máis económicas e funcionais.

A Xunta de Galiza no avance do Plan Move 2010-2015 propuña un acceso á altura da área de servizo de Almeiras, cun custo de 2,5 millóns de euros e que podería axudar a aliviar o tráfico no Burgo, facilitando o acceso á AP9 aos vehículos procedentes da estrada de Almeiras (AC213) e da N550.

Para Tono Chouciño "*parece que nos queren vender un proxecto cun custo que pode chegar aos 30 millóns de euros, desprezando alternativas bastante máis económicas e que poderían axudar a aliviar o tráfico tanto no núcleo urbano do Burgo como en toda a franxa*

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Preguntamos polo mantemento da recollida de pluviais da autoestrada

7 Xullo 2018

O BNG de Culleredo dirixiuse ao Concello de Culleredo para que este demande do Ministerio de Fomento e de Audasa a revisión do sistema de evacuación de pluviais da autoestrada AP9 ao seu paso polo noso Concello.

O recente episodio de intensas choivas vivido na nosa comarca o sábado 30 de xullo provocou grandes inundacións de máis de medio metro de altura, nun punto da estrada DP3107, fronte ao colexio novo, onde xa se teñen detectado con anterioridade episodios de asolagamentos aínda que non de tanta consideración, que puidera provir do sistema de pluviais da autoestrada.

Tamén na ponte da autoestrada sobre a Ría do Burgo, no límite con Cambre, se detectou un aumento da caída de auga sobre a ponte peonil inferior o que provoca, ademais das molestias para as persoas que a empregan, o seu deterioro.

O voceiro nacionalista lembra que en repetidas ocasións demandou a adopción de medidas na AP9 para diminuír o seu impacto no noso Concello, como a instalación de pantallas acústicas ou a mellora das beirarrúas dos pasos superiores e inferiores, así como un acceso directo a ela dende Culleredo.

No caso da DP3107, que é propiedade da Deputación, o BNG pide ao Concello a

elaboración dun informe polos técnicos municipais sobre a reiteración dos asolagamentos nese punto para a súa posta a disposición da veciñanza afectada para facilitar as reclamacións ao Consorcio de Seguros. Tamén se lle pide que inste ao organismo provincial a comprobar o sistema de drenaxe e evacuación de auga entre as marxes da estrada.

Para Tono Chouciño "é necesario que o Concello coide de que as propietarias das infraestruturas realicen nelas as debidas labores de mantemento durante todo o ano, para nos momentos de crise non ter que lamentar desperfectos nen danos persoais".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG pide responsabilidade e compromiso ao Goberno de Culleredo

21 Xullo 2018

O BNG de Culleredo pide ao Goberno Municipal un maior grao de responsabilidade, rigor e compromiso para traballar a prol dos veciños e veciñas, perante as constantes mostras de incapacidade para xestionar o Concello a tódolos niveis, dende o urbanismo, co novo PXOM paralizado e sen data de aprobación, até a xestión económica, como vimos esta semana co seu amago de aprobar o uso de 1,2 millóns do remanente.

Rioboo e o seu equipo de goberno son plenamente conscientes das restriccións que a Lei Montoro e o seu regulamento impoñen ás administracións locais. O BNG xa amosou nun pleno anterior o seu apoio a unha moción do PSOE pedindo o desbloqueo das restriccións para empregar o remanente, cousa que o goberno de Pedro Sánchez aínda non fixo. "Se cadra o alcalde non o sabe, porque hai tempo que non o vemos polas Comisións Informativas nen polas Xuntas de Voceiros, pero as persoas nas que delega deberían informalo", manifesta o representante do BNG en Culleredo, Tono Chouciño.

Así pois, a escea que o Goberno Municipal montou esta semana só se entende coa finalidade de desviar a atención da súa mala xestión e da inviabilidade dos proxectos nos que dicían ían investir o remanente. Anuncios a bombo e platillo aos que nos ten acostumbrados Rioboo, pero sen unha base técnica nen económica que os sustente, polo

que agora é preciso desviar as culpas. En tanto que hai proxectos aprobados, e que contan con financiamento, que levan anos esperando a ser executados.

Tono Chouciño lembra que o BNG pasou ao Goberno Municipal propostas para mellorar os ingresos, para ter recursos sen recurrir ao remante, e non fixeron caso nengún. Algunha mesmo foi aprobada polo Pleno. "Non moveron un dedo para repercutir o IBI ás conducións enerxéticas como están a facer outros Concellos. Non sabemos porque non se estuda a aplicación do IBI aos inmobles da Igrexa non adicados exclusivamente ao culto, posibilidade que veñen recoñecendo algunhas sentenzas recentes, ou porque non se repercute o ICIO a aquelas obras que se fixeron sen licenza cando deberían tela".

Para o voceiro nacionalista o paradigma do Goberno Municipal é a instalación dun adorno na nova rotonda de Fonteculler. "Con todas as necesidades que hai no noso Concello, non lles supuxo nengún problema gastarse 15000€ nun arbusto para adornar a nova rotonda, un tema meramente estético pero que quizais non era a maior necesidade dos veciños e veciñas de Fonteculler, que veñen demandando dende hai tempo a mellora dos espazos públicos da zona."

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Demandamos ao Goberno Municipal que se poña a traballar

29 Xullo 2018

Por segundo mes consecutivo o Goberno Municipal de Culleredo convocou o Pleno ordinario mensual sen proposta algunha na orde do día, o que demostra a súa falta total de iniciativa política nun momento crucial para o noso Concello.

É tal a paralización e a falta de ideas para Culleredo que o goberno de José Ramón Rioboo, con concelleiros e concelleiras que descoñecen o máis básico das funcións que teñen encomendadas, que apenas consiguen sacar adiante asuntos de mero trámite.

Mentras o PXOM segue paralizado, tras numerosos anuncios da súa aprobación inminente. Os servizos sen contrato, como da xestión da auga potábel, o de limpeza viaria ou o de atención a domicilio, que tamén nos dixeron que eran unha prioridade e que os ían regularizar de inmediato, seguen aumentando.

Para o representante do BNG, Tono Chouciño, *"a excusa da nova Lei de Contratos, aprobada en novembro de 2017 e que entraba en vigor aos catro meses, implantando directivas europeas de contratación aprobadas xa no 2014 para loitar contra a corrupción, non os debería ter pillado por sorpresa."*

En xaneiro de 2016 a Interventora municipal certificou a existencia de seis servizos públicos, cun importe anual de varios centos de miles de euros, co contrato vencido. A día

de hoxe, dous anos e medio despois, o número de servizos públicos sen contrato en vigor segue aumentando.

Tono Chouciño demanda do equipo de goberno maior responsabilidade e adicación á defensa dos intereses dos veciños e veciñas de Culleredo, *"agora temos a ameaza dunha nova ampliación do aeroporto. Se o BNG non demanda a creación urxente dunha Comisión de seguimento do Plan Director aínda estaríamos agardando pola reacción do Goberno Municipal. Necesitamos que o Alcalde se poña a traballar e se deixe da súa política de fotos para a galería e anuncios baleiros, rematando coa situación de indefensión e abandono na que está o Concello"*.

O concelleiro nacionalista chama aos veciños e veciñas a participar na reunión informativa sobre o proxecto de Plan Director do Aeroporto convocada para este luns ás 20.30h na Casa do Concello, en Tarrío.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG de Culleredo apoia as demandas veciñais sobre o Aeroporto de Albedro

4 Agosto 2018

O BNG de Culleredo apoia as demandas veciñais perante o proxecto de novo Plan Director do Aeroporto de Albedro. O Plan non recolle necesidades operativas que xustifiquen intervencións lesivas para a veciñanza de Culleredo.

Considera necesario aclarar a totalidade das afeccións resultantes do proxecto presentado, xa que a intervención da persoa que presentaron como "técnico" na reunión coa veciñanza só serviu para xerar dúbidas sobre o asesoramento buscado polo Goberno Municipal. Esta persoa baseou a súa intervención nun par de diapositivas extraídas do proxecto, manifestando non ter aínda estudado o impacto da pegada sonora.

O estudo presentado non contempla necesidades operativas que xustifiquen as modificacións que recomenda, máis alá da creación dunha nova plataforma e dunha terminal para avións privados do lado contrario á terminal actual, na zona de Albedro e Liñares.

O Voceiro nacionalista, Tono Chouciño, manifestou que serían entendíbles melloras en materia de seguridade, por tanto *"sorpréndenos que sexa o propio proxecto o que aprace e mesmo rexeite actuacións neste eido en base a criterios económicos, a pesar de ser derivadas de normativas europeas"*.

Para o representante do BNG é preciso mellorar a eficiencia e os servizos ofertados

polos aeroportos galegos, reducindo as afeccións á cidadanía, coa elaboración dun estudo exhaustivo do conxunto do Sistema Aeroportuario Galego.

Á vista do evidente interese veciñal, que fixo que o salón de plenos do Concello quedara pequeno, o BNG propondrá que as vindeiras xuntanzas se celebren no Auditorio da Universidade Laboral, e pide ao Alcalde que se tome esta cuestión coa seriedade que merece.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Queixas polo mal funcionamento do servizo de mantemento do alumeado público

11 Agosto 2018

O BNG de Culleredo trasladará e pedirá explicacións ao Concello de Culleredo polas queixas recibidas polo funcionamento do servizo de mantemento do alumeado público, referidas á ineficacia na reparación de incidencias e o incumprimento do establecido nos pregos de contratación.

O BNG lembra que estes pregos indican expresamente que "o contratista establecerá un servizo permanente as 24 horas do día, incluso domingos e festivos". E dentro dese servizo permanente establecen a existencia de "un operario para atender os avisos, reclamacións, instrucións, etc, que se reciban."

Debería polo tanto existir un protocolo ou unha instrución clara e de coñecemento xeral dos traballadores e traballadoras municipais que se encontran de servizo, para estes poderen dar traslado inmediato das incidencias detectadas a ese operario de garda da empresa contratista.

Tono Chouciño, concelleiro do BNG, relata como após recibir queixas por un corte xeral no alumeado público dunha rúa moi transitada, tivo que dirixirse persoalmente á sede da Policía Local para notificar a avaría. "Tiven que ir ao non conseguir contactar telefónicamente, e unha vez alí o axente de garda dixo descoñecer a existencia dese servizo de atención permanente, algo inexplicábel dado o número

de incidencias nocturnas que suceden no alumeado do noso Concello".

O representante nacionalista lembra que "pagamos 265.000 € ao ano por un servizo que inclúe o mantemento permanente e non atopamos máis que obstáculos para chegar a el e que se resolvan as incidencias".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

Precisas máis información sobre a túa solicitude de desbroce? Aquí tes unha axuda...

16 Agosto 2018

O Bloque Nacionalista Galego de Culleredo tivo varias consultas de veciñas e veciños que, tras solicitar o desbroce dunha parcela que causaba molestias na súa propiedade ou no seu barrio ou parroquia, non obtiveron resposta nin viron ningún avance a respecto da súa limpeza.

O BNG pon a disposición de quen o precise un formulario para demandar información sobre a tramitación e os pasos que seguiron á súa petición, acolléndose á Lei de Transparencia que obriga ás administracións públicas a dar acceso ao expediente xenerado pola súa solicitude. Podes descargar o arquivo PDF nesta mesma páxina, baixo o epígrafe de "Relacionados".

Se queres que sigamos o teu caso, envíanos copia da túa solicitude tras rexistrala no Concello.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG interésase polo contrato da asesoría para as alegacións do aeroporto

18 Agosto 2018

O BNG de Culleredo dirixírase ao Goberno Municipal para preguntar polo contrato para o asesoramento na redacción das alegacións ao proxecto de Plan Director do Aeroporto.

O BNG tivo coñecemento dese contrato de servizos polas declaracións do propio Goberno Municipal recollidas na prensa, pero á hora de consultalo non atopou nengunha referencia á existencia dun expediente para a súa contratación.

Nese expediente, ademais de figurar cal é a empresa ou profesional contratadas, deben figurar cales foron os requisitos exixidos. Entre estes requisitos estarían as cualificacións técnicas ou a experiencia previa en traballos similares.

Tono Chouciño, concelleiro nacionalista, amosou a súa preocupación porque "*acabamos de coñecer a intención do Goberno Municipal de non celebrar este mes Pleno Ordinario, e a Comisión Especial de Seguemento do Plan Director só celebrou unha sesión, a constitutiva, polo que os prazos corren mentras que o Goberno Municipal está instalado no mutismo absoluto*".

Para o representante do BNG "*a intervención do alcalde e da persoa que presentaron como asesor na reunión celebrada no Concello, asegurando que aínda non se miraran o impacto da nova pegada sonora, non se pode decir que*

nos deixaran moi tranquilos. Saímos con máis dúbidas das que entramos, polo que nos gustaría coñecer os detalles do contrato e os avances que se están a realizar na redacción das alegacións, e que dese a oportunidade de poder colaborar con aportacións tanto aos restantes partidos políticos de Culleredo como á cidadanía en xeral".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

O BNG propón melloras no sistema de identificación dos vaos para vehículos

1 Setembro 2018

O BNG está a estudar propostas para mellorar o sistema de taxas vixente actualmente no Concello de Culleredo, mellorando tanto os ingresos como a seguridade xurídica dos veciños e veciñas. Para o orzamento do exercizo vixente xa se realizaran achegas que non mereceron consideración polo grupo de goberno, pero dado o inmovilismo no que está instalado este goberno municipal, é necesario insistir para acadar melloras que beneficien aos veciños e veciñas de Culleredo.

A primeira destas propostas estará referida á taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e reservas da vía pública, para o que se propón un sistema de mellora da indentificación daqueles vaos que están ao corrente do pago da taxa anual.

Tono Chouciño, representante nacionalista no Concello de Culleredo, manifestou que ao longo destes últimos anos recibiu queixas veciñais pola dificultade de identificar os vaos que cumpren coas súas obrigas fiscais.

Na proposta que se está elaborar recóllese un sistema que facilita a verificación do pagamento da taxa tanto a través das placas identificativas colocadas á entrada dos garaxes, como a través da incorporación dun procedemento informático de comprobación na páxina web do Concello.

O concelleiro do BNG lembra que "*entre os expedientes que levou a policía xudicial do Concello, algún era referido aos vaos, precisamente por problemas de verificación*", o que pon de manifesto a necesidade de instaurar un sistema que axude a acabar coas posíbeis arbitrariedades.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Volvemos levar ao Pleno a situación da Garrocha

8 Setembro 2018

O BNG de Culleredo volverá preguntar no vindeiro Pleno Municipal pola situación do Complexo Deportivo da Garrocha, e o pagamento pola concesionaria do canon anual, que ascende a 24.000€.

Malia ter preguntado en numerosas ocasións ao Goberno Municipal pola situación en que se atopa este contrato, só se obtiveron respostas evasivas.

O Complexo Deportivo da Garrocha, propiedade municipal, contaba cando se inaugurou cunhas instalacións que incluían piscina, sauna, restaurante e canchas de tenis.

Non se entende que un concello coma Culleredo, con 30.000 habitantes e con puxanza demográfica, con xente nova demandante de instalacións deportivas e con clubs organizados, non dispoña dunha piscina municipal cuberta.

Para Tono Chouciño "as longas colas que observamos estes días na piscina de Ácea de Ama, amosan a demanda existente dunha instalación municipal. Na Garrocha temos unha piscina ao aire libre que permitiría proxectar unha instalación para cubrir a demanda de espazos da veciñanza e dos clubs relacionados coa natación no noso Concello, tal como algún xa ten demandado".

O representante nacionalista lembra que "en Culleredo temos un déficit de instalacións

deportivas, e as da Garrocha poderían prestar un servizo moi importante ás nosas veciñas e veciños, constituíndose nun referente para toda a Comarca".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

Tono Chouciño renuncia ao cobro pola asistencia ao próximo Pleno

16 Setembro 2018

Tono Chouciño, Concelleiro do Concello de Culleredo e Voceiro do BNG da localidade, ven de presentar no rexistro municipal a súa renuncia ao cobro da correspondente indemnización pola asistencia ao Pleno Municipal Extraordinario convocado para o vindeiro martes día 18 cun único punto na Orde do Día: a toma de coñecemento da renuncia de dous Concelleiros do Partido Popular.

"Non me parece lícito cobrar a indemnización estipulada para a asistencia a este acto que de seguro ha de durar tan só uns minutos e que non precisa de ningún tipo de preparación nin traballo previo", asegura Tono Chouciño no texto presentado esta mañán no Concello.

Ante a opción de non asistir, o Concelleiro nacionalista decidiu acudir renunciando á remuneración habitual xa que non está no seu ánimo facer de menos a dous compañeiros de Corporación aos que, *"desde posicións ideolóxicas totalmente discrepantes, estimo como veciños"*.

O do vindeiro martes será o segundo Pleno Extraordinario convocado para este mes de Setembro, trala decisión do Alcalde de mudar de data o Pleno Ordinario do mes de Agosto, pasando a celebrarse no día de onte, xoves día 13.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Alegacións do BNG de Culleredo ao Plan Director do Aeroporto

22 Setembro 2018

O BNG de Culleredo presentou por rexistro, o pasado 18 de setembro, un escrito con alegacións á proposta de novo Plan Director do aeroporto de Albedro. Estas alegacións son complementarias ás presentadas polo Concello de Culleredo, que o BNG de Culleredo subscribe na súa integridade, pero considera que quedaron incompletas.

No documento presentado polo BNG sinálase que o aeroporto de Albedro é dos de maior amplitude horaria entre as cidades do seu tamaño. Para garantir o dereito ao descanso da poboación que vive nos arredores da instalación, demándase a necesidade de establecer unha franxa mínima de 8 horas sen actividade.

Demándase que se revise a adecuación do aeroporto á normativa vixente, garantindo a seguridade tanto do persoal como da pasaxe e da veciñanza. O documento presentado polo Ministerio considera inviábel a adecuación á normativa en varias zonas do aeroporto, sen ofrecer alternativas e incluso remitíndose a avaliacións posteriores.

Neste aspecto, Tono Chouciño sinala que "partimos da premisa, pensamos que compartida por moita xente, de que todo aeroporto ten que cumprir as normas de seguridade vixentes, e non caben interpretacións intermedias. Ou se cumpren ou non se cumpren."

Tamén se bota en falta, para o cálculo da demanda futura, un estudo de alternativas tendo en conta outros medios de transporte, e a necesaria coordinación cos restantes aeroportos galegos.

Para o portavoz nacionalista "é hora de avanzar na constitución do Sistema Aeroportuario Galego, facilitando a accesibilidade das tres terminais a través de vías de alta capacidade como a AP9 e os camiños de ferro. Para Albedro, e para as persoas que vivimos na Área Metropolitana da Coruña, iso traería moitos máis beneficios que calquera ampliación das actuais instalacións aeroportuarias."

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O pleno aproba a proposta de resolución do contrato da Garrocha como demandaba desde hai anos o BNG

28 Setembro 2018

O Pleno Municipal aprobou a proposta de incoación de expediente de resolución do contrato para a explotación e mantemento do Complexo Deportivo Municipal da Garrocha, despois de que o BNG de Culleredo preguntara en repetidas ocasións nos últimos anos pola situación deste contrato.

De acordo coa información á que se tivo acceso, non consta o pago das últimas anualidades do canon correspondente, que ascende actualmente de 24.000€ anuais. Tampouco consta a resolución do expediente de reversión iniciado en 2012 precisamente por impago do canon, por un importe acumulado que xa superaba daquela os 120.000€

Ademais das dúbidas do cumprimento das súas obrigas económicas, tamén existen dúbidas do cumprimento doutras obrigas referidas ao mantemento das instalacións e aos servizos que a concesionaria estaría obrigada a ofertar.

Tono Chouciño interpelou no Pleno aos concelleiros con responsabilidades nas áreas afectadas, as de medio ambiente e de contratación, entre os que figura o propio alcalde, sen obter contestación pola súa parte, algo xa habitual.

Indicou que o aval bancario é de 120.000€, "que á vista da situación das instalacións e da débeda contraída, non chega a nada. Podíase ter

executado hai moito tempo, desde que nós levamos reclamándoo, cun só aviso á entidade bancaria".

Para o voceiro nacionalista é importante aclarar os prexuízos causados ao Concello e depurar responsabilidades "por un simple principio de igualdade xurídica, aquí se estivo a consentir o impago de grandes cantidades co Concello durante moito tempo e non se vixiou que se cumprise co establecido no contrato. Os responsábeis terán que dar explicacións, por moito que intenten buscar chivos expiatorios".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Non prospera a proposta do BNG de investigar a obra do Río Trabe

29 Setembro 2018

A proposta do BNG de investigar a obra do Río Trabe non prosperou no pleno do pasado xoves polo bloqueo do goberno e os seus colaboradores necesarios, Marea e Ciudadanos, que se abstiveron na votación da moción, que si foi respaldada polo resto dos grupos da oposición.

Tal e como denunciou o BNG en reiteradas ocasións, a obra executada non se corresponde co proxecto aprobado, incluíndose modificacións sen constar estudos técnicos previos. A inclinación do muro de contención pasou do 25% ao 50% e até o 60%, verificábel a simple vista, que podería dar lugar a novos derrubamentos.

Segundo un informe do Xefe do Servizo de Arquitectura e Urbanismo existen graves diferenzas entre o proxecto orixinal e o executado en temas como o sistema previsto, o tramo de actuación, a pendente ou materiais empregados. Manifesta tamén este Xefe de Servizo que a obra se executa nun solo de especial protección de ribeiras e canais, onde a Lei 2/2016 de Solo de Galiza impide este tipo de actuacións.

As irregularidades detectadas motivaron tamén que o servizo do PACPRONA da Garda Civil dese traslado ao Xulgado das mesmas, e o informe contrario da Intervención municipal á recepción da obra.

Tono Chouciño lembra que cando se denunciaron estas irregularidades o actual alcalde, José Ramón Rioboo, era Concelleiro de Obras, Servizos, Medio Ambiente e Seguridade, polo que tiña as principais responsabilidades na materia, e xa como alcalde permitiu a continuidade da obra a pesar de contar xa con informes en contra.

Para o representante do BNG "*é incomprensíbel que dúas formacións que se denominan "renovadoras" colaboren co goberno municipal para ocultar o que puido ocorrer cun contrato negociado sen publicidade, por un importe superior aos 140.000€, e que acumula tantas irregularidades como as detectadas neste; irregularidades que poden afectar á seguridade estrutural do paseo*".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG propón modificacións na taxa pola subministración de auga potábel

6 Outubro 2018

O Concello de Culleredo está desde o ano 2015 sen contrato do servizo de abastecemento de auga potábel, estando a prestar o servizo en precario a empresa que resultou adxudicataria do mesmo no ano 1989, 26 anos antes.

En 2014 o seu contrato fora prorrogado un ano máis cos informes en contra da Intervención e da Secretaría municipais. Tempo despois de que esa prórroga vencera o Goberno Municipal, daquela dirixido por Julio Sacristán e con José Ramón Rioboo de primeiro tenente de alcalde, presentou uns pregos de contratación nos que a empresa concesionaria debería abonar un canon de 50.000€ unha vez descontados os custos da prestación do servizo.

Aínda que ese proceso de contratación foi anulado polo Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais por non axustarse aos tipos de contratación legalmente establecidos, o BNG de Culleredo entende que o estudo económico no que se basou a súa esixencia seguiría a ter vigor, e a empresa concesionaria estaría a beneficiarse de 10.000€ anuais que deberían ir ás arcas municipais.

O voceiro nacionalista, Tono Chouciño, atendendo ao requerimento do Goberno Municipal de ideas para mellorar os regulamentos fiscais, propón que esa cantidade prevista como canon mínimo nos pregos de contratación presentados polo

Goberno Municipal en 2015 sexa descontada dos recibos que pagan os veciños e veciñas de Culleredo. Na mesma liña, solicita o establecemento de descontos pola mala calidade na prestación do servizo, descontos que se graduarían en función dos días nos que este é deficiente, tal e como teñen reclamado numerosos veciños e veciñas perante os repetidos incidentes de turbidez das augas. A terceira modificación solicitada é que se estude a posibilidade de pasar ao cobro o recibo unha vez finalizado o período de recurso que todo cidadán ten dereito a exercer. Na actualidade a taxa cóbrase antes de expirar ese prazo.

Tono Chouciño lembra que a principios de este ano o Alcalde, José Ramón Rioboo, e a concelleira de Patrimonio e Contratación, Marta Iglesias, prometeron licitar o servizo no primeiro semestre de 2018, *"estamos en outubro e segue sen licitarse o concurso, nen ten trazas de ser licitado en breve. Sendo este un servizo servizo básico debemos procurar un reparto máis xusto da carga tributaria, polo que entendemos que estas modificacións deberían ser facilmente asumíbeis polo actual Goberno Municipal"*.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG demanda os informes das alternativas para a conexión da AP9, Aeroporto e Terceira Rolda

13 Outubro 2018

O Pleno Municipal celebrado o pasado 28 de xuño en Culleredo aprobou por unanimidade a demanda do BNG de solicitar á Xunta e a Fomento un estudo rigoroso das alternativas para a conexión a autoestrada AP9 co aeroporto de Albedro e a terceira rolda (AC14).

A moción aprobada incluía a publicación do informe xunto coas oportunidades e ameazas que suporía cada unha das opcións, de xeito que os veciños e veciñas de Culleredo poidan coñecer os motivos que fundamentan a escolla que se efectúe no seu debido momento.

Con posterioridade, o Goberno Municipal anunciou que os técnicos municipais estudaban un acceso para a AP9 a través da AC213 en Almeiras, estudo do que tampouco se volveu saber nada. Esta conexión poderíase considerar unha versión recortada da que xa figuraba no Plan Move 2010-2015 da Xunta, cun custo de 2,5 millóns de euros, e que incluía ademais a conexión coa N550.

Despois de máis de 3 meses sen coñecer ningún avance, nen do estudo demandado unánimemente polo Pleno para a conexión da AP9 coa AC14, nen do estudo dos técnicos municipais para o enlace da AC213, esta semana soubemos que o Goberno do Estado está a deseñar un novo proxecto para o vial 18, que serviría de conexión entre a AP9 e a terceira rolda, e que previsiblemente disparará o seu custo económico.

Por esta razón o voceiro municipal do Bloque, Tono Chouciño, preguntará ao Goberno Municipal polas xestións que realizou para demandar da Xunta e do Fomento o informe solicitado, segundo o acordado de xeito unánime polo Pleno, e polo informe dos técnicos municipais *"hai máis de tres meses e non volvimos saber nada, e estamos a falar de un proxecto como o do vial 18 que pode chegar aos 30 millóns de euros, un elevado custo económico e un importante impacto social e medioambiental no noso Concello"*.

Para o representante nacionalista *"habendo alternativas dez veces máis económicas, que servirían para conectar a AP9 co aeroporto e a terceira rolda e que tamén poderían axudar a mellorar o tráfico no Burgo, desconxestionando o tráfico na franxa urbana de Culleredo, é imprescindible que a veciñanza coñeza a que intereses obedece a insistencia nunha opción máis cara e con máis afeccións e que seguiría sen solventar o acceso á AP9 dende Culleredo"*.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG solicita un informe sobre a posible afectación do proxecto do Casino a propiedades municipais

21 Outubro 2018

O BNG de Culleredo solicita do Goberno Municipal a iniciación dun expediente de comprobación sobre a afectación do "Plan de equipamentos en solo rústico do Casino da Coruña" a propiedades municipais ou que nalgún momento foron tuteladas polos organismos públicos debido á súa condición veciñal ou comunal.

Existen indicios de que cando menos parte do antedito proxecto puidera ocupar terreos de propiedade pública. No ano 1996 varias persoas reclamaron a declaración de diversos terreos nesa zona como monte veciñal perante o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña. Ao estar en cuestión o dominio dos predios este Xurado determinou que a competencia para resolver era dos tribunais de Xustiza ordinarios.

Nese mesmo ano o Concello de Culleredo asinou un acordo coa asociación de veciños para apoiar as reivindicacións e as accións xudiciais. En contrapartida os terreos pasarían, unha vez recuperados, ao dispor do Concello para uso público.

O BNG de Culleredo non ten constancia de que o Concello de Culleredo agotara a vía da Xustiza ordinaria como lle se lle indicou dende o Xurado Provincial, como se comprometeu coa Asociación de Veciños, e como lle corresponde facer para a defensa dos bens públicos.

Para Tono Chouciño, representante do BNG, é preciso que os servizos municipais fagan as indagacións precisas para determinar a propiedade deses terreos. *"Podemos estar ante un caso de abandono das súas responsabilidades por parte do Goberno Municipal de Culleredo, que tería preferido que o tema esmorecese e caese no esquecemento polo cansanzo veciñal. Pero aínda estamos a tempo de impedir que o dano causado aumente e exixir as correspondentes responsabilidades, e intentaremos que así sexa"*.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Solicitud de informe sobre a afectación do Proxecto de ampliación do Casino a parcelas públicas ou comunais

24 Outubro 2018

Tras ser rexeitada polo Goberno Municipal nas Comisións Informativas da semana pasada, no Pleno deste xoves reiteraremos a petición de apertura dun expediente de comprobación sobre a afectación do "Plan de equipamentos en solo rústico do Casino da Coruña" a propiedades municipais ou en man común.

A iniciativa conta co apoio de concelleiros de Alternativa dos Veciños, Marea Veciñal e da concelleira non adscrita, para cumprir coa exigencia do Regulamento Orgánico que establece un terzo dos membros da Corporación.

De acordo coa documentación á que tivo acceso o BNG de Culleredo, xa no 1901 se recollía a existencia de "montes de los pueblos" na Zapateira, entre o Monte Común do Espiño, a parroquia de Culleredo e a de Morás. No ano 1958 a parcela que actualmente ocupa o Casino aínda constaba rexistrada no Catastro a nome do Estado.

Esta é a forma que constan en múltiples casos os montes veciñais debido ao invencionismo administrativo sobre eles durante os séculos XIX e XX. Pero hai que lembrar que o monte veciñal é imprescriptible e inalienable.

Segundo o portavoz nacionalista, Tono Chouciño, "as probas documentais, xunto coas testemuñas que nos foron chegando de veciños e veciñas de Vilaboa, son indicios abondo para

que o Concello realice as pesquisas pertinentes, tal e como se comprometeu por medio dun Convenio asinado coa Asociación de Veciños de Rutis, e para que actúe despois en consecuencia".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

O BNG lamenta a opacidade do Goberno Municipal cos fondos EDUSI

31 Outubro 2018

O representante do BNG no Concello de Culleredo, Tono Chouciño, lamentou a opacidade coa que o Goberno Municipal está a manexar as inversións dos fondos europeos DUSI. Nese sentido, puxo como exemplo a desaparición na páxina web do proxecto, Culleredovivo, do histórico do procedemento de selección de proxectos.

Mostra desa opacidade coa que o Goberno Municipal está a xestionar a estratexia DUSI, e da súa falta total de iniciativa, tamén é que dous anos despois da elección dos proxectos o Goberno Municipal poña en marcha un Grupo de Acción Urbano "para impulsar a participación cidadá".

Para Tono Chouciño a participación cidadá debía terse buscado dende o primeiro momento. Lamentou o retraso con que o Goberno Municipal presentaba a formación dun órgano participativo, o Grupo de Acción Urbano, cando hai máis dun ano dicían que ese órgano de participación sería o Consello Xeral de Participación Cidadá.

O portavoz nacionalista lembrou que no seu momento o BNG realizou unha pequena mostraxe entre veciños e veciñas de Culleredo sobre a páxina web Culleredovivo, e había cuase unanimidade en que non se entendía e non animaba a presentar propostas sobre as necesidades que a veciñanza detectaba no seu entorno máis próximo.

"Agardamos que este novo órgano teña un funcionamento realmente aberto e participativo e non debeña nun mero tramitador das propostas do equipo de Goberno, como nos ten acostumado o Goberno Municipalo, restándolle atribucións a un órgano xa existente que tería esas atribucións outorgadas polos regulamentos de participación cidadá do Concello, pero que se cadra é menos doado de manexar".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo catro anos coas ideas claras

Esiximos ao Goberno Municipal responsabilidade no expediente da Garrocha

29 Novembro 2018

O BNG de Culleredo exige do Goberno Municipal maior responsabilidade na tramitación do expediente de rescisión do contrato de explotación do Complexo Deportivo Municipal da Garrocha, ao comprobar a semana pasada que aínda non lle tiña sido notificado a apertura do expediente aos responsábeis da empresa concesionaria.

Para Tono Chouciño é "*sorprendente*" que en dous meses o Goberno Municipal, segundo recoñeceron nas Comisións Informativas da semana pasada, non conseguira entregar unha notificación "*nun recinto propiedade municipal aberto ao público, a 800 metros da Casa do Concello, e cando o Concello conta cun notificador na súa plantilla*".

O representante nacionalista lembra que o Concello pode ter que afrontar unhas perdas "*superiores a varios centos de miles de euros, sen contar coas derivadas do deterioro das instalacións, que se sumarán ás do CLT e ao millón e medio que tivemos que pagar polos terreos do CEIP Ría do Burgo. É o momento de frear esta sangría e exixir responsabilidades*".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Inquietude polo retraso na convocatoria das subvencións anuais ás asociacións

1 Decembro 2018

O BNG de Culleredo levou ao Pleno municipal do pasado xoves a inquietude que distintas asociacións nos teñen trasladado porque as subvencións anuais, correspondentes ao presente exercizo, non teñan aínda sido convocadas.

Esta inquietude púxose de manifesto nos distintos consellos sectoriais celebrados a semana pasada. Neles os representantes do Goberno Local limitáronse a contestar que serían convocadas "en breve", pero sen dar máis información.

A convocatoria das axudas municipais é un trámite que se repite anualmente e que debía estar totalmente prevista. O seu retraso dificulta o funcionamento normal das asociacións e a posta en marcha das súas iniciativas.

Tono Chouciño amosou o seu apoio a estas asociacións *"que con a dedicación de tempo e de esforzo persoal polas persoas socias desenvolven actividades que benefician ao conxunto da sociedade favorecendo unha dinámica social que debe ser fomentada e coidada e non sometida a estas incertezas"*.

O voceiro nacionalista lamentou a resposta do Alcalde no Pleno limitándose a dicir que estaban "en trámite", pois *"non serve para despexar nengunha dúbida, senón para incrementar o grao de incerteza e inquedaanza, todo o contrario da confianza que dende o seu cargo público debería transmitir aos seus veciños e veciñas"*.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG rexeita a Conta Xeral do 2017 presentada polo Goberno Municipal

6 Decembro 2018

O BNG amosou no último pleno o seu rexeitamento ás Conta Xeral do 2017 presentada polo Goberno Municipal, por consideralas unha burla á veciñanza do Culleredo, xa que supoñen dar por boas importantes perdas económicas para o Concello.

Tono Chouciño manifestou que esas contas recollen centos de miles de euros en pagos que contan cos reparos da Intervención e da Secretaría municipais, que lle lembran insistentemente ao Goberno Municipal que a contratación verbal está prohibida para as Administracións Públicas, sendo nula de pleno dereito.

Lembou tamén que nelas está incluído o segundo pago do millón e medio de euros pagado por 3000 metros cadrados de zona verde, obrigados por sentenza xudicial, ou os pagos á empresa encargada da limpeza viaria, sen contrato dende 2012.

En cambio non inclúen a taxa anual que debería pagar a empresa concesionaria do Complexo Deportivo Municipal da Garrocha. Tampouco inclúen a que debería pagar a concesionaria da subministración de auga potábel, se se tivera contratado como é obrigatorio por Lei e de acordo cos últimos pregos de contratación presentados hai catro anos, mentras o servizo segue a prestarse sen contrato.

Segundo o portavoz nacionalista estas contas deberían tamén recoller para o patrimonio público as instalacións do CLT, que non reverteron ao patrimonio municipal tal e como indicaba o informe da Secretaría municipal, ao non ser incluídas na súa liquidación".

Para Tono Chouciño *"esta perda patrimonial, que prexudica a toda a veciñanza do noso Concello, debería ter derivado na depuración de responsabilidades, como nós solicitamos no Pleno, non prosperando polo apoio dos representantes da "nova política" ao goberno do PSOE, unha mostra da súa nula aportación á rexeneración que tanta falla fai en Culleredo"*.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG solicita o acondicionamento do solar da Costa da Lonxa

15 Decembro 2018

O BNG de Culleredo ten feito ao Goberno Municipal varias propostas de acondicionamento para o uso público do solar municipal da Costa da Lonxa.

Malia estas propostas e as numerosas queixas recibidas polo uso privativo do mesmo por un local de hostelería próximo, o Goberno de José Ramón Rioboo segue sen levar adiante ningún tipo de actuación para a súa recuperación e adecuación.

Tono Chouciño lembra que "o uso deste solar xa foi motivo de investigación xudicial diante das denuncias de funcionarios municipais que remitían a informes desfavorábeis á situación de uso privado como aparcamento que aínda ten, cando xa hai unha sentenza xudicial que declara o carácter público de gran parte do mesmo. Non hai xustificación posíbel para a deixadez e inacción do Goberno Municipal".

Para o portavoz nacionalista "Culleredo está paralizado pola inactividade do Goberno Municipal, agravada dende a chegada á alcaldía do José Ramón Rioboo, ocupado en conxugar un "futuro imperfecto" con contínuos anuncios que tarde ou nunca se fan realidade".

"Culleredo e a súa veciñanza merecen algo mellor, e no BNG estamos traballando para darllo. No entanto, agardamos que entre os proxectos que se escollan para presentar ao POS+ da Deputación o Goberno Municipal inclúa a proposta do BNG para este espazo".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

A denuncia do BNG perante a Fiscalía precipita a rescisión do contrato da Garrocha

22 Decembro 2018

A denuncia presentada polo BNG perante a Fiscalía polas continuas dilacións no referente á Garrocha, tivo como resultado a aprobación da resolución do contrato de xestión nun pleno convocado con carácter urxente, que tivo lugar o pasado xoves.

O portavoz do BNG lamentou "*ter que chegar a estes extremos para conseguir que o Goberno Municipal faga o que é a súa obriga, velando polos intereses do Concello e da súa veciñanza*".

A documentación presentada polo Goberno Municipal permitiunos coñecer o importe total da débeda contraída pola empresa concesionaria, que ascende a 326.609€, moi superior ao aval depositado, 120.000€.

Tamén serviu para pór de manifesto outra vez o escurantismo do Goberno Municipal, pois no informe conxunto da Secretaria e da Intervención municipais se manifesta que a documentación do expediente ao que tiveron acceso as funcionarias estaba incompleto, faltando un informe do Xefe de Servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras, de marzo de 2016, sobre deficiencias na conservación das instalacións, e documentación sobre a cumprimento de distintos trámites procesais.

Para Tono Chouciño "*é importante recuperar unhas instalacións que poden axudar a cubrir a demanda existente, mesmo ampliando a oferta, e constituírse nun referente a nivel comarcal. E non é menos importante saber por que se lle permitiron á concesionaria tantos*

incumprimentos, cando xa o BNG, estando no Goberno, impulsou un primeiro intento de resolución no 2011, e non foi até finais de 2018 que, a base de moito insistir, se conseguiu".

"É imprescindible que se depuren responsabilidades, tal e como propoñen as habilitadas nacionais, e que o Goberno Municipal se poña en contacto cos traballadores e traballadoras da instalación para ver o que vai pasar con eles agora que a concesión está rescindida".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O goberno do PSOE incumpre as resolucións do Pleno sobre o Vial 18

10 Xaneiro 2019

O Pleno Municipal celebrado o 28 de xuño en Culleredo aprobou, por unanimidade, a moción presentada polo BNG na que se demandaba a petición á Xunta e a Fomento de realización dun estudo sobre as alternativas de conexión entre a AP9 e o aeroporto, e a súa publicación antes de realizar a escolla entre as distintas opcións.

Das declaracións realizadas dende o Goberno Municipal de Culleredo despréndese que nestes case 7 meses non fixeron nengún tipo de xestión perante esas Administracións, nen mantiveron xuntanza algunha coas persoas afectadas.

"Ao día seguinte da aprobación da moción, que contou tamén cos votos a favor de PSOE e PP, o alcalde manifestou que o propio Concello levaría a cabo o estudo das alternativas. Que foi de aquelas promesas?", pregúntase o representante do BNG en Culleredo, Tono Chouciño

Para o BNG de Culleredo isto, xunto co estado de hibernación no que manteñen a aprobación do novo PXOM e o retraso en presentar os orzamentos para 2019, é unha mostra máis da total despreocupación do alcalde, José Ramón Rioboo, e da súa equipa de goberno, polo futuro do Concello e dos seus veciños e veciñas.

O BNG demandará explicacións ao Goberno Municipal no vindeiro Pleno, ao tempo que se intentará levar ao Parlamento Galego. "A Xunta tiña un proxecto para esta conexión entre a AP 9, o aeroporto e a terceira rolda a través da estación de servizo, cun custo de 2,5 millóns de euros. Queremos saber porqué se escolle unha opción que costa 25 millóns, 10 veces máis, cando eses cartos se podían destinar a proxectos de mobilidade sostíbel na comarca".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

Sanción ao Concello de Culleredo polas obras no Río Trabe

19 Xaneiro 2019

O Concello de Culleredo foi sancionado por Augas de Galiza por modificar o noiro do paseo fluvial do río Trabe sen autorización e incumprindo as condicións establecidas, tal e como denunciou o BNG de Culleredo en reiteradas ocasións.

Cómpre lembrar que estas obras están a ser investigadas tamén polo Xulgado nº 3, trala denuncia do servizo do PACPRONA da Garda Civil, e que o seu importe (140.000€) aínda non foi abonado á empresa adxudicataria.

Para o BNG de Culleredo é necesario depurar as responsabilidades a que houber lugar, repercutindo ás persoas responsábeis o sobrecooste que os seus actos poidan supoñer para o Concello. Pero en primeiro lugar débese asegurar que os cambios introducidos no proxecto durante a realización da obra non afecten á estabilidade da mesma.

O portavoz do BNG, Tono Chouciño, lamentou o xeito de actuar do goberno local. "O actual alcalde era nos tempos en que se fixo a obra Concelleiro responsábel de Obras e Medio Ambiente. Se daquela nos tivera feito caso a nós e aos técnicos municipais, agora non estaríamos falando de sancións ao Concello, e o Alcalde non estaría en risco de acabar como o alcalde tamén socialista de Cerceda, condenado a prisión e inhabilitación por unha obra de menos de 10.000€. Non queremos que un alcalde de Culleredo acabe así".

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG impulsa no Pleno os trámites para a recuperación do camiño de Orro a Ledoño

27 Xaneiro 2019

En xaneiro de 2018 o Pleno de Culleredo aprobou por unhanimidade unha moción do BNG para a recuperación do camiño de Ledoño a Orro. No debate da moción contouse coa intervención dun representante veciñal, que deu conta dos beneficios para a comunidade da recuperación deste camiño, pois na actualidade teñen que empregar as estradas DP-0510 e AC-523, co conseguinte risco para os peóns.

Transcurrido un ano, o BNG volve levar o asunto ao pleno, á vista da ausencia de novas sobre calquera tipo de xestión do Goberno Municipal para a recuperación deste camiño.

Na moción presentada detállase como o antigo camiño foi dado de baixa para levar a cabo neses terreos unha estación intermodal no ámbito do Centro Loxístico de Transportes de Ledoño, pero os terreos non chegaron nunca a ser usados para ese fin.

Tono Chouciño manifestou a necesidade de que os acordos plenarios sexan levados a cabo. "Neste mandato foron numerosas as mocións que levamos a Pleno e que foron aprobadas polo mesmo, pero ás que despois o Goberno Municipal non deu cumprimento, amosando unha total falta de respecto do Goberno Municipal cara a institución e a veciñanza que representa."

Dado que a moción aprobada por unanimidade en xaneiro de 2018 quedou esquecida pola desgana e inacción do Goberno Municipal, a nova moción presentada polo BNG inclúe o acordo plenario de que se inicie o expediente para a recuperación dos terreos do antigo camiño e se reincorporen ao inventario municipal, paso previo á súa reconstrución, xa que a enaxenación dun ben patrimonial é competencia do Pleno Municipal.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O Pleno aproba a iniciativa do BNG para recuperar o camiño de Orro-Ledoño

2 Febreiro 2019

O Pleno Municipal do pasado xoves aprobou a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego para dar os primeiros pasos na recuperación do camiño tradicional de Ledoño a Orro, cortado polas obras inacabadas do Centro Loxístico de Transporte.

A proposta aprobouse co apoio de todos os grupos, agás o PSOE e a Marea, malia o alcalde intentar a súa retirada sen dar máis explicación que insinuacións inintelixíbeis. Agora o Concello terá que iniciar o expediente para a recuperación dos terreos do antigo camiño e reincorporalos ao inventario municipal.

Tono Chouciño, voceiro nacionalista, lembrou que é o Pleno quen ten a competencia da allear un ben patrimonial e, en consecuencia, tamén para recuperalo, polo que a resolución era plenamente executiva.

Para o representante do BNG "é importante que cun só representante na Cámara Municipal, e traballando con seriedade e rigor, sexamos capaces de pór proxectos coma este en marcha, vencendo a incapacidade manifesta do goberno do PSOE."

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG de Culleredo urxe ao concello a convocar a reunión informativa sobre o Vial 18

9 Febreiro 2019

O BNG demanda ao alcalde de Culleredo que convoque xa unha reunión coa veciñanza, acompañado de técnicos que poidan atender as preguntas e resolver as múltiples dúbidas que están xurdindo sobre o Vial 18.

No último Pleno o BNG fixo este rogo ao alcalde que replicou dicindo que se convocaría en breve, pero cada vez queda menos tempo para presentar alegacións e segue sen haber convocatoria para esa xuntanza.

Precisamente unha das dúbidas existentes é sobre ese prazo de alegacións, que segundo a páxina web de Fomento sería o 4 de marzo. O BNG de Culleredo solicitou a aclaración deste termo ao Ministerio, sen aínda ter obtido resposta.

A aclaración deste punto é importante para a aprobación en Pleno das alegacións que se presenten dende o Concello de Culleredo. Para o portavoz do BNG, Tono Chouciño, “a fiabilidade do Goberno de José Ramón Rioboo na convocatoria dos Plenos e en todo o referido a procesos participativos coa veciñanza, é totalmente nula. O Pleno ordinario de decembro foi cancelado coa promesa de convocar un extraordinario os primeiros días de xaneiro, que nunca chegou, igual que nunca chegou a segunda asemblea informativa sobre o Plan Director do aeroporto de Albedro. No Pleno de xaneiro falou de que nun prazo de 10 ou 12 días convocaría un Pleno extraordinario, pero o tempo pasa e a día de hoxe nada sabemos.”

Para o BNG as supostas “negociacións” do Goberno Municipal co Ministerio de Fomento non diminúen a inquietude sobre a utilidade deste Vial 18 para os veciños e veciñas de Culleredo, ao non contar con entradas nin saídas á vía principal.

Tampouco se tiveron noticias dos anunciados estudos de viabilidade de realizar o acceso á AP9 a través da área de servizo en Almeiras, un vial proxectado que tería un custo 10 veces inferior ao do Vial 18 e que daría servizo a toda a zona urbana de Culleredo e ao aeroporto.

Neste sentido, Tono Chouciño lembra “as moitas débedas que a AP9 ten aínda pendentes con Culleredo, ademais da conexión en Almeiras: a ampliación do túnel de acceso ao colexio Isaac Díaz Pardo, o aillamento na zona de Castro e Laxe, a ampliación do taboleiro das pontes de Vilaboa e a Costa da Lonxa, para acoller unhas beirarrúas propias dunha contorna urbana, ou o soterramento da AP9 na súa intersección coa N550, etc... Agora é a ocasión de falar de todas elas, antes de que sexa demasiado tarde.”

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG leva o Vial 18 ao Parlamento Galego

15 Febreiro 2019

O BNG formulou unha pregunta no Parlamento Galego sobre a conexión da AP9, o aeroporto e a terceira rolda, perante o proxecto do Vial 18 presentado polo Ministerio de Fomento e sometido actualidade a información pública.

Para Tono Chouciño, portavoz do BNG en Culleredo, “é imprescindíbel e urxente dar contestación á inquietude xerada por este proxecto entre a veciñanza de Vilaboa e Castro-Laxe, e á vista da inoperancia do Goberno Municipal, vémonos na obriga de impulsar iniciativas que salvagarden os dereitos dos nosos veciños e veciñas”.

O portavoz nacionalista fai fincapé en que "o proxecto do Vial18 vai vinculado a outro aínda non publicado, do que acabamos de ter noticia pola propia documentación do Vial18, e que implica a ampliación da autoestrada a catro carrís por sentido por sentido entre a entrada da Barcala e novo enlace entre o monte Alfeirán e o da Zapateira. Un proxecto que non foi sometido a nengún tipo de información pública nen conta con estudos ambientais nen de nengún tipo, e que parece que se nos quere colar pola porta de atrás”.

Tono Chouciño solicita do Goberno Municipal a convocatoria urxente dunha asemblea informativa aberta. “O Goberno Municipal debe saír do búnker onde parece estar metido e aclarar as dúbidas da veciñanza e explicarlles con claridade as afectacións que terán estes proxectos, antes de que remate o prazo de alegacións e sexa demasiado tarde”.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O BNG presenta unha moción urxente en apoio ás súas alegacións ao proxecto do Vial 18

24 Febreiro 2019

O Bloque Nacionalista Galego de Culleredo presentou o pasado mércores día 20, dentro do prazo legal, un escrito de alegacións ao proxecto de Vial 18 no rexistro da Delegación do Goberno, na Coruña.

O BNG presentará tamén no rexistro do Concello de Culleredo unha proposta de apoio a esas alegacións, despois de que esta semana os membros do Goberno Municipal non souberan aclarar se se presentaran alegacións ou non, tras ser preguntados tanto nas comisións informativas, como na Xunta de Voceiros, que presidía unha vez máis o tenente de Alcalde ao ausentarse tamén unha vez máis o Sr. Rioboo.

O prazo legal para presentar alegacións, segundo o cómputo establecido no anuncio do BOE remataba o pasado mércores 20, aínda que a páxina web do ministerio indica aínda a día de hoxe que hai prazo para presentar "propostas" até o próximo día 4 de marzo. O BNG de Culleredo tentou aclarar este punto a través do portal de transparencia e por vía telefónica, sen obter resposta de Fomento.

O escrito de alegacións presentado solicita a retirada do proxecto, xa que leva implícito outro proxecto que non se publica, e que descoñecemos se conta cos correspondentes informes, o cal prevé a ampliación da autoestrada a catro carrís por sentido no treito entre a área de servizo da A9 en Almeiras e o monte Alfeirán. Isto suporía a transformación

de toda a área urbana de Culleredo ao seu paso, afectando a colexios, centro de saúde, instalacións deportivas, viais e vivendas.

O proxecto do Vial 18 presentado escolle a opción de mobilidade máis cara, fronte á conexión a través da área de servizo, cun custo estimado en documentos oficiais dunha décima parte do proxecto actual; ignorando o acordo plenario do Concello de Culleredo, tomado por unanimidade, no que se demandaba analizar esta opción que proporcionaría, ademais da utilidade buscada de conectar a autoestrada coa terceira rolda, tamén a conexión con todo o término municipal de Culleredo, e a reclamación histórica de conexión co aeroporto de Albedro.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras

Culleredo

catro anos

coas ideas claras

O Pleno Municipal apoia as alegacións do BNG ao Vial 18

2 Marzo 2019

O Pleno Municipal celebrado o pasado xoves aprobou a moción urxente en apoio das alegacións presentadas polo BNG de Culleredo ao proxecto do Vial 18, co apoio do grupo de Alternativa dos Veciños e da edil non adscrita, e a abstención dos restantes grupos.

Tono Chouciño lembrou que o Pleno aprobara en xuño do ano pasado por unanimidade a realización dun estudo das alternativas para a conexión entre a AP9, a terceira rolda e o aeroporto, que incluíse a alternativa da conexión a través da área de servizo da autoestrada en Almeiras. Para o portavoz nacionalista “unha vez máis o Goberno do Sr. Rioboo fixo caso omiso das resolucións do Pleno, desprezando as súas resolucións, aínda que vote a favor e logo as anuncie como logros propios na prensa”.

Lembrou tamén o importante impacto que terá o proxecto sobre o territorio e a súa afectación á vida dos veciños e veciñas de Culleredo, ao prever que a autoestrada pase a 8 carrís nun entorno plemente urbano afectando a vivendas, centros educativos e sanitarios, sen incluír ningunha medida correctiva nos puntos que xa agora presenta deficiencias, como os accesos ao colexio Isaac Díaz Pardo, as deficientes beirarrúas das pontes, ou a nula insonorización.

O edil do BNG lamentou as declaracións posteriores do Sr. Alcalde de Oleiros, Ángel Seoane, apoiando o proxecto e desautorizando aos edís do seu partido en Culleredo, que votaran a favor das alegacións, un par de días despois de anunciar o nomeamento da candidata.

#Culleredo
#CoasIdeasClaras